

CPI CERNADAS DE CASTRO

PROGRAMACIÓN 2º CICLO (4EP) EDUCACIÓN PRIMARIA



CURSO 2014-2015

ÍNDICE

1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	8
1.1 Presentación.....	8
1.2 Fundamentación legal.....	9
1.3 Contexto sociocultural.....	11
1.4 Características do centro.....	13
2 OBXECTIVOS.....	16
2.1 Área de matemáticas.....	16
2.2 Área de lingua castelá e literatura.....	18
2.3 Área de lingua galega e literatura.....	21
2.4 Área de coñecemento do medio natural, social e cultural.....	24
2.5 Área de educación artística.....	27
2.5.1 Educación plástica.....	27
2.5.2 Educación musical.....	29
2.6 Área de lingua inglesa.....	31
2.7 Área de educación física.....	33
2.8 Área de relixión católica.....	35
3 CONTIDOS.....	38
3.1 Área de matemáticas.....	38
3.2 Área de lingua castelá e literatura.....	43
3.3 Área de lingua galega e literatura.....	49
3.4 Área de coñecemento do medio natural, social e cultural.....	55
3.5 Área de educación artística.....	65
3.5.1 Educación plástica.....	65
3.5.2 Educación musical.....	69
3.6 Área de lingua inglesa.....	73
3.7 Área de educación física.....	78
3.8 Área de relixión católica.....	83
4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN CON REFERENCIA ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS..	90
4.1 Área de matemáticas.....	90
4.2 Área de lingua castelá e literatura.....	92
4.3 Área de lingua galega e literatura.....	94

4.4 Área de coñecemento do medio natural, social e cultural.....	96
4.5 Área de educación artística.....	98
4.5.1 Educación plástica.....	98
4.5.2 Educación musical.....	99
4.6 Área de lingua inglesa.....	101
4.7 Área de educación física.....	103
4.8 Área de relixión católica.....	104
5 MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	106
5.1 Área de matemáticas.....	106
5.2 Área de lingua castelá e literatura.....	108
5.3 Área de lingua galega e literatura.....	111
5.4 Área de coñecemento do medio natural, social e cultural.....	113
5.5 Área de educación artística.....	116
5.5.1 Educación plástica.....	116
5.5.2 Educación musical.....	118
5.6 Área de lingua inglesa.....	119
5.7 Área de educación física.....	120
5.8 Área de educación relixiosa católica.....	121
6 PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.....	123
6.1 Áreas dos titores.....	124
6.1.1 Principios da avaliación.....	124
6.1.2 Modalidades de avaliación.....	124
6.1.3 Criterios de avaliación.....	127
6.1.4 Promoción do alumnado.....	129
6.2 Área de educación musical.....	130
6.3 Área de lingua inglesa.....	131
6.4 Área de educación física.....	132
6.5 Área de relixión católica.....	134
7 DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	135
7.1 Área de matemáticas.....	136
7.2 Área de lingua castelá e literatura.....	137
7.3 Área de lingua galega e literatura.....	138
7.4 Área de coñecemento do medio natural, social e cultural.....	139
7.5 Área de educación artística.....	140

7.5.1 Educación plástica.....	140
7.5.2 Educación musical.....	141
7.6 Área de lingua inglesa.....	142
7.7 Área de educación física.....	145
7.8 Área de relixión católica.....	146
8 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	147
8.1 Áreas dos titores.....	147
8.2 Área de educación artística.....	148
8.2.1 Educación plástica.....	148
8.2.2 Educación musical.....	149
8.3 Área de lingua inglesa.....	150
8.4 Área de educación física.....	151
8.5 Área de relixión católica.....	152
9 ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A DITA RECUPERACIÓN.....	154
9.1 Áreas dos titores.....	154
9.2 Área de educación musical.....	155
9.3 Área de lingua inglesa.....	156
9.4 Área de relixión católica.....	171
10 METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR.....	172
10.1 Áreas dos titores.....	172
10.1.1 Principios metodolóxicos.....	172
10.1.2 Agrupamento do alumnado.....	177
10.1.3 Organización dos espazos.....	178
10.1.4 Organización dos tempos.....	179
10.2 Área de educación musical.....	180
10.3 Área de lingua inglesa.....	181
10.4 Área de educación física.....	182
10.5 Área de relixión católica.....	184
11 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	185
11.1 Áreas dos titores.....	185
11.2 Área de educación musical.....	187
11.3 Área de lingua inglesa.....	188
11.4 Área de educación física.....	190

11.5 Área de relixión católica.....	191
12 ADAPTACIÓNS CURRICULARES.....	192
13 PROGRAMACIÓ DA EDUCACIÓ EN VALORES.....	193
13.1 Áreas dos titores.....	194
13.2 Área de lingua inglesa.....	196
13.3 Área de educación física.....	197
13.4 Área de relixión católica.....	200
14 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓ AO PROXECTO LECTOR.....	202
14.1 Plan lector das titoras de 4º de Primaria.....	206
14.1.1 Obxectivos.....	206
14.1.2 Actividades.....	207
14.1.3 Recursos.....	214
14.1.4 Avaliación.....	214
14.2 Plan lector de educación musical.....	215
14.2.1 Obxectivos.....	215
14.2.2 Actividades.....	215
14.2.3 Recursos.....	216
14.2.4 Avaliación.....	216
14.3 Plan lector de lingua inglesa.....	217
14.3.1 Obxectivos.....	217
14.3.2 Actividades.....	217
14.3.3 Recursos.....	220
14.3.4 Avaliación.....	220
14.4 Plan lector de educación física.....	221
14.4.1 Obxectivos.....	221
14.4.2 Actividades.....	221
14.4.3 Recursos.....	222
14.4.4 Avaliación.....	222
14.5 Plan lector de relixión católica.....	223
14.5.1 Obxectivos.....	223
14.5.2 Actividades.....	223
14.5.3 Recursos.....	224
14.5.4 Avaliación.....	224
15 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓ AO PLAN TIC.....	225
15.1 Áreas dos titores.....	225

15.2 Área de educación musical.....	226
15.3 Área de lingua inglesa.....	228
15.4 Área de relixión católica.....	229
16 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	230
17 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	231
18 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.....	232
18.1 Áreas dos titores.....	232
18.2 Área de educación musical.....	234
18.3 Área de lingua inglesa.....	235
18.4 Área de relixión católica.....	236
19 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	237
20 PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	239
21 DIRECTRICES DA C.C.P. QUE SE TEÑEN EN CONTA NESTA PROGRAMACIÓN.	240
22 MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.....	241
22.1 Áreas dos titores.....	241
22.2 Área de educación musical.....	243
22.3 Área de lingua inglesa.....	244
22.4 Área de relixión católica.....	245
23 CUMPRIMENTO CO ESTABLECIDO NO CURRÍCULO EN CADA ÁREA.....	246
24 PROGRAMACIÓNS DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS CURRICULARES.....	247
24.1 PAT 2º nivel.....	249
24.1.1 Área de matemáticas.....	249
24.1.2 Área de lingua castelá e literatura.....	302
24.1.3 Área de lingua galega e literatura.....	346
24.1.4 Área de coñecemento do medio natural, social e cultural.....	395
24.1.5 Área de educación artística: educación plástica.....	455
24.1.6 Área de educación artística: educación musical.....	472
24.1.7 Área de lingua inglesa.....	491
24.1.8 Área de educación física.....	553
24.1.9 Área de relixión católica.....	589

1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1 Presentación.

A presente programación didáctica realízase tendo en conta as competencias básicas, obxectivos, contidos e criterios de avaliación propostos no currículo oficial vixente que se reflicte no Decreto 130/2007, do 28 de xuño. A fase de creación do devandito documento faise tendo en conta que:

- O noso currículo é aberto e flexible, e está fundamentado por unha serie de correntes e fontes (pedagóxica, psicolóxica e epistemolóxica) que lle dan sentido e desta forma achégase máis á realidade escolar. Este currículo sofre unha serie de acomodacións xa que tanto a LOE como a lexislación que a completa danlles autonomía aos centros docentes á hora de acomodar as prescricións que delas emanan, polo que se fai necesario coñecer as características organizativas propias que posúe o centro educativo.
- O Proxecto Educativo permite que se establecen certos criterios mínimos a seguir por todos no centro educativo, así como as normas de organización e funcionamento, nos que se reflicten as sinais de identidade.
- A Programación Xeral Anual (P.X.A) marca as directrices a seguir durante o curso académico 2014/15 tendo sempre en consideración o pautado no Proxecto Educativo.
- O profesorado que compón o ciclo recoñece as súas funcións no Decreto 374/1996 polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos colexios de educación infantil e educación primaria, e a Orde que o regula do 22 de Xullo de 1997.

1.2 Fundamentación legal.

- Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación. (LODE)
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (LOE)
- Real Decreto 1513/2006, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á Educación Primaria.
- Real Decreto 276/2007, polo que se regula o novo procedemento de acceso á función pública docente.
- Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias
- Decreto 130/2007, de 28 de xuño, polo que se establece o currículo de educación primaria na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Real Decreto 443/01, de 27 de abril, sobre condicións de seguridade de transporte escolar e de menores, que recolle nenos e nenas que viven na vila e arredores.
- Orde do 23 de novembro de 2007, pola que se regula a avaliación na Comunidade autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- DECRETO 132/2013, de 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.
- Orde do 14 de xuño 2014 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2014/2015, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.3 Contexto sociocultural.

O Colexio Público Integrado “Cernadas de Castro” está situado no Concello de Lousame e máis concretamente no lugar da Silva. Situado no interior da ría de Muros e Noia, limita ao norte co concello de Brión, ao sur con Boiro e Rianxo, ao leste con Rois e Dodro e ao oeste con Porto do Son.

É un municipio de 93,6 quilómetros cadrados, con 3.621 habitantes (IGE, 2012), o que lle dá unha densidade de 38,7 habitantes por quilómetro cadrado (centil 48 dos concellos de Galicia) distribuídos en 83 entidades de poboación. Esa poboación distribúese polos vales fluviais, sen ningunha aglomeración urbana importante, constituíndo o concello menos densamente habitado entre os que ocupan a península do Barbanza. A casa consistorial está na aldea de Portobravo. Consta de 7 parroquias: *Camboño, Lousame, Fruíme, Lesende, Tállara, San Xusto de Toxosoutos e Vilacoba*. Estes datos fan do CPI Cernadas de Castro un centro educativo de carácter marcadamente rural, onde a dependencia do servizo de autobuses por parte do alumnado é case do 100%.

A idade media é de 48,5 anos (cun 30 % de maiores de 65 anos e un 10% de menores de 15) e cun saldo vexetativo de -35 (IGE 2012). Estes datos corresponden a unha pirámide poboacional de tipo regresivo cunha paulatina perda de poboación.

Aínda que este CPI está situado nunha zona rural, non responde ao esquema habitual de zona rural agrícola, pois o 50% da poboación activa (cun 9% de paro) ten como ocupación laboral algún traballo relacionado co sector servizos, sendo a distribución restante 24% sector da industria, 14% a construción e o 12% final, a agricultura. Mais, mantense unha relativa actividade relacionada coa economía de complemento (non remunerada e levada a cabo, sobre todo, polas mulleres e demais familiares) : traballo das terras e coidado dos animais. No relativo ás empresas radicadas no Concello, un 49% corresponden ao sector servizos, 39% á construción e o 12% restante á pequena industria, xa que ningunha supera os 20 traballadores (IGE 2012).

O nivel sociocultural é medio. O Concello de Lousame conta cos departamentos de Cultura, Xuventude e Deporte; o edificio da Casa da Cultura “Santeiro de Chave” alberga a biblioteca municipal, un salón de actos, unha aula de informática e a aula de Educación

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

de Adultos. Dende ela organízanse os obradoiros que xiran en torno ao Nadal, o Entroido, o Día das Letras Galegas, etc. Entre as súas actividades destacan o teatro, a proxección de filmes, exposicións, actividades para a xuventude, cursos de informática, etc.

Tamén cabe sinalar a presenza de gran número de asociacións e agrupacións socioculturais, como por exemplo a que leva por nome “Xuventude de Cruído”, encargada principalmente da organización de festas gastronómicas e de verbenas.

O alumnado provén na súa maioría do propio Concello, agás un 25% que procede do Concello de Noia. Este curso apréciase un descenso dos oriúndos deste último concello; o motivo: o incremento das taxas de acceso ao servizo de comedor.

Ao redor do 75% do alumnado de 2º ciclo utiliza o galego como a súa lingua vehicular.

En xeral, no que se refire ao alumnado de segundo ciclo, temos que dicir que están iniciándose na adquisición de hábitos de estudo. Os mestres insistimos ante as familias que o esforzo e a motivación cara o estudo non só depende do profesorado, senón tamén das familias.

A grande maioría do noso alumnado pertence a familias estruturadas. Noutros casos de aparentes carencias socioeconómicas e/ou desatención familiar, necesitaríase revisar o protocolo de detección e intervención para estes casos, coa finalidade que os servizos educativos e sociais do Concello xunto co centro educativo poidan guiar o proceso vital e académico deste alumnado.

1.4 Características do centro.

O edificio con planta baixa e 1º andar consta de dúas partes. A máis antiga foi construída no ano 1974 e nela están as aulas de primaria, de secundaria e o comedor escolar. Na outra parte, construída no ano 1999, están as dependencias administrativas, a sala de profesores, o ximnasio, as aulas específicas e a biblioteca.

O centro ten ramplas de acceso, tanto no exterior coma no interior, e un ascensor, polo que non existen barreiras arquitectónicas.

Un edificio anexo, practicamente integrado no principal, xa que está a só 5 metros, alberga as aulas de infantil, a de apoio a alumnos de primaria con dificultades e a de audición e linguaxe. No baixo do edificio hai un almacén, unha aula que se utiliza para a práctica de expresión corporal dos alumnos de infantil e un espazo pavimentado sen definir.

A carón dos edificios hai unha pista de tenis, un patio de randeiras e xogos infantís, dous patios de xogos con porterías de fútbol-sala e canastras de baloncesto e unha pista de balonvolea. Conta tamén cuns terreos anexos, onde se sitúa o horto escolar e o “bosque dos nenos”.

Tamén hai dous patios cubertos que se utilizan principalmente os días de choiva.

O recinto escolar (edificios, patios e pistas deportivas) está totalmente pechado cun aramado. O acceso está protexido por un portón automático con vídeo-porteiro para a entrada de vehículos e un portal peonil, tamén automatizado. Nas dependencias administrativas hai un monitor para o control do perímetro dos edificios, vixiado por 7 cámaras.

Os horarios de educación infantil e primaria.

Durante o período que vai de outubro a maio é de 10.00 a 13.40 horas polas mañás, cun recreo de 30 minutos, que transcorre de 11.30 a 12.00 horas, e pola tarde de 15.20 a

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

17.00 horas. O período que transcorre de 13.40 a 15.20 horas emprégase para xantar e para descanso. Durante este período mantense aberta a biblioteca para o uso do alumnado grazas á voluntariedade do profesorado.

Durante os meses de setembro e xuño o horario é de 9.45 a 13.45 horas cun recreo de 20 minutos para secundaria e de 30 minutos para infantil e primaria.

Profesorado adscrito ao segundo ciclo 4º nivel de educación primaria.

- ◆ Dna. Dolores López Morales, titora de 4º A. (Mestra definitiva).
- ◆ Dna. Beatriz Romero Parada, titora de 4º B. (Mestra definitiva).
- ◆ Dna. Ana Seoane Salgado, mestra especialista de Educación Musical (mestra especialista de Educación Musical)
- ◆ Dna. Balbina Louro García (Mestra de Relixión.)
- ◆ Dna. Mª Jesús Vázquez Posse (Mestra de Educación Física).
- ◆ Dna. Mª Almudena Blanco Areas (Mestra de Inglés).

Profesorado especialista en A.N.E.A.E.

- ◆ Dna. Marta Pedreira Currás. (Mestra especialista de Pedagogía Terapéutica).
- ◆ Dna. Ruth Fernández Granadille. (Mestra especialista titular de Audición e Linguaxe, con redución de xornada).
- ◆ Dn. Jorge Martínez Prego. (Mestre especialista substituto de Audición e Linguaxe, con redución de xornada).

Alumnado do segundo ciclo.

O alumnado do cuarto curso de educación primaria ten idades comprendidas entre os 9 e 10 anos de idade. Os discentes distribúense nos correspondentes niveis e grupos segundo a seguinte grella:

NIVEL	CURSOS	ALUMNADO	Nº TOTAL DE ALUMNADO
2º	4ºA	15	29
	4ºB	14	

Características psicológicas.

Nesta idade, o alumnado atópase, segundo Piaget, inmerso no período de Operacións Concretas, no que os procesos de razoamento vólvense lóxicos e poden aplicarse a problemas concretos e reais. Nesta etapa aparecen os esquemas lóxicos de seriación, ordenamento mental de conxuntos e clasificación dos conceptos de causalidade, espazo, tempo e velocidade.

Os nenos e nenas convértense agora en seres verdadeiramente sociais, e comezan a aparecer os grupos de amigos.

2 OBXECTIVOS

2.1 Área de matemáticas.

Ao finalizar o segundo ciclo de Educación Primaria, preténdese que o alumnado alcance os seguintes obxectivos:

- Amosar interese e perseveranza na busca de solucións a situacións problemáticas sinxelas.
- Gozar coas diferentes posibilidades de representación de datos sobre feitos da vida cotiá de forma numérica e gráfica.
- Recoñecer situacións da vida cotiá que podan ser descritas coa axuda de códigos, números naturais e fraccións sinxelas.
- Resolver situacións da vida cotiá que requiran operacións elementais de cálculo.
- Utilizar o coñecemento matemático para interpretar, valorar e producir informacións e mensaxes sobre fenómenos coñecidos.
- Valorar e producir informacións e mensaxes utilizando diferentes linguaxes matemáticas.
- Mostrar interese pola precisión na realización de cálculos cada vez máis complexos e pola representación ordenada e clara.
- Manifestar satisfacción polo progreso dos seus coñecementos matemáticos.
- Efectuar operacións sinxelas de cálculo mental e mostrar confianza nas propias capacidades.
- Utilizar estratexias de estimación, aproximación, cálculo mental, orientación espacial

OBXECTIVOS

para a resolución de problemas sinxelos.

- Coñecer e utilizar de forma experimental as medidas de lonxitude, capacidade, masa e tempo.
- Explorar e utilizar instrumentos sinxelos de medida e de cálculo.
- Comprender mellor o propio contorno utilizando coñecementos sobre as formas xeométricas, describindo posicións e traxectorias de obxectos no espazo.
- Interpretar sinxelos esbozos, planos, mapas e maquetas recoñecendo os seus elementos máis importantes e percorridos.
- Observar e tomar datos sobre feitos, fenómenos e situacións da realidade cotiá para clasificalos, cuantificalos, formándose xuízos sobre eles e representándoos gráfica e numericamente.
- Representar datos sinxelos mediante diagramas de barras e interpretar táboas e gráficas contextualizadas.

2.2 Área de lingua castelá e literatura.

Ao finalizar o segundo ciclo de Educación Primaria, preténdese que o alumno e a alumna alcancen os seguintes obxectivos:

- Comprender discursos orais e escritos ampliando os temas de interese e mantendo a escoita activa.
- Diferenciar as ideas principais das secundarias.
- Analizar os aspectos sinxelos do texto (estrutura do discurso, vocabulario, intención, etc).
- Intercambiar ideas, experiencias e sentimentos, adoptando unha actitude respectuosa ante as achegas dos outros e atendendo as regras propias do intercambio comunicativo.
- Elixir as formas de comprensión e expresión axeitadas a situación e a intención comunicativa.
- Valorar e aceptar as achegas propias e as dos demais.
- Integrar coñecementos e informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información (identificación, clasificación, comparación, interpretación).
- Usar documentos audiovisuais para obter, seleccionar e relacionar informacións relevantes (identificación, clasificación, comparación).
- Iniciar a diferenciación de distintas situacións de comunicación escrita e a busca das formas axeitadas a cada unha delas (carta, aviso, reclamación, petición, oficio,...).
- Expresarse por escrito con diferentes intencións comunicativas utilizando as normas

OBXECTIVOS

básicas da lingua escrita.

- Consultar diferentes documentos para obter, seleccionar e relacionar informacións relevantes.
- Utilizar os elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comunicación.
- Reflectir nos seus escritos achegas de diferentes textos.
- Usar as bibliotecas, coñecer os seus mecanismos de organización e funcionamento e as posibilidades que ofrece.
- Usar a biblioteca para obter información e modelos para a composición escrita.
- Desenvolver o hábito e o gusto pola lectura adicándolle un tempo determinado.
- Ler textos literarios da tradición oral e da literatura infantil castelá, adaptacións de obras clásicas en diferentes soportes.
- Desenvolver o gusto literario (narrativo, poético, etc).
- Explorar as posibilidades expresivas básicas da lingua oral e escrita, adquirindo seguridade nas habilidades comunicativas e usos persoais da linguaxe.
- Recrear e compoñer poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, recoñecendo as características dalgúns modelos de referencia.
- Coñecer as características básicas de textos literarios coa finalidade de servir de apoio á lectura e a escritura de ditos textos.
- Expresarse oralmente e por escrito axeitadamente en situacións formais e informais, ampliando os contextos e interlocutores coñecidos e descoñecidos.
- escoitar e relatar experiencias presentes e pasadas respectando os aspectos

OBXECTIVOS

normativos da lingua.

- Usar e reflexionar sobre algunhas estruturas gramaticais sinxelas partir de actividades de produción e interpretación (tipos de discurso, o texto e a oración, etc).
- Iniciar a diferenciación de distintas situacións de comunicación e a busca das formas axeitadas a cada unha delas.
- Rexeitar os usos discriminatorios no emprego da lingua oral e escrita.
- Utilizar a lingua para destacar os valores das diferentes culturas do contorno.

2.3 Área de lingua galega e literatura.

Ao finalizar o Segundo Ciclo de Educación Primaria, preténdese que o alumno e a alumna alcancen os seguintes obxectivos:

- Comprender discursos orais e escritos ampliando os temas de interese e mantendo a escoita activa.
- Diferenciar as ideas principais das secundarias.
- Analizar os aspectos sinxelos do texto (estrutura do discurso, vocabulario, intención, etc).
- Intercambiar ideas, experiencias e sentimentos, adoptando unha actitude respectuosa ante as achegas dos outros e atendendo as regras propias do intercambio comunicativo.
- Elixir as formas de comprensión e expresión axeitadas a situación e a intención comunicativa.
- Valorar e aceptar as achegas propias e as dos demais.
- Integrar coñecementos e informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información (identificación, clasificación, comparación, interpretación).
- Usar documentos audiovisuais para obter, seleccionar e relacionar informacións relevantes (identificación, clasificación, comparación).
- Iniciar a diferenciación de distintas situacións de comunicación escrita e a busca das formas axeitadas a cada unha delas (carta, aviso, reclamación, petición, oficio,...).
- Expresarse por escrito con diferentes intencións comunicativas utilizando as normas

OBXECTIVOS

básicas da lingua escrita.

- Consultar diferentes documentos para obter, seleccionar e relacionar informacións relevantes.
- Utilizar os elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comunicación.
- Reflectir nos seus escritos achegas de diferentes textos.
- Usar as bibliotecas, coñecer os seus mecanismos de organización e funcionamento e as posibilidades que ofrece.
- Usar a biblioteca para obter información e modelos para a composición escrita.
- Desenvolver o hábito e o gusto pola lectura adicándolle un tempo determinado.
- Ler textos literarios da tradición oral e da literatura infantil castelá, adaptacións de obras clásicas en diferentes soportes.
- Desenvolver o gusto literario (narrativo, poético, etc).
- Explorar as posibilidades expresivas básicas da lingua oral e escrita, adquirindo seguridade nas habilidades comunicativas e usos persoais da linguaxe.
- Recrear e compoñer poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, recoñecendo as características dalgúns modelos de referencia.
- Coñecer as características básicas de textos literarios coa finalidade de servir de apoio á lectura e a escritura de ditos textos.
- Expresarse oralmente e por escrito axeitadamente en situacións formais e informais, ampliando os contextos e interlocutores coñecidos e descoñecidos.
- escoitar e relatar experiencias presentes e pasadas respectando os aspectos

OBXECTIVOS

normativos da lingua.

- Usar e reflexionar sobre algunhas estruturas gramaticais sinxelas partir de actividades de produción e interpretación (tipos de discurso, o texto e a oración, etc).
- Iniciar a diferenciación de distintas situacións de comunicación e a busca das formas axeitadas a cada unha delas.
- Rexeitar os usos discriminatorios no emprego da lingua oral e escrita.
- Utilizar a lingua para destacar os valores das diferentes culturas do contorno.
- Identificar a unidade e diversidade lingüística galega.
- Valorar diferentes expresións lingüísticas como feitos culturais enriquecedores.

2.4 Área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

Ao finalizar o segundo ciclo de Educación Primaria, preténdese que o alumno/a acaden os seguintes obxectivos:

- Aplicar na vida cotiá os hábitos de saúde e coidado corporal que se derivan do coñecemento do corpo humano.
- Desenvolver unha actitude de aceptación e respecto cara as diferenzas individuais.
- Identificar os principais elementos do seu contorno natural (accidentes xeográficos, tempo atmosférico, vexetación...), describindo as súas características máis relevantes.
- Situar e representar no espazo os elementos máis significativos do ámbito local e autonómico.
- Recoñecer e apreciar a pertenza a grupos sociais con características propias, valorando ás diferenzas con outros grupos e a necesidade do respecto aos dereitos humanos.
- Desenvolver unha actitude de respecto cara as características e trazos propios doutros grupos rexeitando calquera tipo de discriminación.
- Identificar o impacto dalgunhas actividades humanas no contorno natural e social, distinguindo nelas o positivo e o negativo.
- Desenvolver actitudes que contribúan activamente á conservación e mellora do medio ambiente e do patrimonio cultural.
- Valorar a entrega daquelas persoas que se adican de forma altruísta ao coidado do patrimonio natural e cultural.
- Recoñecer, apreciar e valorar a súa pertenza a uns grupos culturais determinados

OBXECTIVOS

(por exemplo darse conta de que a clase, e o ciclo constitúen un grupo de persoas, cun determinado comportamento, unhas costumes e normas...).

- Desenvolver unha actitude de respecto ante as características e trazos culturais doutros grupos (uso de diferente lingua, costumes, etc...).
- Detectar, delimitar, definir, expoñer e resolver problemas sinxelos relacionados cos elementos máis significativos do seu contorno natural e social, utilizando estratexias de busca e tratamento da información.
- Desenvolver actitudes de valoración dos traballos ben planificados, executados e avaliados, propios e alleos.
- Comprender, expresar e representar mediante diferentes códigos sucesos, ideas e situacións do seu contorno social, natural e cultural.
- Observar e apreciar o valor de diferentes elementos (“As minas de San Finx” “O Mosterio de San Xusto”, “O monte de San Lourenzo” as rutas da comarca, oficios tradicionais da comarca...) do legado histórico, social, natural e cultural da comarca.
- Participar en actividades de grupo de maneira construtiva, responsable e solidaria, respectando os principios básicos establecidos.
- Desenvolver unha actitude de respecto e valoración das achegas propias e dos demais.
- Coñecer as implicacións da actividade humana no medio ambiente.
- Participar na toma de decisións para a defensa, conservación e recuperación do medio natural e patrimonio cultural.
- Buscar solucións axeitadas para un desenvolvemento sostible.
- Detallar o impacto dos cambios e transformacións provocados polo paso do tempo

OBXECTIVOS

nos elementos do seu contorno social e en si mesmo.

- Analizar relacións sinxelas de simultaneidade, sucesión e causalidade nos cambios provocados polo paso do tempo.
- Desenvolver unha actitude de respecto polo legado histórico, social e cultural.
- Diseñar, construír e avaliar dispositivos e aparellos cun fin determinado.
- Utilizar o seu coñecemento das propiedades elementais dos materiais, sustancias e obxectos que van empregar.
- Analizar e enumerar as propiedades dos materiais, sustancias e instrumentos empregados.
- Facer un uso responsable da enerxía no planeta, recoñecendo a enerxía que utilizan máquinas e aparellos habituais na vida cotiá.
- Identificar recursos tecnolóxicos significativos do entorno e sinalar a súa contribución na satisfacción de necesidades humanas.
- Comprender e valorar a utilidade das tecnoloxías da información e da comunicación na vida do home.

2.5 Área de educación artística.

Ao finalizar o segundo ciclo de Educación Primaria, preténdese que o alumnado acade os seguintes obxectivos:

2.5.1 Educación plástica.

- Potenciar a experimentación, a libre expresión e a orixinalidade como medio para conseguir o desenvolvemento das capacidades artísticas e creativas.
- Expresarse libre e orixinalmente nas manifestacións artísticas e creativas.
- Gozar das obras de arte que ofrece o contorno e a comunidade.
- Apreciar as propias posibilidades creativas.
- Valorar as diferentes manifestacións artísticas e culturais.
- Analizar imaxes e sons en función dos sentimentos que transmite: leducia, tristura, medo,...
- Utilizar a expresión corporal e musical para transmitir ideas e sentimentos.
- Confiar nas súas propias realizacións artísticas e gozar co proceso creativo.
- Explorar materiais e instrumentos de forma precisa.
- Coñecer códigos e técnicas de linguaxes artísticas con fins comunicativos, lúdicos e recreativos.
- Seleccionar aquelas características que se consideren máis útiles e axeitadas para o desenvolvemento das actividades artísticas expresivas.

OBXECTIVOS

- Describir as calidades (tamaño, forma,...) de materiais e obxectos do contorno como resultado dunha exploración multisensorial e lúdica.
- Realizar producións artísticas nas que participen tódolos integrantes da clase.
- Desenvolver a capacidade crítica respecto da expresión estética dos medios de comunicación que utilizan a imaxe e o son.
- Recoñecer obras artísticas pertencentes ao patrimonio cultural galego recoñecendo a súa importancia.
- Valorar instrumentos populares de diversas culturas como elemento do patrimonio cultural.
- Recoñecer obras artísticas pertencentes ao patrimonio cultural recoñecendo a súa importancia.
- Realizar obras artísticas individuais e colectivas manifestando actitudes críticas e de respecto.
- Participar en eventos e celebracións artísticas formulando opinións sobre eles.
- Interpretar resultados de diferentes traballos artísticos mellorando a súa confianza e seguridade.
- Realizar creacións artísticas de maneira colectiva.
- Respetar e valorar as producións dos demais.
- Representar roles e situacións diversas da vida cotiá utilizando distintos recursos artísticos.
- Recoñecer diferentes manifestacións artísticas analizando as súas características máis salientables.

OBXECTIVOS

- Empregar as tecnoloxías de información e comunicación para a busca de información sobre as diferentes profesións artísticas (escultura, pintura, música, fotografía,...).
- Desenvolver a sensibilidade e o gusto por todo o belo e creativo.
- Realizar producións propias aplicando aspectos observados en obras artísticas do contorno.

2.5.2 Educación musical.

- Recoñecer que as diversas manifestacións da cultura musical son fonte de coñecemento e non só de diversión e entretemento.
- Desenvolver a capacidade de expresión e percepción de ideas, emocións, sentimentos e vivencias a través de obras musicais.
- Explorar as posibilidades do son (percusión corporal, voz, instrumentos e obxectos cotiáns) e do movemento como elementos de comunicación.
- Coñecer os parámetros do son (altura, intensidade, duración e timbre) e percibir a diferenza entre eles.
- Coñecer e explorar as diferentes familias de instrumentos visual e auditivamente, para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.
- Asociar as representacións gráficas convencionais das figuras musicais (redonda, branca, negra e corchea) e dos silencios (redonda, branca, negra e corchea), co son que producen, e viceversa.
- Iniciarse no manexo dos compases (binarios, ternarios e cuaternarios).
- Escribir correctamente a clave de sol.
- Diferenciar claramente no pentagrama, as liñas dos espazos.
- Colocar correctamente no pentagrama todas as notas da escala musical.
- Interpretar sinxelas pezas vocais e instrumentais ao unísono, con e sen acompañamento rítmico.
- Coñecer algunhas das posibilidades das novas tecnoloxías en que interveña o son, e empregalas para a elaboración de producións propias.
- Coñecer algunhas das profesións do ámbito musical, interesándose polas características do traballo dos artistas.

OBXECTIVOS

- Recoñecer os compositores máis destacados da Historia da Música e identificar as súas obras máis importantes.
- Valorar a importancia das obras musicais, dos compositores e instrumentistas como patrimonio musical mundial.
- Recoñecer que as diversas manifestacións da cultura musical son fonte de coñecemento e non só de diversión e entretemento.
- Gozar das diferentes producións artísticas colectivamente, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e sabendo expresar críticas e opinións, utilizándoas como recurso para a mellora.
- Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

2.6 Área de lingua inglesa.

Ao finalizar o segundo ciclo de Educación Primaria, preténdese que o alumnado acade os seguintes obxectivos:

- Comprender mensaxes e textos orais e audiovisuais conectados aos intereses do alumnado co fin de poder extraer información global e específica.
- Participar en diferentes situacións de comunicación: a) reais ou simuladas b) funcionais (peticións, presentacións, saúdos, identificación e localización de persoas, obxectos e lugares) c) produción de textos orais preparados mediante un traballo previo con axudas e modelos, amosando interese por expresarse oralmente en actividades individuais e de grupo.
- Utilizar estratexias básicas para apoiar a comprensión e a expresión oral: uso do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.
- Amosar unha actitude positiva cara a lingua estranxeira como instrumento para: comunicarse e coñecer outras culturas, hábitos, crenzas e formas de vida diferentes a través de producións audiovisuais e multimedia e de manifestacións artísticas.
- Imitar aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión e produción de textos orais a través do xogo e da expresión corporal e musical.
- Iniciarse na utilización de estratexias de lectura identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas que lles permitan aos/ás nenos/as a comprensión de diferentes mensaxes (contos, menús, instrucións, etc...)
- Iniciarse na asociación de grafía e son a través do estudo do alfabeto da lingua inglesa.

OBXECTIVOS

- Realizar lectura expresiva e escritura de textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados moi coñecidos oralmente para transmitir información valorando e coidando o seu sentido estético.
- Utilizar a educación artística, as tecnoloxías da información, dicionarios e outros medios para buscar, ler e transmitir información en lingua inglesa.
- Interese por cooperar na utilización da lingua inglesa na súa forma escrita na aula: iniciándose no uso de estratexias básicas para producir textos a partir de modelos moi estruturados e con axuda.
- Utilizar diferentes estratexias (xestos, definicións, debuxos, repetición, memorización e observación de modelos) como instrumentos de axuda para a aprendizaxe de léxico, formas e estruturas.

2.7 Área de educación física.

Ao finalizar o segundo ciclo de Educación Primaria, preténdese que o alumnado acade os seguintes obxectivos:

- Progresar na interiorización do esquema corporal.
- Recoñecer axeitadamente a independencia corporal dos membros superiores e inferiores.
- Tomar conciencia das posibilidades e limitacións de movemento do propio corpo.
- Continuar empregando o xogo como medio de actividade física, de lecer, de relación e do tempo libre.
- Utilizar o seu repertorio de movementos para solucionar problemas que impliquen unha percepción e estruturación espacio- temporal axeitada.
- Desenvolver a capacidade do equilibrio e axuste postural, tanto en estático coma dinámico.
- Acadar hábitos de saúde, de hixiene corporal, postural e de alimentación.
- Concienciar dos posibles riscos que ten a práctica da actividade motriz e física.
- Coñecer a importancia da relaxación e respiración.
- Resolver problemas motrices a través do coñecemento e uso de estratexias sinxelas, centrados nos mecanismos de percepción e decisión.
- Desenvolver a coordinación dinámica xeral, óculo-manual e pédica.
- Aplicar as habilidades básicas ás diferentes situación de actividade motriz

OBXECTIVOS

seleccionando os movementos máis axeitados ás súas posibilidades.

- Adaptar as habilidades motrices aos contornos non habituais (acuático, natura, etc).
- Coñecer e aplicar os recursos expresivos do corpo para manifestar estados de ánimo, sensacións e xestos.
- Practicar ritmos e bailes populares de unha maneira sinxela.
- Desenvolver a capacidade simbólica.
- Desenvolver a espontaneidade e a creatividade no movemento.
- Participar de forma habitual en xogos populares e tradicionais, iniciándose na exploración e aventura.
- Aceptar o papel que lle corresponde en calquera tipo de xogo, as estratexias básicas propias (cooperación, oposición, cooperación-oposición) e o material necesario para a súa realización.
- Coñecer e participar nos distintos tipos de xogos, actividades físicas, motrices ou deportivas que sexan propias de Galicia.
- Respetar as normas de xogo establecidas, tanto polo grupo de xogo, coma polo regulamento do xogo.
- Desenvolvemento da autoestima tendo como base a valoración do grao de esforzo necesario para determinadas actividades físicas ou motrices.
- Participar de forma habitual en calquera tipo de actividade motriz, de xeito lúdico e sen ter en conta os resultados.
- Aceptar aos seus compañeiros e compañeiras independentemente das súas características persoais, sociais e sexuais.

2.8 Área de relixión católica.

Ao finalizar o segundo ciclo de Educación Primaria, preténdese que o alumnado acade os seguintes obxectivos:

- Recoñecer as principais características da Biblia como Palabra de Deus e a súa relación cos cristiáns.
- Coñecer o Deus Creador da Biblia e da fe cristiá, en relación con algún relato da Antigüidade sobre a orixe do Mundo.
- Coñecer os aspectos básicos das relixións.
- Comparar as principais características do xudaísmo, do cristianismo e do islamismo.
- Investigar as principais claves e características do Novo Testamento.
- Coñecer e aplicar os comportamentos e actitudes necesarios para relacionarse persoalmente con Xesús Cristo como o mellor amigo.
- Tomar conciencia da revelación e acción salvadora de Deus a través de Moisés e os acontecementos e personaxes do pobo de Israel.
- Descubrir a mensaxe dos personaxes do Antigo Testamento.
- Coñecer os principais feitos da vida de Xesús de Nazaret e o seu significado cristián.
- Descubrir como podemos aplicar as ensinanzas de Xesús na vida diaria.
- Descubrir o significado profundo dos milagres de Xesús en relación coa súa vida e a súa mensaxe de salvación.
- Recoñecer a Xesús Cristo como verdadeiro home e verdadeiro Deus.

OBXECTIVOS

- Descubrir a importancia que ten a Virxe María para a fe cristiá e na Igrexa Católica.
- Tomar conciencia da importancia da oración para a relixión.
- Comprender as características do pecado en relación coa interpretación da Igrexa e o mal no mundo actual.
- Valorar a importancia do perdón, especialmente do perdón de Deus e a súa misericordia.
- Comprender o verdadeiro significado da celebración da Semana Santa para os cristiáns.
- Investigar os principais feitos e personaxes que constitúen o nacemento da Igrexa.
- Comprender o significado e características dos sacramentos.
- Investigar as mensaxes verdadeiras e cristiás da celebración do Nadal.
- Descubrir os verdadeiros motivos cristiáns e características do tempo litúrxico do Nadal.
- Apreciar a achega do Mandamento do Amor de Xesús para mellorar a convivencia no mundo actual.
- Apreciar os comportamentos e normas que propón o cristianismo para mellorar a convivencia e o mundo actual.
- Descubrir criticamente a Xesús de Nazaret como o modelo máis exemplar e único de vida para os cristiáns.
- Identificar as principais e orixinais características do cristianismo.

OBXECTIVOS

- Coñecer as diferentes formas de vivir as relixións.
- Interpretar e aplicar as principais claves e características da arte relixiosa, especialmente a arte cristiá.
- Descubrir a arte como un medio de transmisión relixiosa.

3 CONTIDOS.

3.1 Área de matemáticas.

Bloque I: Espazos e formas.

- Interpretación e elaboración de mensaxes que contiñan informacións sobre relacións espaciais.
- Descrición de posicións e de movementos en relación a unha mesma ou a un mesmo e a outros puntos de referencia.
- Descrición de itinerarios empregando unha linguaxe matemática o máis correcta posible coa incorporación de conceptos como rectas, curvas, paralelas e intersección de rectas.
- Recoñecemento de simetrías e de translacións en manifestacións e expresións artísticas.
- Interpretación, descrición e elaboración de planos de itinerarios, en maquetas e en bosquejos de contornos próximos.
- Identificación de figuras planas e de corpos xeométricos (cubos, esferas, prismas, pirámides e cilindros) en obxectos e en espazos cotiáns. Descrición da súa forma, utilizando o vocabulario xeométrico básico (ladros, arestas, caras, ángulos e vértices, segundo corresponda).
- Manipulación e experimentación con figuras e con corpos xeométricos para buscar elementos de regularidade neles, identificar as súas propiedades, comparalas e clasificalas con criterios elementais, formar figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras por composición e descomposición.

CONTIDOS.

- Resolución de problemas xeométricos interpretando o enunciado, recoñecendo os datos, identificando a información útil, planificando o proceso, poñéndoo en práctica e verbalizando para detectar erros e poder rectificar.
- Interese pola elaboración e presentación coidadosa das construcións xeométricas.
- Confianza nas propias posibilidades: curiosidade, interese e constancia para empregar as construcións xeométricas, os obxectos e as relacións espaciais.
- Participación activa e responsable no traballo en equipo. Gusto por compartir os procesos de resolución e os resultados obtidos.

Bloque II: Cantidades.

- Busca e contraste de información relativa a aspectos matemáticos variados (como o número ou a medida ao longo da historia e en diferentes culturas, os conceptos traballados na aula...), utilizando diversas fontes: libros, a internet, persoas expertas...
- Identificación do papel das matemáticas na vida cotiá e da necesidade de usalas en múltiples contextos escolares e familiares.
- Uso dos números en situacións variadas e familiares para solucionar problemas relacionados con cantidades recoñecendo o valor de posición das cifras.
- Lectura, escritura, ordenación, comparación (usando termos como maior ca, menor ca, diferente de, igual a, aproximadamente igual, maior ca e menor ca...), seriación, descomposición e representación na recta numérica de diversos números.
- Expresión de particións e de relacións en contextos familiares coa utilización de números fraccionarios comparándoos mediante a ordenación e a súa representación gráfica.
- Confianza nas propias posibilidades e perseveranza para utilizar os números, as súas

CONTIDOS.

relacións e as operacións na obtención e expresión de informacións, manifestando iniciativa persoal nos procesos de resolución de problemas da vida cotiá.

- Resolución de problemas sinxelos da vida cotiá: interpretando o enunciado, recoñecendo os datos, atopando a información relevante, planificando o proceso, elaborando hipóteses sobre o resultado, empregando estratexias persoais de resolución e as operacións numéricas (suma, resta, multiplicación e división por unha cifra) que cumpran, comprobando as solucións e verbalizando o proceso.
- Formulación de problemas relacionados coa vida cotiá que precisen da aplicación de coñecementos numéricos e de operacións para resolvelos.
- Valoración do contraste coas compañeiras e compañeiros, tanto do resultado final como das estratexias e procesos seguidos para chegar a el.
- Interpretación do erro como incentivo de mellora.
- Valoración da constancia na realización do traballo operacional e do feito de non desanimarse ante as dificultades.
- Utilización en contextos familiares, para resolver situacións problemáticas, de: a suma como incremento; a resta como diminución, comparación e complemento; a multiplicación como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo e a división como repartición e agrupación.
- Interese para a utilización dos números e do cálculo numérico na resolución de problemas en situacións reais.
- Descomposición aditiva e multiplicativa dos números. Construción (empregando diferentes estratexias) e memorización das táboas de multiplicar.
- Realización de cálculos con números naturais indicando o coñecemento do significado das operacións, realizando estimacións sobre os resultados e valorando se a resposta é razoable, seleccionando o método máis conveniente para facer o cálculo (mentalmente, con algoritmos, con calculadora, con ordenador) e explicando as

CONTIDOS.

estratexias utilizadas.

- Interese pola presentación limpa, ordenada e clara dos cálculos e dos seus resultados.
- Mellora progresiva da seguridade, autonomía e iniciativa persoal nas aprendizaxes numéricas e algorítmicas.
- Realización de medicións para resolver problemas en contextos reais empregando unidades de medida convencionais (múltiplos e submúltiplos máis usuais), elixindo e usando adecuadamente os instrumentos, seleccionando as unidades axeitadas, usando estratexias persoais para medir e estimar, controlando e verbalizando o proceso de medida, contrastando resultados e expresándoos correctamente manifestando as unidades utilizadas.
- Comparación, establecemento de equivalencias funcionais e ordenación de unidades e de cantidades dunha mesma magnitude (tanto de lonxitude, de peso, de capacidade e de tempo como das derivadas do sistema monetario).
- Confianza nas propias posibilidades e interese por compartir coas demais persoas os procesos que utilizan a medida para obter e expresar informacións e para resolver problemas en situacións reais.
- Interese pola presentación limpa e ordenada do proceso e pola expresión de medidas.
- Valorar a importancia de dispoñer dun sistema convencional de medidas.

Bloque III: Tratamento da información e azar.

- Resolución e formulación de problemas en que se precise a interpretación de gráficas sinxelas (diagramas de barras e pictogramas) e de táboas de datos.
- Recollida e rexistro de datos (táboas de dobre entrada e gráficas) sobre obxectos,

CONTIDOS.

fenómenos e situacións familiares utilizando técnicas elementais de enquisas, de observación e de medición.

- Lectura, descrición e interpretación de táboas de dobre entrada e de gráficos de uso habitual na vida cotiá con propósitos funcionais.
- Interese pola elaboración e pola presentación de gráficos e de táboas de forma ordenada e clara.
- Confianza nas propias posibilidades, curiosidade, interese e constancia na interpretación de datos presentados de forma gráfica.
- Utilización de expresións como posible, imposible, máis ou menos probable, seguro na valoración de resultados de experiencias lúdicas e cotiza en que intervén o azar.
- Colaboración activa no traballo de grupo respectando o traballo, os procesos e as estratexias das outras persoas.
- Valoración do uso das novas tecnoloxías nos ámbitos gráficos en que son precisas.

Temporización.

Segundo o Anexo III do Decreto 130/2007 de 28 xuño, a área de matemáticas no 2º ciclo de Ed. Primaria contará con 4 sesións semanais en ámbolos dous cursos, que se desenvolverán desde o día 10 de setembro de 2014 ao 19 de xuño de 2015, segundo establece a Orde do 13 de xuño de 2014, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2014/2015, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O horario do centro establece que as sesións terán lugar desde as 10.00 h. ata as 13.40 h. pola mañá e de 15.20 h. A 17.00 h. pola tarde, agás en setembro e xuño, nos que o horario será de mañá desde as 09.45 h. ata as 13.45 h.

3.2 Área de lingua castelá e literatura.

Bloque I: escoitar e falar.

- Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (expresión espontánea, asemblea, informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento de tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados).
- Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da Internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos.
- Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións na clase).
- Produción de textos orais para expresar ideas, sentimentos, emocións, desexos, opinións e vivencias, e para elaborar plans.
- Uso de estratexias elementais para comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e formulación de preguntas coherentes.
- Utilización de estratexias para potenciar a expresividades das mensaxes orais.
- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (respecto das opcións de quen fala, non interrupcións inadecuadas, contacto visual).
- escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos).

CONTIDOS.

- Valoración e aprecio do texto literario oral como fonte de coñecemento da cultura e como recurso de gozo persoal.
- Sensibilidade estética ante elementos imaxinativos, emotivos e creativos da literatura oral.
- Dramatización de situacións e de textos literarios diversos.
- Utilización de documentos audiovisuais para obter, seleccionar e relacionar informacións relevantes identificando, clasificando e comparando.
- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.
- Interese por expresarse oralmente con claridade, exposición ordenada, pronuncia e entoación adecuadas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque II: Ler e escribir.

- Comprensión de información relevante en textos de situacións cotiza de relación social, como correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte, normas de uso da biblioteca ou regras de xogos.
- Comprensión de información xeral en textos procedentes de medios de comunicación social (incluídas webs infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.
- Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).

CONTIDOS.

- Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información identificando, clasificando, comparando e interpretando.
- Composición de textos propios de situacións cotiza de relación social (correspondencia escolar, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións...) de acordo coas características propias destes xéneros.
- Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas, así como nos SMS.
- Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descricións, explicacións...).
- Uso das estratexias de planificación, de textualización e de revisión como partes do proceso escritor.
- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.
- Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía).
- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras adecuadas á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.
- Introducción ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipotetización, relectura...).
- Lectura guiada e expresiva de textos narrativos de literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.

CONTIDOS.

- Comprensión, memorización e recitado de poemas, co ritmo, a pronuncia e a entoación axeitados.
- Recreación e composición de poemas e de relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.
- Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.
- Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.
- Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.
- Elaboración e reescritura de textos literarios (contos, bandas deseñadas, poesías) e non literarios.
- Interese polo coidado e pola presentación dos textos escritos, así como atención ás normas ortográficas.
- Utilización de estratexias de resolución de dificultades léxicas e/ou ortográficas (uso de dicionarios variados en diversos soportes).
- Dramatización e lectura dramatizada de situacións e de textos diversos.
- Coñecemento do funcionamento da biblioteca do centro e participación en actividades literarias.
- Iniciación á creación dunha biblioteca persoal.
- Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.

CONTIDOS.

- Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación e das bibliotecas para obter información e modelos para a composición escrita e para a lectura.

Bloque III: Reflexionar sobre a lingua.

- Recoñecemento dos elementos do contexto comunicativo como factores que inciden na selección das formas orais ou escritas de intercambio comunicativo.
- Identificación de estruturas narrativas, descritivas, instrutivas e explicativas sinxelas para a comprensión e composición de textos.
- Recoñecemento das diferenzas máis relevantes entre lingua oral e escrita.
- Coñecemento das regras ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.
- Conciencia positiva da variedade lingüística existente no contexto escolar e social.
- Coñecemento da diversidade lingüística e valoración positiva desta riqueza.
- Comparación de textos orais e escritos producidos en diferentes variedades de lingua.
- Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.
- Uso e definición intuitiva nas actividades de produción e interpretación da terminoloxía seguinte: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente, futuro).
- Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos e de antónimos en

CONTIDOS.

relación coa comprensión e coa produción de textos.

- Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.
- Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.
- Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa, oposición, contradición...) en relación coa composición de textos.
- Identificación funcional das modalidades oracionais declarativa, interrogativa e exhortativa.
- Identificación intuitiva de suxeito e predicado e dalgúns papeis semánticos do suxeito (axente, paciente).

Temporización.

Segundo o Anexo III do Decreto 130/2007 de 28 xuño, a área de Lingua Castelá e Literatura no 2º ciclo de Ed. Primaria contará con 4 sesións semanais en ambos cursos, que se desenvolverán desde o día 10 de setembro de 2014 ao 19 de xuño de 2015, segundo establece a Orde do 13 de xuño de 2014, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2014/2015, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

As sesións terán lugar nos meses de setembro e xuño desde as 09.45 h. da mañá ata as 13.45 h. da tarde, e entre outubro e maio, ambos inclusive, desde as 10.00 h. ata as 13.40 h. pola mañá e desde as 15.20 h. ata as 17.00 h. pola tarde.

3.3 Área de lingua galega e literatura.

Bloque I: escoitar e falar.

- Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (expresión espontánea, asemblea, informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento de tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xeitos adecuados).
- Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da Internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos.
- Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións na clase).
- Produción de textos orais para expresar ideas, sentimentos, emocións, desexos, opinións e vivencias, e para elaborar plans.
- Uso de estratexias elementais para comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e formulación de preguntas coherentes.
- Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais.
- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (respecto das opcións de quen fala, non interrupcións inadecuadas, contacto visual).
- Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos).

CONTIDOS.

- Valoración e aprecio do texto literario oral galego como fonte de coñecemento da propia cultura e como recurso de disfrute persoal.
- Sensibilidade estética ante elementos imaxinativos, emotivos e creativos da literatura oral galega.
- Dramatización de situacións e de textos literarios diversos.
- Utilización de documentos audiovisuais para obter, seleccionar e relacionar informacións relevantes identificando, clasificando e comparando.
- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.
- Interese por expresarse oralmente con claridade, exposición ordenada, pronuncia e entoación adecuadas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque II: Ler e escribir.

- Comprensión de información relevante en textos de situacións cotiza de relación social, como correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte, normas do uso da biblioteca ou regras de xogos.
- Comprensión de información xeral en textos procedentes de medios de comunicación social (incluídas webs infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.
- Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica coma os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).

CONTIDOS.

- Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información identificando, clasificando, comparando e interpretando.
- Composición de textos propios de situacións cotiza de relación social (correspondencia escolar, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións...) de acordo coas características propias destes xéneros.
- Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas, así como nos SMS.
- Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descricións, explicacións...).
- Uso das estratexias de planificación, de textualización e de revisión como partes do proceso escritor.
- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.
- Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía).
- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.
- Introducción ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipotización, relectura...).
- Lectura guiada e expresiva de textos narrativos de literatura infantil galega, adaptacións de obrar literarias clásicas e de literatura actual en diversos soportes.

CONTIDOS.

- Comprensión, memorización e recitado de poemas, co ritmo, pronuncia e a entoación adecuados.
- Recreación e composición de poemas e de relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.
- Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.
- Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.
- Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de disfrute persoal.
- Elaboración e reescritura de textos literarios (contos, bandas deseñadas, poesías) e non literarios.
- Interese polo coidado e pola presentación dos textos escritos, así como atención ás normas ortográficas.
- Utilización de estratexias de resolución de dificultades léxicas e/ou ortográficas (uso de dicionarios variados en diversos soportes).
- Dramatización e lectura dramatizada de situacións e de textos diversos.
- Coñecemento do funcionamento da biblioteca do centro e participación en actividades literarias.
- Iniciación á creación dunha biblioteca persoal.
- Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.

CONTIDOS.

- Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación e das bibliotecas para obter información e modelos para a composición escrita e para a lectura.

Bloque III: Reflexionar sobre a lingua.

- Recoñecemento dos elementos do contexto comunicativo como factores que inciden na selección das formas orais ou escritas de intercambio comunicativo.
- Identificación de estruturas narrativas, descritivas, instrutivas e explicativas sinxelas para a comprensión e composición de textos.
- Recoñecemento das diferenzas máis relevantes entre lingua oral e escrita.
- Coñecemento das regras ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.
- Conciencia positiva da variedade lingüística existente no contexto escolar e social.
- Coñecemento da diversidade lingüística e valoración positiva desta riqueza.
- Comparación de textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega.
- Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.
- Uso e definición intuitiva nas actividades de produción e de interpretación da terminoloxía seguinte: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente, futuro).
- Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos e de antónimos en

CONTIDOS.

relación coa comprensión e coa produción de textos.

- Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.
- Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.
- Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa, oposición, contradición...) en relación coa composición de textos.
- Identificación funcional das modalidades oracionais declarativas, interrogativa e exhortativa.
- Identificación intuitiva de suxeito e de predicado e dalgúns papeis semánticos do suxeito (axente, paciente).

Temporización.

Segundo o Anexo III do Decreto 130/2007 de 28 xuño, a área de Lingua e Literatura Galega no 2º ciclo de Ed. Primaria contará con 4 sesións semanais, que se desenvolverán desde o día 10 de setembro de 2014 ao 19 de xuño de 2015, segundo establece a Orde do 13 de xuño de 2014, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2014/2015, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

As sesións terán lugar nos meses de setembro e xuño desde as 09.45 h. da mañá ata as 13.45 h. da tarde, e entre outubro e maio, ambos inclusive, desde as 10.00 h. ata as 13.40 h. pola mañá e desde as 15.20 h. ata as 17.00 h. pola tarde.

3.4 Área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

Bloque I: Os seres humanos e a saúde.

- Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida das persoas.
- Identificación das partes externas do corpo e algúns órganos importantes para o funcionamento do corpo humano.
- Valoración da importancia dos sentidos na relación co medio e co resto dos seres humanos. Descrición do seu papel e formas para o seu coidado habitual.
- Valoración dos hábitos de hixiene persoal, de descanso, de alimentación equilibrada e de exercicio físico adecuado para unha vida saudable. Actitude crítica ante prácticas e mensaxes que non favorecen o correcto desenvolvemento persoal e da saúde.
- Recoñecemento dalgúns factores que producen as enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe) para favorecer a súa prevención.
- Análise de dietas equilibradas. Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais e identificación de sistemas de conservación alimentaria.
- Recoñecemento e valoración das habilidades persoais. Identificación e descrición de emocións e sentimentos propios e alleos.
- Planificación de forma autónoma e creativa de actividades de lecer, individuais ou colectivas.

CONTIDOS.

Bloque II: As plantas e os animais.

- Identificación de animais e de plantas como seres vivos. Observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa e rigorosa posible.
- Identificación de cambios observables que se producen nos seres vivos e na natureza ao longo do ano. Observación e rexistro sistemático do crecemento de plantas e animais do contorno próximo. Elaboración de esquemas que permitan resumir as informacións observadas.
- Recoñecemento das principais características dos animais vertebrados e dalgúns invertebrados. Clasificación de animais a partir de características observables.
- Recoñecemento das características das plantas. Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables.
- Valoración da importancia da existencia de animais e plantas para as persoas: a agricultura e a gandaría. Estudo dalgúns animais e cultivos típicos de Galicia.
- Interese pola observación e o estudo dos seres vivos, planificando a observación ou preparando visitas-saídas, empregando os instrumentos e materiais necesarios (lupa, termómetro, diario de campo, etc.) e rexistrando o observado, contrastando os rexistros propios cos doutras persoas, comparando as observacións con informacións doutras fontes, elaborando unha documentación final que recolla todo o proceso (informe, cartafol, presentación, gráficas...).
- Interese e compromiso pola conservación e coidado de plantas e animais do contorno.

CONTIDOS.

Bloque III: A vida en sociedade.

- Identificación e representación gráfica da organización da comunidade educativa.
- Recoñecemento e uso das canles de participación democrática activa na vida e nas actividades do centro.
- Identificación das relacións interpersoais presentes nun grupo ou nunha comunidade (veciñanza, compañeirismo), e valoración da cooperación e do diálogo como forma de construír plans comúns e de evitar e resolver conflitos.
- Recoñecemento dos dereitos e deberes das persoas. Responsabilidade ante a elaboración e o cumprimento das normas de convivencia.
- Identificación das manifestacións culturais do contorno, recoñecendo a súa evolución no tempo e valorándoas como elementos de cohesión social.
- Recoñecemento de costumes, de tradicións e de trazos diferenciais do patrimonio galego.
- Participación activa en festas, xogos e costumes populares propios da bisbarra e de Galicia.
- Planificación de xeito autónomo e creativo de actividades de lecer individuais e colectivas.
- Observación, identificación e descrición dalgunhas características demográficas para a súa análise e comparación sobre contornos rurais e urbanos.
- Identificación das formas da actividade económica do contorno próximo (traballo, profesións, produción): observación e análise de produtos de consumo habitual no contorno e dos lugares da súa comercialización (mercados, lonxas, feiras, supermercados, tendas), seguimento do proceso de elaboración dun produto e das profesións relacionadas.

CONTIDOS.

- Realización conxunta de murais, cartafoles, etc. coa información obtida, planificando previamente, contrastando a información, usando diferentes linguaxes e valorando a correcta presentación final do traballo.
- Desenvolvemento de actitudes de consumo responsable e comercio xusto. Análise crítica dalgunhas mensaxes publicitarias, relacionando a súa incidencia na toma de decisións.
- Identificación e representación gráfica da estrutura básica de organización do concello propio. Valoración da participación cidadá e da contribución ao funcionamento das institucións.
- Recoñecemento dos referentes colectivos que manteñen a identidade da propia aldea, parroquia, vila, barrio, cidade, área metropolitana (símbolos, lugares de interese, monumentos emblemáticos, personaxes, institucións, tradicións, nomes das rúas e prazas...).
- Localización da propia aldea, concello, cidade e doutras agrupacións de poboación nun mapa da provincia, de Galicia, de España, etc., ou noutros medios.
- Identificación dos servizos públicos do concello, vila, localidade... para satisfacer as necesidades humanas. Descrición da súa orixe e transformación. Responsabilidade individual e social na conservación e uso adecuado destes servizos. Recoñecemento e prevención de situacións que poden comportar risco, especialmente as relativas á mobilidade viaria.
- Utilización de diversas fontes de información (libros, documentos, información oral, medios de comunicación, TIC) para a obtención, selección e contraste de información sobre aspectos da realidade local, municipal e galega e comunicación dela a través de diferentes soportes (visuais, auditivos, dixitais, escritos...) elaborados individual ou colectivamente, valorando o seu contido e a súa presentación.
- Identificación da organización territorial de Galicia e do Estado español e localización das diferentes comunidades autónomas de España. Aproximación ao coñecemento dalgunhas institucións de goberno galegas.

Bloque IV: O medio físico: espazo e materiais.

- Utilización de técnicas de orientación no espazo relacionadas cos puntos cardinais.
- Recoñecemento e uso de aspectos básicos (signos convencionais, lendas básicas de cartografía) que lle permitan ao alumnado, de xeito elemental, situarse no lugar onde vive a través da lectura de mapas e planos.
- Iniciación ao uso de planos e mapas da aldea, vila, localidade, cidade.
- Identificación dalgúns elementos xeográficos e do relevo do contorno (montañas, ríos, rías, lagoas).
- Confección de maquetas despois da observación directa da paisaxe.
- Observación e descrición de diferentes tipos de paisaxe. Análise dos cambios que a influencia humana provoca na paisaxe a curto e a longo prazo.
- Valoración da necesidade da conservación do patrimonio (paisaxe, bosques, montañas, praias, monumentos) e das actuacións responsables de defensa e respecto cara ao contorno.
- Elaboración de traballos sobre lugares, paisaxes, o relevo galego, vilas, Galicia ou lugares do mundo, usando fotos, recortes de xornal, deseños, esquemas, artigos e textos expositivos.
- Observación dalgunhas variables meteorolóxicas: temperatura, vento, precipitacións. Uso de aparellos meteorolóxicos (termómetro, catavento...) e iniciación ao rexistro e representación gráfica de temperatura e datos climáticos elementais. Comparación cos datos meteorolóxicos achegados polos medios de comunicación.
- Realización guiada de experiencias sinxelas para estudar as propiedades dalgúns aspectos do medio físico propio, partindo dunha pregunta ou problema de interese para o alumnado (formulando respostas intuitivas ou hipóteses, confrontándoas co resto da

CONTIDOS.

clase, planificando conxuntamente o proceso de comprobación, prevendo os medios e os instrumentos necesarios, seleccionando os datos útiles, explorando solucións alternativas, tirando conclusións, comunicando os resultados e reflexionando sobre o proceso desenvolvido).

- Recoñecemento dos movementos da Terra e da Lúa e as súas consecuencias (as estacións).
- Comparación, clasificación e ordenación de diferentes obxectos e materiais a partir de propiedades físicas observables (estado, volume, cor, textura, olor, atracción magnética), orixe deses obxectos e posibilidades de uso.
- Experimentación cos cambios de estado da auga. Recoñecemento e representación gráfica do ciclo da auga na terra. Valoración dos usos sociais da auga (vivenda, regadío, industria...) e da importancia da súa utilización responsable.
- Identificación das características e propiedades do aire e das actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.
- Valoración da importancia da boa calidade da auga e do aire para a nosa saúde e o mantemento da vida.
- Comprobación experimental para a análise e identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen.
- Observación da intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá. Identificación do sol e da auga como fontes de enerxía. Valoración do uso responsable da enerxía no noso planeta. Recoñecemento da responsabilidade individual e colectiva no aforro enerxético.
- Busca de información en fontes variadas sobre algúns problemas urbanísticos e ambientais máis comúns en Galicia e elaboración de murais coa información recollida, logo de análise, contraste e valoración dela.
- Reflexión sobre as posibles solucións e actuacións coherentes para a conservación

CONTIDOS.

do medio natural ante a produción de residuos e a contaminación.

- Identificación e preparación de mesturas de diferentes substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno (con zume, leite...).
- Realización de experiencias sinxelas sobre o comportamento dos corpos (lupas, espellos, auga, prismas) ante a luz.
- Planificación e realización de experiencias sinxelas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a calor facendo predicións explicativas sobre os resultados. Utilización de técnicas elementais de busca e rexistro sistemático de datos utilizando diversas estratexias de comunicación das conclusións.

Bloque V: O paso do tempo.

- Utilización de unidades de medida temporal (década, século) e aplicación das noción de sucesión, ordenación e simultaneidade na análise da evolución dalgún aspecto da vida cotiá ao longo do tempo (vivenda, transporte, vestuario, alimentación, xogos infantís, festas), diferenciando o tempo biolóxico do tempo histórico.
- Utilización de documentos escritos, dixitais e audiovisuais para obter información histórica, coa posterior selección e contraste da información, uso de técnicas de rexistro e representación e elaboración de distintos traballos sobre o pasado familiar e próximo, comunicando a información con diversas estratexias.
- Recoñecemento e valoración do significado dalgunhas pegadas antigas no contorno (antigas explotacións mineiras: As minas de San Finx, tradicións populares da comarca, manifestacións artísticas). Identificación dalgunhas evidencias do pasado no contorno propio (na aldea, na localidade, na vila, na cidade...): os vestixios e os museos.
- Aproximación a sociedades dalgunhas épocas históricas a partir do coñecemento de aspectos da vida cotiá.
- Identificación do papel de homes e mulleres na historia. Realización de traballos

CONTIDOS.

sobre a historia de mulleres e homes (personaxes significativos da localidade, de Galicia...) empregando fontes variadas, confrontando datos e elaborando un esquema, un texto expositivo... coa información atopada e seleccionada.

- Realización de cronogramas para a clasificación de imaxes referentes a feitos relevantes da historia da localidade e de Galicia en diferentes épocas históricas. Elaboración de álbums ou preparación conxunta de exposicións.
- Utilización da información oral, da prensa e da internet para investigar feitos importantes ocorridos no contorno próximo nas últimas décadas ou no último século, uso de eixes cronolóxicos para representalos e elaboración de cartafoles... Valoración do intercambio interxeracional de experiencias.
- Sensibilidade cara á conservación dos restos artístico-culturais presentes no propio contorno.

Bloque VI: Máquinas, aparellos e tecnoloxías.

- Realización de gráficos que relacionen oficios e profesións (modista-modisto, cociñeira-cociñeiro, albanel, etc.) cos materiais, ferramentas e máquinas (máquina de coser, tesoiras, forno, paleta...) que utilizan.
- Identificación da enerxía que fai funcionar as máquinas de uso cotián e doméstico e algúns operadores mecánicos (eixe, roda, polea, plano inclinado, engrenaxe, freo, panca, manivela, etc.).
- Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos e máquinas sinxelas (bicicleta, xoguets móbiles, tesoiras, rodas, manivelas, espremador, batedor, reloxo, pinzas, culleres de xeado, inxeccións, triturador, alicate).
- Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción sinxela incluíndo operadores mecánicos.
- Valoración da influencia da tecnoloxía nas condicións de vida e no traballo.

CONTIDOS.

- Relevancia dos inventos de mulleres e homes e valoración da súa contribución á mellora das condicións de vida. Realización de traballos sobre inventoras e inventores utilizando fontes variadas de información.
- Apreciación da importancia das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso domésticos, superando estereotipos sexistas.
- Recoñecemento dos riscos que poden xerar diferentes aparellos e ferramentas cotiza en función das súas características. Reflexión sobre a prevención de riscos e elaboración conxunta de folletos sobre as normas necesarias para previlos.
- Interese por coidar a presentación dos traballos en papel ou en soporte dixital.
- Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para poder participar nos blogs da escola: <http://blogdasilva-endl.blogspot.com.es/>; <http://leondelibros.blogspot.com.es/>

Temporización.

Segundo o Anexo III do Decreto 130/2007 de 28 xuño, a área de Coñecemento do medio natural, social e cultural no 2º ciclo de Ed. Primaria contará con 3 sesións semanais en 3º curso, e 4 sesións semanais en 4º curso, que se desenvolverán desde o día 10 de setembro de 2014 ao 19 de xuño de 2015, segundo establece a Orde do 13 de xuño de 2014, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2014/2015, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

As sesións terán lugar nos meses de setembro e xuño desde as 09.45 h. da mañá ata as 13.45 h. da tarde, e entre outubro e maio, ambos inclusive, desde as 10.00 h. ata as 13.40 h. pola mañá e desde as 15.20 h. ata as 17.00 h. pola tarde.

CONTIDOS.

TEMPORIZACIÓN	DISTRIBUCIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS POR TRIMESTRE 2º NIVEL(4º EP) NAS ÁREAS DE:			
	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	COÑECEMENTO
1º TRIMESTRE	Unidade 1	Unidade 1	Unidade 1	Unidade 1
	Unidade 2	Unidade 2	Unidade 2	Unidade 2
	Unidade 3	Unidade 3	Unidade 3	Unidade 3
	Unidade 4	Unidade 4	Unidade 4	Unidade 4
	Unidade 5			
2º TRIMESTRE	Unidade 6	Unidade 5	Unidade 5	Unidade 5
	Unidade 7	Unidade 6	Unidade 6	Unidade 6
	Unidade 8	Unidade 7	Unidade 7	Unidade 7
	Unidade 9	Unidade 8	Unidade 8	Unidade 8
	Unidade 10			
3º TRIMESTRE	Unidade 11	Unidade 9	Unidade 9	Unidade 9
	Unidade 12	Unidade 10	Unidade 10	Unidade 10
	Unidade 13	Unidade 11	Unidade 11	Unidade 11
	Unidade 14	Unidade 12	Unidade 12	Unidade 12
	Unidade 15			

3.5 Área de educación artística.

3.5.1 Educación plástica.

Bloque I: Observación plástica.

- Clasificación de texturas e de tonalidades e apreciación de formas naturais e artificiais exploradas sensorialmente e desde diferentes ángulos e posicións.
- Elaboración conxunta de protocolos e de pautas para seguir o procedemento de observación e a súa comunicación oral ou escrita, incorporando unha terminoloxía cada vez máis adecuada.
- Identificación de elementos artísticos, de obras de arte ou de certos aspectos relativos a algunhas delas previamente traballadas na clase na vida cotiá.
- Identificación da variedade de materiais, de técnicas e de tecnoloxías sinxelas que se utilizan na creación de obxectos e de imaxes mediante a observación de producións do contorno artístico e cultural e dos medios de comunicación.
- Valoración e identificación dalgunhas producións artísticas que forman parte do patrimonio cultural galego (xoguetes, disfraces, olería, cestería, encaixes, bordados, petroglifos, xoiería, alfombras florais, Maios, máscaras de Entroido, edificacións...).
- Respecto e coidado do contorno, das obras que constitúen o patrimonio cultural, das producións propias e das demais persoas.
- Interese por buscar información sobre producións artísticas, autoras e autores para a elaboración de traballos diversos (exposicións, cartafolios individuais ou da clase, colaboración en eventos culturais...).
- Interese por dialogar ante unha obra de arte, expresando o que gusta e o que non gusta, así como as emocións que a obra esperta en cadaquén, intentando asociar

CONTIDOS.

aspectos da obra coas sensacións producidas (significado das cores, das liñas, das formas, da representación do espazo...).

- Apreciación dos diferentes significados que pode ter unha obra de arte para cada persoa.
- Análise de imaxes en diferentes formatos identificando elementos variados (enfoque, simetría, repetición, distribución espacial, plano, xestos...).
- Apreciación da incidencia da cultura visual do contorno nas reaccións, nas preferencias e na forma de pensar.
- Comparación de mostras de diversos materiais e observación destes transformados en producións artísticas, reflexionando sobre o proceso de transformación.
- Fomento da fantasía a través da visualización do que podería ser unha representación imprecisa (unha mancha, unha engurra, unha luz, un xogo de liñas...).
- Indagación sobre diferentes maneiras de representar o espazo e aproximación á idea de proporción.
- Exploración de diferentes formas, texturas e obxectos utilizando o tacto, o gusto, o oído e o olfacto, e representación plástica das sensacións que producen.
- Valoración do traballo desenvolvido por mulleres e por homes na produción artística e artesanal.
- Recoñecemento de identificadores artísticos de diferentes culturas e valoración deles (máscaras africanas, sombras chinesas...).

Bloque II: Expresión e creación plástica.

- Busca das posibilidades da cor (tonalidades, gamas...) en contrastes, variacións e combinacións, mesturando diversas clases de pintura, utilizando variados instrumentos

CONTIDOS.

e apreciando os resultados sobre diferentes soportes.

- Experimentación das posibilidades de transformación dos materiais plásticos no referente á ductilidade, á transparencia, á consistencia, á solubilidade...
Comportamento dalgúns materiais en contacto con outros. Aproveitamento destas experiencias nas producións plásticas.
- Experimentación con liñas diversas e formas en diferentes posicións iniciándose no emprego de instrumentos convencionais e non convencionais para deseñalas.
- Elaboración individual e colectiva de imaxes en bandas de deseño, historietas, carteis, murais, mosaicos, tapices e impresións, cunha planificación previa e unha revisión posterior.
- Construción de móbiles, de estruturas, de maquetas e de xoguetes populares galegos.
- Construción de decorados, de máscaras, de vestiario e de personaxes (monicreques, sombras...) e elaboración de maquillaxes para dramatizacións.
- Utilización de fotografías (enfoque e planos) para enriquecer un texto expositivo, para a realización dun álbum ou dunha fotonovela.
- Utilización de diferentes recursos (dos medios de comunicación, informáticos, libros, láminas, teas, materiais de refugallo e naturais...) á súa disposición para a elaboración individual e colectiva de producións artísticas.
- Aplicación, en producións propias, de aspectos observados en obras artísticas galegas e de artistas de renome.
- Interese por axustar o proceso de creación, individual ou en grupo, ás intencións previstas, planificando, seleccionando apropiadamente os materiais e instrumentos segundo as súas posibilidades plásticas, decidindo a técnica máis adecuada, usando responsablemente instrumentos, materiais e espazos, asumindo as tarefas, respectando as normas que o grupo estableza e valorando o resultado final.

CONTIDOS.

- Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medios de expresión de sentimentos e de ideas.
- Recreación de obras de arte significativas da cultura galega e doutras culturas, reflexionando sobre o proceso seguido pola persoa que o realizou.
- Seguridade no uso progresivo de materiais e de obxectos do contorno para expresar e comunicar aspectos do propio mundo: da vida cotiá, da historia da poboación ou do barrio, da historia persoal e familiar.

3.5.2 Educación musical

Bloque I: Escrita

- Identificación da variedade de sons, de músicas, de movementos do corpo e de tecnoloxías que se poden empregar para a expresión musical. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado, utilizando diferentes recursos para o seu seguimento: musicogramas.
- Utilización de obxectos e de instrumentos para explorar os parámetros do son: intensidade, duración, altura e timbre.
- Recoñecemento dos parámetros do son nunha obra musical.
- Identificación visual e auditiva dos instrumentos da orquestra e da música popular galega, atendendo á clasificación por familias instrumentais.
- Interese polas cancións e polos bailes tradicionais de Galicia e das zonas de procedencia dos alumnos/as extranxeiros.
- Interese por coñecer o traballo de artistas e persoas que se adican á composición e á interpretación musical.
- Identificación auditiva das obras máis importantes da Historia da Música e dos seus compositores.
- Interese por obter información sobre compositores, intérpretes, festivais de música e representacións musicais e de danza, empregando diferentes fontes (biblioteca, internet...).

CONTIDOS.

- Interese pola escoita de obras musicais de distintas características e procedencias.
- Valoración positiva da diversidade de opinións, de xuízos e de gustos, relacionados coa música.
- Actitude atenta e silenciosa, respecto ás normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a concertos.

Bloque II: Interpretación e creación musical

- Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, do corpo, dos obxectos e dos instrumentos.
- Asimilación da diferenza entre liñas e espazos no pentagrama.
- Dominio na escritura da Clave de Sol.
- Adquisición da correcta colocación das notas da escala musical no pentagrama.
- Utilización das grafías convencionais na lectura, escritura e interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas: as figuras redonda, branca, negra e corchea, e os seus silencios.
- -Identificación dos tres tipos de compases (binarios, ternarios e cuaternarios).
- Interpretación de partituras a unha ou dúas voces.
- Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas mediante instrumentos de percusión e percusión corporal.
- Utilización da estratexia de repetición e imitación como recursos da improvisación.

CONTIDOS.

- Creación de acompañamentos sinxelos para cancións e pezas instrumentais.
- Memorización e interpretación de xogos motrices, de secuencias de movementos fixados ou inventados e de danzas, procurando unha progresiva coordinación tanto individual coma colectiva.
- Iniciación á interpretación de danzas e de cancións tradicionais galegas.
- Iniciación á creación de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais breves, a partir da combinación de elementos dados.
- Identificación dalgunhas cantigas galegas que acompañaban os momentos de traballo e celebracións (cantigas de arada, de seitura, de esfolia, cantos de reis...) e relación destas coa finalidade para a cal foron concibidas.
- Interese e responsabilidade nas actividades de interpretación e de creación.
- Adquisición progresiva de responsabilidade para favorecer a dinámica de traballo cooperativo na aula.
- Desenvolvemento progresivo de hábitos de coidado da voz, do corpo, dos instrumentos e dos materiais de traballo.

Temporización.

Segundo o Anexo III do D. 130/2007 de 28 xuño, a área de Educación artística no 2º ciclo de Ed. Primaria contará con dúas sesións semanais (unha sesión destinada a educación plástica e outra destinada a educación musical) en 3º curso, e outras dúas en 4º curso (unha sesión destinada a educación plástica e outra destinada a educación musical), que se desenvolverán desde o día 10 de setembro de 2014 ao 19 de xuño de 2015, segundo establece a Orde do 13 de xuño de 2014, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2014/2015, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONTIDOS.

As sesións terán lugar entre as 09.45 h. e as 13.45 h. da mañá nos meses de setembro e xuño e desde as 10.00 h. e as 13.40 h. da mañá e as 15.20 h ata as 17.00 h. da tarde entre outubro e maio, ambos inclusive.

TEMPORIZACIÓN	ÁREA DE ARTÍSTICA	
	E. PLÁSTICA (NIVEL 2 4EP)	E. MUSICAL (NIVEL 2 4EP)
1º TRIMESTRE	Traballo por mini – proxectos.	Unidade 1 Unidade 2
2º TRIMESTRE	Traballo por mini – proxectos.	Unidade 3 Unidade 4
3º TRIMESTRE	Traballo por mini – proxectos.	Unidade 5 Unidade 6

3.6 Área de lingua inglesa.

Bloque I: escoitar e falar.

- Comprensión de mensaxes orais (instrucións e peticións) de progresiva complexidade para realizar tarefas dentro e fóra da aula.
- Participación en situacións reais ou simuladas de comunicación dando respostas verbais e non verbais que supoñan unha elección entre un repertorio limitado de posibilidades, en contextos progresivamente menos dirixidos.
- Participación activa en situacións funcionais de comunicación respectando e empregando as convencións propias do proceso comunicativo: prestar atención á persoa que fala, respectar as quendas de palabra, manter contacto visual, amosar actitude positiva e presentar adecuación da resposta á intervención das outras persoas.
- Produción de textos orais coñecidos previamente mediante a participación en representacións, cancións, recitados, dramatizacións, interaccións dirixidas... ou ben preparados mediante un traballo previo con axudas e modelos, amosando interese por expresarse oralmente en actividades individuais e de grupo.
- Utilización progresiva de estratexias básicas para apoiar a comprensión e a expresión e a expresión oral: uso do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou situación transferidos desde as linguas que coñece á lingua inglesa.
- Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua inglesa como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.
- Identificación e dominio progresivo de aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión e produción de breves textos orais a través do xogo e da expresión corporal e musical.
- Interese por facerse comprender, por entender e por empregar a lingua inglesa en

CONTIDOS.

situacións variadas de comunicación.

Bloque II: Ler e escribir.

- Asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e de expresións orais coñecidas, así como consolidación dalgunhas asociacións grafía-son.
- Lectura e comprensión de diferentes mensaxes de interese para os nenos e as nenas (contos, menús, instrucións, mensaxes de correo electrónico, xogos, etc).
- Uso guiado de estratexias de lectura (utilización de imaxes e informacións visuais, transferir os seus coñecementos desde as linguas que coñece) identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.
- Lectura expresiva e escritura de textos propios de situación cotiás, próximas como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos.
- Composición de textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados moi coñecidos oralmente para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da vida diaria.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para ler e transmitir información (webs, programas multimedia).
- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos valorando o seu sentido estético.
- Interese por cooperar na utilización da lingua estranxeira na súa forma escrita na aula, por expoñela como recordatorio visual e para a aprendizaxe de novas palabras e expresións.
- Iniciación ao coñecemento e uso das estratexias básicas para producir textos

CONTIDOS.

(elección da persoa destinataria, finalidade, planificación, etc...) a partir de modelos moi estruturados.

- Presenza da lingua estranxeira no contorno próximo.

Bloque III: Reflexión sobre a lingua e consciencia intercultural.

- Autonomía no emprego dun cartafol dun cartafol individual.
- Uso de estratexias (repetición, imitación, memorización, asociación de palabras e expresións con xestos, imaxes ou sons, observación de modelos, lectura de textos, utilización de soportes multimedia) como instrumentos de axuda para a aprendizaxe.
- Reflexión sobre a utilización progresiva de diferentes medios (dicionarios visuais e bilingües, Internet, materiais audiovisuais e multimedia...) como instrumentos de axuda para a aprendizaxe.
- Confianza na propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira, aceptación do erro como parte do proceso e valoración do traballo cooperativo como forma de acadar obxectivos de aprendizaxe.
- Utilización de recursos de compensación de insuficiencias no uso da lingua oral: xestos, definicións, debuxos.
- Identificación de aspectos lingüísticos e culturais pouco complexos diferentes e semellantes á nosa realidade a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (diferentes horarios, festas, hábitos).
- Recoñecemento do valor da lingua inglesa para achegarse a nenos e nenas doutras culturas que teñen formas de vida e formas de pensar diferentes da propia.
- Actitude receptiva cara ás persoas que falan outra lingua e teñen culturas, hábitos, crenzas e formas de vida diferentes.

CONTIDOS.

- Interese por coñecer información sobre as persoas e a cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.

Temporización.

Tendo en conta o Anexo III do D. 130/ 2007 de 28 de xuño, a área de lingua estranxeira, no segundo ciclo da Educación Primaria, o alumnado terá 3 sesións semanais, que se impartirán desde o día 10 de setembro de 2014 ao 19 de xuño de 2015. Segundo establece a Orde do 13 de xuño de 2014, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2014/2015, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

As sesións terán lugar entre as 09.45 h. e as 13.45 h. da mañá nos meses de setembro e xuño e desde as 10.00 h. e as 13.40 h. da mañá e as 15.20 h ata as 17.00 h. da tarde entre outubro e maio, ambos inclusive.

A distribución das unidades de contido ó longo do curso é a seguinte:

Claves: Introducción (I) Unidade Principal (MU) Unidade de Festivais (F).

CONTIDOS.
Utilizar adecuadamente os diferentes determinantes demostrativos.	X						X	X
Recoñecer un texto de opinión e opinar con argumentos razoados.	X						X	X
Formar antónimos utilizando os prefixos deas- e in-.	X						X	X
Escribir correctamente palabras terminadas en -illo e -illa e palabras cos grupos mp e mb.	X						X	X
Recoñecer os determinantes posesivos e numerais.	X						X	X
Realizar sinxelas descrições.	X						X	X
Distinguir diminutivos terminados en -ito, -ita, -illo, -illa.	X						X	X
Distinguir os aumentativos e coñecer a súa formación.	X						X	X
Escribir correctamente palabras cos grupos bl e br.	X						X	X
Identificar correctamente os verbos terminados en -aba, -abas...	X						X	X
Recoñecer o pronome persoal.	X						X	X
Identificar e escribir retratos.	X					X	X	X
Distinguir e formar palabras compostas.	X						X	X
Escribir correctamente os sons ga, go, gu, gue, gui, ge, gi, güe, güi.	X						X	X
Recoñecer o verbo e saber corresponder as distintas formas co infinitivo adecuado.	X						X	X
Recoñecer a rima e facer rimas sinxelas.	X						X	X
Expresar o significado de frases feitas usadas habitualmente.	X						X	X
Escribir correctamente palabras que empezan por hie- e hue-.	X						X	X
Escribir correctamente as formas dos verbos facer, haber e falar.	X						X	X
Identificar o presente, o pasado e o futuro dos verbos.	X						X	X
Memorizar retrousos e trabalinguas.	X				X		X	X

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

MÍNIMOS ESIXIBLES	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8
Recoñecer palabras que pertencen á mesma familia léxica.	X						X	X
Escribir exemplos de verbos acabados en -bir e en -vir.	X						X	X
Completar oracións ás que lles falte o suxeito ou o predicado.	X						X	X
Converter un texto narrativo en teatral.	X				X	X	X	X
Ler adecuadamente un texto teatral.	X							
Recitar poemas coa entoación adecuada.	X				X	X	X	X
Recoñecer o significado común dun campo semántico.	X				X	X	X	X
Usar a norma ortográfica dos verbos rematado en -ger e en -gir, e as súas excepcións.	X				X	X	X	X
Distinguir oracións enunciativas, interrogativas e exclamativas.	X				X		X	X
Identificar e utilizar trazos da lingua literaria.	X				X	X	X	X

5.3 Área de lingua galega e literatura.

C1 competencia en comunicación lingüística. **C2** competencia matemática. **C3** competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. **C4** tratamento da información e competencia dixital. **C5** competencia social e cidadá. **C6** competencia cultural e artística. **C7** competencia para aprender a aprender. **C8** Autonomía e iniciativa persoal.

MÍNIMOS ESIXIBLES	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8
Utilizar certo léxico relacionado co campo semántico tratado na unidade.	X				X		X	X
Saber ou nome das letras e a súa orde alfabética.	X	X			X		X	X
Utilizar a maiúscula ao comezo dun escrito, detrás de punto e nos nomes propios.	X						X	X
Dividir correctamente palabras en sílabas e a final de liña.	X	X					X	X
Identificar a sílaba tónica das palabras.	X					X	X	X
Distinguir ou nome e diferenciar entre nomes comúns e propios.	X				X	X	X	X
Recoñecer enunciados interrogativos e aplicar ou signo de interrogación.	X				X	X	X	X
Recoñecer vos distintos significados de palabras polisémicas.	X						X	X
Identificar vos adxectivos e usalos con corrección.	X						X	X
Utilizar correctamente o signo de admiración e as palabras con c e z.	X				X		X	X
Comprender un texto escrito.	X				X		X	X
Empregar con corrección as formas do xénero e do número.	X	X					X	X
Escribir correctamente palabras con mp e mb.	X	X					X	X
Comprender un texto escrito.	X				X		X	X
Formar palabras novas mediante sufixos.	X						X	X
Formar palabras novas mediante sufixos.	X						X	X
Utilizar con corrección os artigos e os indefinidos coas súas contraccións.	X						X	X
Comprender un texto escrito.	X				X		X	X

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

MÍNIMOS ESIXIBLES	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8
Utilizar correctamente os demostrativos e os posesivos.	X						X	X
Escribir con corrección palabras con b.	X						X	X
Formar palabras derivadas.	X						X	X
Identificar e utilizar correctamente vos pronomes persoais.	X				X		X	X
Escribir correctamente palabras con r forte, r suave e rr.	X				X		X	X
Formar aumentativos e diminutivos.	X						X	X
Recoñecer o verbo e as súas conxugacións.	X						X	X
Escribir correctamente palabras con v.	X						X	X
Formar palabras compostas.	X						X	X
Identificar as formas verbais en presente, pasado e futuro.	X						X	X
Escribir correctamente verbos rematados en -aba.	X						X	X
Comprender un texto correctamente.	X						X	X
Identificar e formar familias de palabras.	X						X	X
Clasificar as oracións en enunciativas, interrogativas e exclamativas.	X						X	X
Escribir correctamente palabras con g-gu e usar correctamente a diérese.	X						X	X
Recoñecer a concordancia entre suxeito e predicado.	X				X		X	X
Escribir con corrección palabras con h .	X						X	X
Escribir con corrección unha carta.	X				X		X	X

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

5.4 Área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

C1 competencia en comunicación lingüística. **C2** competencia matemática. **C3** competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. **C4** tratamento da información e competencia dixital. **C5** competencia social e cidadá. **C6** competencia cultural e artística. **C7** competencia para aprender a aprender. **C8** Autonomía e iniciativa persoal.

MÍNIMOS ESIXIBLES	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8
Indicar as características xerais do ser humano.	X		X		X		X	X
Saber cales son as funcións básicas do corpo humano.			X				X	X
Indicar as etapas da vida dunha persoa.	X		X		X		X	X
Relatar as fases e órganos implicados nas funcións de relación.	X		X		X		X	X
Identificar os os sentidos e os seus órganos.	X		X		X		X	X
Recoñecer as partes do esqueleto, as articulacións e as súas funcións.	X		X		X		X	X
Identificar a musculatura do corpo humano e as súas funcións.	X		X		X		X	X
Recoñecer a perda de percepción sensorial nalgunhas persoas.	X		X		X			
Identifica as características xerais dos animais. Medios nos que viven.	X		X		X		X	X
Clasificar aos animais en vertebrados e invertebrados indicando algúns grupos de invertebrados e vertebrados realizando un esquema ou mapa mental.	X		X			X	X	X
Recoñecer as características xerais das plantas.	X		X				X	X
Identificar as partes dunha planta. A flor, as súas partes e debúxaas.	X		X			X	X	X
Clasificar os diferentes tipos de plantas segundo a súa reprodución e segundo os seus talos.	X		X				X	X
Contribuír na elaboración dun mural no que se establece a composición do Sistema Solar.	X		X			X	X	X
Recoñecer a forma, aspecto e composición da Terra.	X		X				X	X
Utilizar un globo terráqueo e unha lanterna para explicar as consecuencias da rotación terrestre.	X		X			X	X	X

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

MÍNIMOS ESIXIBLES	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8
Identificar as fases lunares.	X		X			X	X	X
Saber o porqué na Terra existen catro estacións unha vez visto un vídeo sobre as mesmas.	X		X		X		X	X
Saber que o control do paso do tempo establécese co calendario e explicar a súa estrutura utilizando o calendario de aula ou un calendario dixital.	X		X	X	X		X	X
Saber o que é o aire e establece a súa composición	X		X				X	X
Saber o que é a atmosfera e identifica algúns fenómenos atmosféricos de acordo a unhas imaxes.	X		X			X	X	X
Realizar un esquema ou mapa mental dos estados da auga, indica exemplos.	X		X			X	X	X
Identificar a distribución das augas no Planeta nunha imaxe dun globo terráqueo.	X		X			X	X	X
Representar as fases do ciclo da auga e indica as súas fases nun debuxo .	X		X			X	X	X
Recoñecer a importancia e usos da auga: potabilización e depuración da auga.	X		X				X	X
Decatarse do efecto negativo da contaminación na súa comarca e na escola, preocuparse de apagar as luces na aula unha vez que se rematan as sesións, recoller papeis tirados na aula ou no patio dentro das súas posibilidades.	X		X		X		X	X
Identificar os elementos que forman unha paisaxe.	X		X				X	
Identificar nunha imaxe algunhas formas do relevo de paisaxes de interior.	X		X	X		X	X	X
Identificar nunha imaxe algunhas formas do relevo de paisaxes costeiras.	X		X	X		X	X	X
Identificar as unidades para medir o tempo histórico e as súas equivalencias.	X	X	X				X	X
Establecer diferencias entre as máquinas simples e as máquinas compostas.	X		X				X	X
Realizar un esquema ou mapa mental coas idades da historia.	X		X				X	X
Relacionar determinados servizos cos seus oficios.	X		X		X		X	

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

MÍNIMOS ESIXIBLES	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8
Establecer diferencias entre as ferramentas e as máquinas.	X		X				X	X
Ante as imaxes dun plano e dun mapa indica a cal se refire cada unha.	X		X	X	X		X	X
Realiza un esquema ou mapa mental cos tipos de mapas.	X		X			X		
Identificar os polos, o eixe, os hemisferios e os puntos cardinais nun círculo que representa o globo terráqueo.	X		X			X	X	X
Identificar os continentes da Terra e territorios españois: e indica os seus nomes e localización en mapas.	X		X		X	X	X	X
Recoñecerse como parte constituínte dos grupos de persoas: a familia, os veciños, a escola e respecta as normas de convivencia en especial ás da escola.	X		X		X		X	X
Realizar un esquema ou mapa mental na que se describan os tipos de localidade: as aldeas, vilas e cidades e o concepto de barrio.	X		X			X	X	X
Saber o que é un concello e recoñecer algúns dos seus servizos municipais.	X		X		X		X	X

5.5 Área de educación artística.

C1 competencia en comunicación lingüística. **C2** competencia matemática. **C3** competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. **C4** tratamento da información e competencia dixital. **C5** competencia social e cidadá. **C6** competencia cultural e artística. **C7** competencia para aprender a aprender. **C8** Autonomía e iniciativa persoal.

5.5.1 Educación plástica.

MÍNIMOS ESIXIBLES	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8
Identificar formas e cores nas imaxes que se presentan.	X	X				X		
Recoñece e interpreta diferentes versións dunha mesma obra artística.	X					X	X	
Imitar o trazado das tramas para sombrear os modelos.	X					X	X	
Utiliza o lapis de grafito no sombreado e consegue diferentes tons.						X	X	X
Interpretar esquemas de animais diferentes reproducíndoos convenientemente.	X					X		X
Coñecer monumentos famosos e obras pictóricas da contorna e doutras culturas.	X					X		
Reproduce paisaxes que representen distintos momentos do día e da noite.	X					X	X	X
Verbalizar correctamente as instrucións para construír motivos do Nadal e do Entroido.	X					X	X	X
Valorar as obras de arte doutras culturas e da propia.	X				X	X		X
Manexar os materiais e pigmentos necesarios no acabado dos traballos.						X	X	X
Identificar formas incompletas e componas na súa totalidade.						X	X	X
Valorar o retrato como motivo artístico e crea variantes dun modelo.	X					X	X	X
Relacionar xestos e posturas, debuxa e coloreas de xeito adecuado.	X				X	X	X	X

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

MÍNIMOS ESIXIBLES	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8
Localizar figuras xeométricas en obras de arte e analiza a súa harmonía.	X	X				X	X	X
Combinar pictogramas con palabras para completar unha banda deseñada.	X					X	X	X
Observar a combinación harmónica de formas e cores diferentes nun modelo.						X	X	X
Visualizar correctamente as pezas que completan un quebracabezas e colocalas exactamente.		X				X	X	X
Perfeccionar a técnica do recortado con diferentes modelos.						X		X
Interpretar correctamente as instrucións para a realización de tarefas que encerren certa dificultade e consegue con iso un bo acabado.	X					X	X	X
Aplicar tramas de cor para a realización de diferentes paisaxes.						X	X	X
Debuxar persoas en movemento e intégraas en escenas cotiás.					X	X	X	X
Exercitar a técnica do rachado do papel e valora o aproveitamento de materiais de refugallo.			X		X	X	X	X
Aplicar a técnica do puntillismo en elaboracións propias.						X	X	X
Aplicar a técnica de darlle cor aos debuxos aplicando manchas de cor.						X	X	X
Relacionar textos con imaxes.	X					X	X	
Valorar as obras de arte como elementos estéticos e modelos a imitar.	X				X	X		
Participar en actividades grupais e na representación de dramatizacións.	X				X	X	X	X

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

5.5.2 Educación musical.

C1 competencia en comunicación lingüística. **C2** competencia matemática. **C3** competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. **C4** tratamento da información e competencia dixital. **C5** competencia social e cidadá. **C6** competencia cultural e artística. **C7** competencia para aprender a aprender. **C8** Autonomía e iniciativa persoal.

MÍNIMOS ESIXIBLES	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8
Identifica e analiza os parámetros do son (altura, intensidade, duración e timbre).	X		X		X		X	X
Escribe correctamente a Clave de sol.						X	X	X
Diferencia claramente no pentagrama, as liñas dos espazos.	X					X	X	X
Coloca correctamente no pentagrama todas as notas da escala musical.	X					X	X	X
Asocia as representacións gráficas convencionais das figuras musicais (redonda, branca, negra e corchea) e dos silencios (redonda, branca, negra e corchea), co son que producen, e viceversa.	X	X				X	X	X
Interpreta correctamente tres das pezas instrumentais que se traballaron ao longo do curso.	X	X	X	X	X	X	X	X
Identifica visual e auditivamente as diferentes familias de instrumentos e cada instrumento en particular.	X		X	X	X	X	X	X
Amosa interese, respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo nas actividades de interpretación e de creación.	X				X		X	X

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

5.6 Área de lingua inglesa.

C1 competencia en comunicación lingüística. **C2** competencia matemática. **C3** competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. **C4** tratamento da información e competencia dixital. **C5** competencia social e cidadá. **C6** competencia cultural e artística. **C7** competencia para aprender a aprender. **C8** Autonomía e iniciativa persoal.

MÍNIMOS ESIXIBLES	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8
Ser quen de saber estar, é dicir, seguir instrucións básicas respectando as normas dos intercambios orais permitindo un clima de convivencia nas sesións de lingua inglesa.	X		X		X	X		X
Ser quen de ser autónomo traendo os materias e tarefas solicitados en lingua inglesa.	X				X		X	X
Ser quen de usar fórmulas de cortesía, de entrada, saída e gratitude.	X				X	X	X	X
Saber presentarse respondendo a preguntas “ad hoc”.	X		X		X		X	
Ser quen de describirse e de describir a un/unha compañeiro/a de clase utilizando a linguaxe oral.	X						X	X
Ser quen de nomear as letras do alfabeto en lingua inglesa.	X						X	
Ser capaz de recoñecer -a lo menos- dúas celebracións culturais en lingua inglesa.	X				X	X	X	
Ser quen de responder (de forma oral e escrita) a preguntas que conteñen o vocabulario e estruturas lingüísticas previstas na programación de actividades e tarefas do nivel 1 e 2.	X	X	X	X	X	X	X	X
Ser quen de amosar unha participación activa cara os traballos.	X				X		X	X
Ser quen de coidar a estética dos traballos realizados.						X	X	X
Ser quen de identificar e escribir os números do 0 ao 100	X	X						
Ser quen de preguntar e dicir as horas coas estruturas: o'clock, half past, quarter past, quarter to.	X	X	X					
Ser capaz de participar nas dramatizacións e xogos propostos empregando formas lingüísticas e non lingüísticas amosando comprensión.	X				X		X	X

5.7 Área de educación física.

C1 competencia en comunicación lingüística. **C2** competencia matemática. **C3** competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. **C4** tratamento da información e competencia dixital. **C5** competencia social e cidadá. **C6** competencia cultural e artística. **C7** competencia para aprender a aprender. **C8** Autonomía e iniciativa persoal.

MÍNIMOS ESIXIBLES	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8
Tomar conciencia das posibilidades e limitacións de movemento do propio corpo.	X		X		X	X	X	X
Practicar con eficiencia as habilidades básicas.		X	X		X		X	X
Iniciar e practicar as habilidades específicas.		X	X		X		X	X
Conquerir nos hábitos de saúde, de hixiene corporal, postural e de alimentación.	X		X	X	X	X	X	X
Concienciar dos posibles riscos que ten a práctica da actividade motriz e física.	X		X	X	X	X	X	X
Coñecer a importancia da relaxación e respiración.	X		X			X	X	X
Desenvolver a coordinación dinámica xeral, óculo-manual e pédica.	X	X	X		X	X	X	X
Coñecer e aplicar os recursos expresivos do corpo para manifestar estados de ánimo, sensacións e xestos.	X		X		X	X	X	X
Respectar as normas de xogo establecidas, tanto polo grupo de xogo, coma polo regulamento do xogo.	X		X		X		X	X
Participar de forma habitual en calquera tipo de actividade motriz, de xeito lúdico e sen ter en conta os resultados.	X	X	X		X	X	X	X
Aceptar aos seus compañeiros e compañeiras independentemente das súas características persoais, sociais e sexuais.	X		X		X	X	X	

5.8 Área de educación relixiosa católica.

C1 competencia en comunicación lingüística. **C2** competencia matemática. **C3** competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. **C4** tratamento da información e competencia dixital. **C5** competencia social e cidadá. **C6** competencia cultural e artística. **C7** competencia para aprender a aprender. **C8** Autonomía e iniciativa persoal.

MÍNIMOS ESIXIBLES	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8
Escoitar, comprender, expoñer e dialogar.	X							
Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.	X							
Expresar emocións, vivencias e opinións.	X							
Utilizar a linguaxe con versatilidade en función do contexto.								
Coidar o medio ambiente.			X					
Consumir de xeito racional e responsable.			X					
Percibir o espazo físico no que se desenvolve a vida.			X					
Interpretar e expresar informacións.		X						
Descifrar códigos numéricos elementais.		X						
Analizar a imaxe e as mensaxes que transmite.				X				
Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.					X			
Dialogar para mellorar a comprensión da realidade.					X			
Comunicarse en distintos contextos.					X			
Crear un sistema de valores propio baseado no respecto, especialmente aos crentes doutras relixións.					X			
Comprender a realidade relixiosa e social a partir da súa análise.					X			
Cultivar a propia capacidade estética mediante a expresión artística e a expresión plástica.						X		
Expresarse mediante elementos plásticos a través da iniciativa, a imaxinación e a creatividade.						X		
Desenvolver habilidades e actitudes que permitan acceder ás distintas manifestacións.						X		
Coñecer as obras e as manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural cristián.						X		

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

MÍNIMOS ESIXIBLES	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8
Utilizar as manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e goce.						X		
Manter unha actitude respectuosa cara a expresións artísticas e manifestacións cristiás.						X		
Dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuo.							X	
Perseverar e esforzarse, aceptando os erros e aprendendo deles.							X	
Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.							X	
Xestionar e controlar de forma eficaz os procesos de aprendizaxe.							X	
Lograr experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.							X	
Desenvolver valores persoais como a responsabilidade, a colaboración, a axuda aos demais, a perseveranza, etc.								X
Afrontar os problemas e atopar solucións para eles.								X
Elixir con criterio propio e levar adiante iniciativas no eido persoal.								X
Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, diálogo, agradecemento, cooperación e traballo en equipo.								X

6 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

A Orde de 23 de novembro de 2007 que establece a avaliación da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia dinos que esta debe ser global, continua, formativa e integradora.

Deste xeito, a avaliación é un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

En calquera caso, sempre é bo ter presente que debe ser a avaliación e cales son os seus principios e as súas modalidades máis convenientes.

6.1 Áreas dos titores.

6.1.1 Principios da avaliación.

O proceso de avaliación rexerese segundo os seguintes principios:

- Que sexa un medio, non un fin en si mesma.
- Que constitúa un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Que atenda ás diferenzas individuais.
- Hai que partir do que se quere avaliar e despois avalialo.
- Traballar en equipo á hora do seu deseño.
- Ter flexibilidade ao elixir os criterios ou probas.
- Debe basearse en criterios claros e o máis obxectivos posibles.
- Hai que dotala dun mínimo de requisitos para a súa realización.
- Debe tratar aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Ten que recoller ao máximo todos os aspectos da personalidade.
- Reflectir de maneira clara: que, como e cando debe realizarse.
- Propiciar ao seu termo o proceso de reorganización específico e global (feed-back).

6.1.2 Modalidades de avaliación.

Dentro do proceso de avaliación poden distinguirse as seguintes modalidades:

Avaliación inicial do alumnado.

Ademais da información recibida obtida no expediente escolar, o novo profesor titor aplicaralle ao alumnado unha proba inicial coa que se determinará o punto de partida dende o que este inicia as novas aprendizaxes, e o equipo docente tomará as decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e á súa adecuación ás súas características e o seu nivel de coñecementos.

Do mesmo xeito, estes datos servirán de base para adoptar as medidas necesarias de

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

atención á diversidade recollidas no plan correspondente a aqueles alumnos e alumnas que o precisen co fin de facilitarlles a continuación do seu proceso de aprendizaxe e o acceso ao currículo.

Avaliación continua

A avaliación continua será realizada polo equipo docente de cada un dos cursos do ciclo de xeito colexiado e será coordinada polo seu profesor titor.

Cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o axeitado, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan.

As sesións de avaliación que se realizarán ao longo de cada curso escolar serán tres: unha no mes de decembro, outra no mes de marzo, e a última no mes de xuño.

En cada sesión de avaliación que celebren os equipos docentes, da que o titor levantará unha acta, intercambiarase información e adoptaranse os acordos e decisións que se considere sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado orientadas á súa mellora, e realizarase igualmente unha valoración dos resultados derivados destes acordos. Igualmente acordarase a información que, sobre o proceso persoal de aprendizaxe seguida, se transmitirá a cada alumno ou alumna e ao seu pai, a súa nai ou os seus titores legais.

Avaliación final

Ao termo de cada curso, valorarase o progreso global de cada alumno e alumna, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo. E, ao finalizar o ciclo, o equipo docente, tendo en conta os mínimos esixibles que figuran nos correspondentes currículos de cada ciclo, e informados o pai, a nai ou os titores legais, tomará a decisión sobre a promoción ou non do alumno/a ao seguinte ciclo ou etapa. Para a adopción da decisión tomarase especialmente en consideración a información e o criterio do profesor ou a profesora titor.

O profesor titor do alumnado citará individualmente os representantes legais aos que informará por escrito sobre os resultados do proceso de avaliación e sobre a decisión

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

sobre a promoción ao ciclo seguinte. Esta información referirase aos obxectivos establecidos no currículo para as distintas áreas e aos progresos e dificultades detectados no grao de adquisición das competencias básicas e na consecución dos obxectivos de cada unha das áreas.

No caso de ter que avaliar un alumno con necesidade específica de apoio educativo, o titor/a, co asesoramento do equipo de orientación educativa e do profesorado de apoio á integración, aplicará os criterios de avaliación que fose establecido nas adaptacións curriculares, as cales serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición das competencias básicas.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumno ou alumna disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa aprendizaxe, os obxectivos alcanzados e as competencias básicas adquiridas. O devandito informe será elaborado polo equipo docente, de acordo co establecido, a tales efectos, pola consellaría competente en materia de educación.

Avaliación de diagnóstico

O alumnado, ao finalizar o segundo ciclo da Educación Primaria, realizará unha avaliación de diagnóstico das competencias básicas alcanzadas, de conformidade co que estableza a consellaría competente en materia de educación. Esta avaliación non terá efectos académicos para o alumnado e terá carácter formativo e orientador para os centros docentes e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.

Dita avaliación realizarase aproximadamente arredores do mes de abril-maio. O alumnado que cursa o 2º nivel do segundo ciclo de educación primaria terá que realizar as devanditas probas, a excepción do alumnado con necesidades educativas especiais que teñan unha proposta de elaboración de adaptación curricular ou aqueles casos que baixo a consideración do equipo directivo e coa supervisión de Inspección Educativa sexan susceptibles de non realizala.

Os centros docentes utilizarán os resultados destas avaliacións de diagnóstico para, entre outros fins, organizar, no terceiro ciclo da Educación Primaria, as medidas de atención á diversidade para os alumnos e alumnas que as requiran, dirixidas a garantir que todo o

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

alumnado vaia no bo camiño de adquirir as competencias básicas. Así mesmo, estes resultados permitirán, xunto coa avaliación dos procesos de ensino e a práctica docente, analizar, valorar e reorientar, se procede, as actuacións desenvolvidas nos dous primeiros ciclos da etapa.

O proxecto educativo deberá establecer os procedementos e criterios de avaliación comúns que axuden ao profesorado a valorar o grao de desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos xerais da etapa e facilite a toma da decisión máis adecuada en cada momento do proceso avaliador.

6.1.3 Criterios de avaliación.

Como criterios de avaliación comúns a considerar en todas as áreas, e ao longo de todo o proceso de aprendizaxe durante a Educación Primaria, considéranse os seguintes:

- Expón oralmente de xeito claro e coherente as súas experiencias, as súas ideas e sentimentos, achegando ideas e facendo preguntas en relación co tema.
- Expresa de forma oral relatos e exposicións de clase de xeito coherente.
- Participa en diálogos, conversacións, charlas de clase, etc., respectando as normas que facilitan o intercambio comunicativo: pide a palabra, intervén cando corresponde, escoita as intervencións dos seus compañeiros e compañeiras, expón as súas razóns para explicar o seu comportamento e os seus gustos.
- Respecta aos demais e as normas establecidas (escoita as intervencións, espera o momento de intervención).
- Realiza resumos de textos lidos axeitados ao seu nivel e explica e intercambia ideas, sentimentos e opinións sobre eles.
- Localiza e recupera información en textos adecuados ao seu nivel previamente lidos e é capaz de extraer conclusións e inferencias destes.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

- Utiliza de forma habitual os libros como medio de diversión e desfrute, dentro e fóra da aula.
- Distingue usos racistas, sexistas e estereotipados en conversacións, audicións, contos e imaxes, manifestando sensibilidade, aceptación e respecto ante as diferenzas individuais, así como vontade de emprender autocorreccións pertinentes para evitar estes usos da linguaxe.
- Presenta os escritos e traballos de forma clara e limpa, valorando a súa execución coidadosa.
- Participa sistematicamente na realización de tarefas e mostra satisfacción por iso.
- Mostra interese e curiosidade por aprender.
- Respecta as normas elementais de relación e convivencia nos contextos familiar e escolar.
- Participa nas actividades de grupo do colexio (xogos, conversacións, dramatizacións, postas en común, etc.).
- Mostra unha actitude de aceptación e respecto cara aos demais e non rexeita nin discrimina a ninguén nos seus xogos nin nas tarefas escolares que realiza.
- Participa e colabora cos outros nenos e nenas do grupo nas actividades da aula.
- Mostra interese polas achegas dos demais, valorando o aspecto cooperativo da aprendizaxe.
- Traballa en equipo.
- Utiliza a linguaxe como instrumento de aprendizaxe: para memorizar, anotar, preguntar, comprender, responder.

- Elixe e utiliza os instrumentos e materiais adecuados para realizar actividades diferentes.
- Valora a elaboración persoal de materiais propios para a aprendizaxe.
- Coida os materiais de traballo e do centro.

Os criterios de avaliación propios de cada área serán os que aparecen fixados nos apartados correspondentes a estes dentro do currículo de cada ciclo.

6.1.4 Promoción do alumnado.

O procedemento co que se levará a cabo a toma de decisións sobre a avaliación e a promoción do alumnado en Educación Primaria farase segundo o establecido na Orde do 23 de novembro do 2007, polo que se regula a avaliación da Educación Primaria, tendo en conta o seguinte:

- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua e global e terá en conta o progreso do alumno ou a alumna no conxunto das áreas do currículo.
- A avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado.
- O proceso de avaliación terá como obxectivos: proporcionar unha información constante do proceso educativo; mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa; e detectar as dificultades no momento en que se produzan.
- O profesorado levará a cabo a avaliación, preferentemente a través da observación continuada da evolución do proceso de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e da súa maduración persoal.

6.2 Área de educación musical.

Os procedementos e instrumentos que se utilizarán na avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as son aqueles cos que se pretende obter información acerca do grao de consecución dos obxectivos propostos.

- En primeiro lugar, temos que ter en conta que **a avaliación debe ser flexible**, partindo do curso educativo do alumnado e das súas propias características, posibilidades e intereses. Para iso empregamos a “**avaliación inicial**”, momento no que comeza o proceso de ensinanza – aprendizaxe e que nos indica o nivel de coñecementos cos que parten os nosos alumnos/as. Con esta información, xa podemos levar a cabo unha programación máis individualizada para cada alumno/a. E para seguir recibindo información, temos a “**avaliación continua**”, que se realizará ao longo de todo o proceso de ensino – aprendizaxe e pretende valorar o grao de consecución dos obxectivos nese momento concreto do mesmo. Para rematar coa “**avaliación final ou sumativa**”, na que se valorarán os resultados finais conseguidos polo alumnado en relación cos obxectivos e mínimos esixibles establecidos na Programación Didáctica da área.

Tendo en conta todo isto, os procedementos e instrumentos que se empregarán na avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as serán:

- **Técnicas de observación sistemática do alumno/a:** asistencia diaria, participación na clase, realización das tarefas indicadas, comportamento, destrezas e habilidades que amosa...
- **Probas obxectivas (teóricas e prácticas)** relativas aos contidos traballados na clase, para observar cal é o grao de coñecementos que acadou o alumno/a. No 4º curso de E. Primaria estas probas valoraranse coas actividades realizadas no caderno de pentagramas e con probas prácticas de interpretación musical (fauta, instrumentos de placas ou instrumentos de percusión).
- **Valoración individual e colectiva** das propias produccions e elaboracions musicais.
- Para rematar, proponho introducir a propia **autovaloración das produccions musicais** por parte do alumnado como un instrumento máis. Esta valoración farase a través da audición, visionado e análise por parte alumnado, axudado se é necesario

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

polo profesorado, das actividades levadas a cabo. Desta maneira, o alumno/a será máis consciente dos seus erros para así poder mellorar.

6.3 Área de lingua inglesa.

A avaliación é continua, é dicir está presente durante todo o curso académico, á súa vez esta constará dunha avaliación inicial, formativa e sumativa.

- **Diagnóstica ou inicial:** *(ao inicio do curso)*
 - Determinar fortalezas e limitacións nos alumnos.
 - Función primordial: ubicar/ clasificar/ prever.

- **Formativa:** *(ao longo do curso)*
 - Probas obxectivas, observación directa (comportamento, trae o material, realiza o “My project”, realiza a práctica tic) autoavaliación e coavaliación.
 - Función primordial: Dar seguimento e control de calidade co fin de promover medidas de reforzo educativo se fose necesario.

- **Sumativa:** *(ao final do curso)*
 - Función primordial: Valorar os logros acadados nos diferentes trimestres comprobando o alcance dos mínimos esixibles.

6.4 Área de educación física.

Basicamente o que se expón de seguido, é válido para tódolos ciclos do ensino primario.

Por medio da avaliación flexible, e non dun xeito mecánico, tendo en conta o ciclo educativo do alumnado e as súas propias características e posibilidades, coñecerase o nivel de cumprimento dos obxectivos xerais.

Terase en conta que ademais, a avaliación cumpre unha función formativa, indicando ao mestre se todo marcha ben, ou se polo contrario debe aplicar mecanismos correctores para as insuficiencias dos/as alumnos/as, ou para a súa propia metodoloxía. Comeza no principio do proceso de aprendizaxe e remata no momento da avaliación final ou sumativa, na que se valoran os resultados conquistados polo/a alumno/a en relación coas capacidades indicadas nos obxectivos xerais.

Pero para chegar a isto pasamos por unha avaliación continua, que se realizará ao longo de todo o proceso ensino- aprendizaxe e pretende describir e interpretar, non tanto medir e clasificar, e tamén pasamos por unha avaliación global, que fixa a atención no conxunto das áreas e, en particular, nos diferentes tipos de contidos, é dicir, considera tódolos elementos e procesos que están relacionados co que é obxecto de avaliación.

Non debemos esquecer como algo fundamental en primaria, a avaliación inicial, que proporciona datos sobre os coñecementos previos dos/as alumnos/as para decidir o nivel no que deben desenrolárense os novos contidos a ensinar e as relación que deben establecerse entre eles.

A avaliación en actitudes e valores implica dificultades especiais. Algúns contidos actitudinais podémolos comprobar na pista de xogo, aula de Educación Física, pero outros escápanse ás nosas observacións. As opinións e comportamentos serán as vías para comprobalo.

Gran parte do que o/a alumno/a aprende tanto no que a valores coma actitudes se refire, non se lle ensina sistemática e conscientemente, será tarefa do/a mestre/a recrear na práctica, actuando como modelo, os sistemas de valores, actitudes e normas, que serán

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

asumidos e interiorizados polo alumnado nun proceso reflexivo.

O/A mestre/a autoavaliará a súa actividade na aula tendo en conta obxectivos, actividades, estratexias, metodoloxía, materiais, organización, etc.

Instrumentos e procedementos de avaliación

Dado que os instrumentos de avaliación, deben ser variados, deben dar información concreta do que se pretende avaliar, deben utilizar distintos códigos, deben ser aplicables en situación máis ou menos estruturadas da actividade escolar e deben permitir avaliar a transferencia dos aprendizaxes a contextos distintos daqueles nos que se adquiriron, sinalamos os seguintes instrumentos e procedementos de avaliación:

- Probas específicas.
- Interpretación de datos.
- Diferentes test.
- Probas de axilidade, de coordinación, de lanzamentos, carreiras.
- Observación sistemática.
- Pautas de observación.
- Cuestionarios de avaliación.
- Rexistros anecdóticos.
- Diarios de clase.

6.5 Área de relixión católica.

Partindo da base que a avaliación serve como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto ao proceso de ensino-aprendizaxe, considero que non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha banda, indicando que obxectivos conséguense e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

Realizarei unha avaliación inicial, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, con obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

Avaliación formativa continua, que pretende coñecer si vanse logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso e como proceso. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e auto-corrector do proceso educativo desde o seu comezo, o que require unha avaliación inicial previa.

Avaliación sumativa, que estima os méritos ao finalizar o currículo (máis cuantitativa), na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; é dicir, avaliación do resultado.

Realizaremos probas de avaliación orais ou escritas correspondente as diferentes unidades, observación directa no alumno en diferentes momentos e ambientes, intercambio de información con outros mestres que interveñen co alumno/a facendo un seguimento da avaliación en follas de rexistro que nos permitan determinar o grao de consecución dos obxectivos marcados, así como para valorar a programación e a propia práctica docente. A avaliación da miña intervención como mestra debe ser continua, polo tanto debo tomar datos do proceso para facer os cambios necesarios no momento oportuno para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe do alumnado.

7 DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

Ao inicio do curso académico faise necesario realizar unha avaliación inicial que sirva como referente á hora de adaptar a resposta educativa ás necesidades do grupo e á diversidade e características individuais de cada alumno/a.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso académico, nas que o profesorado adicaremos a recoller información sobre:

- As características do alumno/a (intereses)
- O seu entorno socio-familiar (indagando no expediente académico ou se fose necesario realizando entrevistas persoais cos pais/nais ou titores legais)
- O contexto educativo (dinámica de aula-relacións entre compañeiros)
- A competencia curricular nas diferentes áreas, utilizando os instrumentos que cada mestra/e estime pertinentes.

7.1 Área de matemáticas.

NOME DA ALUMNA/O:		
INDICADORES DE AVALIACIÓN INICIAL DA ÁREA DE MATEMÁTICAS	SI	CON DIFICULTADE
Conta, le, escribe e compara números ata o 999, coñecendo o seu valor.		
Realiza operacións de suma e resta con levadas con dous e tres díxitos		
Resolve problemas sinxelos que conteñan unha operación, relacionándoos coa vida cotiá.		
Nomea e coñece as figuras planas: cadrado, triángulo, rectángulo e círculo.		
Coñece o valor posicional de cada dígito (U,D,C).		

7.2 Área de lingua castelá e literatura.

NOME DO/A ALUMNO/A:		
INDICADORES DA AVALIACIÓN INICIAL DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	SI	CON DIFICULTADE
Le e comprende textos orais e escritos sinxelos con vocabulario axeitado á súa idade.		
Expresa de forma oral experiencias, sentimentos, vivencias e responde preguntas de forma coherente.		
Capta o sentido global de textos orais de uso habitual, identificando a información máis importante.		
Redacta textos breves con grafías axeitadas, separando as palabras.		

7.3 Área de lingua galega e literatura.

NOME DO/A ALUMNO/A:		
INDICADORES DA AVALIACIÓN INICIAL DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA	SI	CON DIFICULTADE
Le textos breves nas que interveñen dúas personaxes.		
Expresa opinións e sentimentos de forma coherente na súa forma oral e escrita.		
Comprende textos sinxelos.		
Diferencia nomes propios e nomes comúns.		
Diferencia nunha oración nomes, adxectivos e verbos.		
Coñece o abecedario.		
Identifica o xénero e o número nas palabras.		

7.4 Área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

NOME DO/A ALUMNO/A:		
INDICADORES DE AVALIACIÓN INICIAL NA ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO	SI	CON DIFICULTADE
Nomea os sentidos.		
Nomea algunhas partes do corpo humano (órganos, ósos).		
Distingue hábitos saudables dos non saudables na alimentación.		
Diferenza entre seres vivos e seres inertes.		
Identifica algunhas características dos grupos dos seres vivos.		
Identifica diferentes partes dunha planta.		
Clasifica animais segundo tipos de reprodución e alimentación.		
Valora o seu contorno facendo un uso respectuoso dos seus recursos naturais (reciclaxe, uso da auga...)		
Recoñece datos do lugar onde vive.		
Recoñece algunhas normas de educación vial.		

7.5 Área de educación artística.**7.5.1 Educación plástica.**

NOME DO ALUMNO/A:		
INDICADORES DA AVALIACIÓN INICIAL DA ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA	SI	CON DIFICULTADE
Realiza diferentes tipos de liña (recta, curvas...)		
Identifica as cores primarias.		
Recoñece formas habituais no contorno próximo.		
Representa a figura humana de forma axeitada.		
Analiza a posición das formas no espazo (arriba-abaixo, diante-detrás, cerca-lonxe, grande-pequeno-mediano, liso-rugoso, fino-groso, etc...).		
Realiza obxectos simétricos con propiedade.		
Iníciase na interpretación de obras artísticas (exposicións, dramatización de contos, declamacións)		

7.5.2 Educación musical.

O alumnado cada vez é máis diverso, polo que ao comezar o curso académico faise necesario realizar unha avaliación inicial que sirva como referencia á hora de adaptar a resposta educativa ás necesidades reais do grupo e á diversidade e características individuais de cada alumno/a.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas de clase, nas que nos adicaremos a recoller información sobre as características do alumno/a (intereses e aptitudes ou destrezas que amosa), o seu entorno socio-familiar, o contexto educativo (dinámica de aula-relacións entre compañeiros) e súa competencia curricular na materia.

Para realizar a avaliación inicial contamos con múltiples instrumentos, dos que se empregarán:

- Probas de nivel teóricas e prácticas, para saber o grao de coñecementos previos do alumno/a.
- Xogos variados, que nos permiten observar a interacción entre o alumnado.
- Observación na aula os primeiros días de clase para ver a súa dinámica.
- Entrevistas cos pais e nais.

En definitiva, é necesario realizar unha avaliación inicial, posto que orienta a programación, a metodoloxía a empregar, a organización da aula, as actividades a desenvolver... para así adaptarse mellor á idiosincrasia de cada grupo de alumnos/as.

7.6 Área de lingua inglesa.

O obxectivo da avaliación inicial non é pasar unha proba oral ou escrita para establecer unha cualificación. O que realmente é interesante neste proceso é recoñecer os puntos fortes e débiles do alumnado.

Durante a segunda quincena de setembro durante os primeiros dez minutos da clase esbozaranse preguntas ao alumnado (con ou sen soporte visual) que terán que ir contestando, referidas ao vocabulario e estruturas lingüísticas traballadas nos cursos previos. Lembremos que a aprendizaxe dunha lingua non é un proceso estanco senón que segue un proceso de adquisición en espiral. As palabras e estruturas adquiridas revísanse constantemente co fin de permanecer na memoria a longo prazo dos nenos/as. As devanditas preguntas serán dispostas nos seguinte rexistros nos que se reflectirán se o alumnado é quen de contestar ou non, indicando na grella si ou non.

DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

QUESTIONS FOR THE FOURTH GRADE OF PRIMARY EDUCATION	PUPILS																		
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	
Hello! What's your name?																			
How are you today?																			
How old are you?																			
What's the weather like?																			
Have you got (a compass)?																			
Can you play basketball?																			
What's he/she wearing?																			
Where's the.. (pencil)?																			
Is there a pencil (under/on) the desk?																			
Has the crocodile got red wings?																			
Do you like salad?																			
How much is the book?																			

7.7 Área de educación física.

Realizarémola ao empezar cada unidade para ver o punto de partida do alumnado. En ocasións, unidades anteriores servirannos como avaliación inicial as seguintes pola similitude de contidos.

En case todas as unidades ao longo do curso, a primeira sesión ten a función de avaliación inicial, valorando os coñecementos do alumnado sobre os novos contidos a tratar, é dicir, será unha sesión ordinaria pero facendo especial fincapé en tomar rexistros por medio dunha escala de valoración.

Hai tamén que destacar neste punto que o alumnado xa é coñecido polas mestras de educación física de cursos anteriores, e tamén os nenos/as coñecen a mestras (exceptuando a algún novo que poida incorporarse ao ciclo).

7.8 Área de relixión católica.

		PROCEDEMENTOS			
		ESCRITOS	ORAIS	OBSERVACIÓN DIRECTA E SISTEMÁTICA	OUTROS
INSTRUMENTOS		<p>Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Caderno de clase do alumno/a. • Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiáveis, probas escritas individuais...). • Traballos de grupo. • Resolución de exercicios e problemas. • Actividades de expresión escrita. • Lectura comprensiva de textos de diferentes tipoloxías e de diversos xéneros literarios. • Composición pautada de textos de diversas tipoloxías e xéneros literarios. • Realización de dictados a través de audicións de CD. • Actividades interactivas. • <i>Webquest</i>, cazas do tesouro. 	<ul style="list-style-type: none"> • Preguntas individuais e en grupo. • Participación do alumno/a. • Intervencións na clase. • Postas en común. • Entrevistas. • Probas orais individuais. • Preparación en grupo de diversas actividades para mellorar a destreza oral: coloquios, exposicións, conferencias, debates... • Explicación oral de anécdotas e situacións vividas. • Lectura expresiva. 	<ul style="list-style-type: none"> • Escalas. • Listas de control. • Rexistros anecdóticos persoais. • Rexistros de incidencias. • Ficha de rexistro individual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Rúbrica das unidades didácticas. • Rúbricas trimestrais de avaliación das competencias básicas. • Rúbrica dos proxectos. • Rúbricas de habilidades xerais. • Fichas de avaliación das competencias básicas. • Rexistro individual. • Rexistro do grupo clase. • Portfolio e e-portfolio. • Informe de avaliación.

Os procedementos de cualificación son procesos de traballos individuais e traballos en grupo baseándose principalmente neste ciclo na observación directa dos rapaces. Un permitirá a obtención de información da cantidade de información que aprenden e a outra de como aprende.

8 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

8.1 Áreas dos titores.

ÁREAS		INSTRUMENTOS	%	OBSERVACIÓNS
Coñecemento	PROBAS OBXECTIVAS	- Controis escritos: por cada unidade	75%	Boa presentación dos traballos: Orde e limpeza
Lingua Galega e Literatura		- Controis orais		Actividades realizadas
Lingua Castelá e Literatura		- Actividades da aula (caderno de traballo, fichas, traballos persoais, participación na clase)		Ortografía
Matemáticas				Puntualidade nas tarefas
				Tempo de execución: ritmo de traballo
				Esforzo

Actitude	COMPORTEAMENTO	- Observación directa e continuada	25%	Interese
Cumprimento de normas				Motivación
Relacións interpersoais				Atención
				Disposición
				Esforzo, constancia, perseveranza...
				Iniciativa
				Participación e compromiso
				Planificación do estudo
				Responsabilidade
				Adaptación ao grupo: adaptación, colaboración, tolerancia
				Corrección no trato: cos compañeiros, co profesorado, co titor/a
				Compañeirismo
				Sensibilidade
				Empatía
				Coidado do material
				Traer o material
				Realización das tarefas
ÁREAS		INSTRUMENTOS	%	OBSERVACIÓNS

En función deste criterios estableceremos a cualificación que tendo en conta a Orde de avaliación será de IN, SU, BE, NT, SB.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

8.2 Área de educación artística.

8.2.1 Educación plástica.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN PLÁSTICA	PORCENTAJE	TOTAL
Creatividade.	30%	100%
Presentación estética.	20%	
Elaboración e seguimento das instrucións.	30%	
Respecto polo traballo dos/as compañeiros/as e coidado co material común.	20%	

En función destes criterios estableceremos a cualificación que acorde á Orde de avaliación será de IN, SU, BE, NT, SB.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

8.2.2 Educación musical.

A avaliación do alumno/a será continua e integradora, polo que é requisito indispensable para superar a materia a asistencia regular ás clases e ás actividades programadas ao longo do curso, así como traer diariamente os materiais que se estipulen ao comezo do curso (catro faltas de material ao trimestre suporía un suspenso na materia, aínda que as probas teórico-prácticas estén aprobadas).

As actividades teórico-prácticas realizadas no caderno de pentagramas e nas fichas que se estimen oportunas durante o curso, entenderanse como probas obxectivas coas que valorar o grao de coñecementos que acadou o alumno/a.

Os exercicios de práctica vocal, instrumental ou de movemento que se realicen ao longo do curso, serán tomados tamén como referencia para a avaliación individual de cada alumno/a.

Como avaliación continua, terase tamén en conta no só a asistencia a clase, senon parámetros como o comportamento, actitude, interese, participación...

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	% DA NOTA
Actividades teórico-prácticas realizadas no caderno de pentagramas e nas fichas.	20%
Exercicios de práctica vocal, instrumental ou de movemento.	60%
Actitude, tarefas diarias e material.	20%

A **avaliación final** será a nota media das tres avaliacións ordinarias.

No caso de non alcanzar dita nota media o aprobado ou que o alumno/a tivese reiteradas faltas de asistencia ou material sen xustificar, a materia estará suspensa.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

8.3 Área de lingua inglesa.

Por cada unidade didáctica principal teranse en conta os seguintes criterios de cualificación.

CRITERIOS	DESCRIPCIÓN	PORCENTAXE	
Autoavaliación	Sabe valorarse ante o traballo realizado nas probas obxectivas.	2,5%	100%
Coavaliación	Implicación no proceso de ensino-aprendizaxe, como nos valoran os demais ante o traballo realizado.	2,5%	
Exame	“Listening and speaking”. (Escoitar e falar) “Reading and writing”. (Lectura e escritura)	70%	
Observación directa	“My project”. Presenza dos contidos requiridos e coidado na súa presentación estética.	5%	
Práctica Dixital	Realización do “pupil's online material”: www.tiger.macmillan.es . Faise necesario que traian anotado nas súas axendas o número de usuario e a clave de acceso á web, do contrario acadarán a mínima cualificación neste apartado.	5%	
Convivencia	Respecta as normas básicas de convivencia para o desenvolvemento da clase, trae o material e tarefas solicitadas.	15%	

En función deste criterios estableceremos a cualificación de cada alumno/a, que tal e como se establece na Orde de avaliación será: IN, SU, BE, NT, SB.

CUALIFICACIÓN	RANGO DE PUNTUACIÓN
SOBRESAÍNTE (SB)	$\geq 9,00$
NOTABLE (NT)	7,00-8,99
BEN (BE)	6,00-6,99
SUFICIENTE (SU)	5,00-5,99
INSUFICIENTE (IN)	$\leq 4,99$

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

8.4 Área de educación física.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 1º NIVEL	PORCENTAJE	TOTAL
Asistencia / Trae o aseo	30%	100%
Axuda por grupos de: quecemento e material	20%	
Práctica (comportamento, esforzo e respecto compañeiros/as)	30%	
Exames prácticos (execución e esforzo)	10%	
Teoría: Presentación temas Powerpoint e fichas teóricas	10%	

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 2º NIVEL	PORCENTAJE	TOTAL
Asistencia/Trae o Aseo - 3 faltas de aseo por trimestre = IN - 8 faltas sen xustificar documentalmente = IN	40%	100%
Axuda por grupos de: quecemento e material	20%	
Práctica (comportamento, esforzo e respecto compañeiros/as)	30%	
Exames Prácticos (execución e esforzo)	10%	

Se durante o transcurso do curso académico xurdise algún impedimento de saúde, o cual implique a realización non práctica da materia, consensuaranse o traballo e avaliación da mesma con avaliación teórica (traballo ou exame).

En función destes criterios estableceremos a cualificación, que tal e como se establece na Orde de avaliación será IN, SU, BE, NT, SB.

8.5 Área de relixión católica.

Os procedementos de cualificación son procesos de traballos individuais e traballos en grupo, baseándose principalmente neste ciclo na observación directa dos rapaces. Un permitirá a obtención de información da cantidade de información que aprenden e a outra de como aprende.

	CRITERIOS
Traballo autónomo (aula, outros espazos).	Realización sen axuda externa. Estimación do tempo investido para resolver unha actividade. Grao de adquisición de aprendizaxes básicas. Orde e limpeza na presentación. Caligrafía. Destrezas. Revisión do traballo antes de dalo por finalizado. Valoración entre o traballo na clase e na casa. Creatividade.
Probas orais e escritas.	Valoración da aprendizaxe dos contidos. Valoración dos procesos seguidos e resultados. Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación. Valoración tempo investido/tempo necesario para resolver unha actividade. Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. Caligrafía lexible. Tempo de realización. Destrezas.
Actividades TIC.	Uso adecuado e guiado do ordenador e dalgunha ferramenta telemática. Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade. Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha). Grao de elaboración da resposta. Interese, motivación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

	CRITERIOS
Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de resposta).	Nivel e calidade das intervencións. Mensaxe estruturada. Uso de vocabulario apropiado. Comportamento. Esforzo. Interese.
Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal.	Capacidade de traballo cooperativo. Grao de comunicación cos compañeiros. Resolución de conflitos. Interese, motivación. Creatividade. Iniciativa. Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo.
Arquivo de traballo individual.	Presentación clara e ordenada. Actualizado. Razoamento da selección das producións que forman o arquivo.
Experiencias e traballos de investigación.	Uso adecuado dos manuais de consulta (enciclopedias, dicionario...) e de Internet. Correcta selección, interpretación e síntese da información. Espírito de cooperación e compañeirismo.

9 ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A DITA RECUPERACIÓN.

9.1 Áreas dos titores.

Durante a explicación teórica de cada unidade didáctica na clase, faranse referencias e repasaranse, se fose oportuno, os conceptos vistos anteriormente no curso ou mesmo en outros anos, para lograr así un mellor seguimento por parte daqueles alumnos que teñan a materia pendente ou necesiten reforzo para conseguir atinxir os mínimos esixibles.

Segundo as circunstancias descritas e as necesidades concretas do alumnado realizaranse exercicios prácticos específicos ou englobados nas fichas propias das unidades didácticas.

Asemade, dependendo da dispoñibilidade horaria do profesorado, estableceranse apoios non especializados dentro das aulas.

9.2 Área de educación musical.

A recuperación da materia ao longo do curso é fundamental para aqueles alumnos/as que presenten maiores dificultades no proceso de aprendizaxe. Neste sentido, aplicarase a dinámica de traballo que se explica a continuación.

O reforzo iniciarase a partir da segunda avaliación, aplicable a aqueles alumnos/as que non lograron aprobar a materia no primeiro trimestre. Dito alumnado contará con material de apoio sobre aquelas probas teórico-prácticas suspensas, proporcionado polo profesor, e cunha axuda extra durante as clases ordinarias.

Así, nas probas ordinarias da segunda avaliación incluíranse aspectos da primeira, e nas da terceira incluíranse aspectos da primeira e segunda avaliación, posto que os contidos da materia de E.Musical son sumativos. É dicir, non se pode traballar con compases sen antes coñecer a duración de cada figura e respectivo silencio.

9.3 Área de lingua inglesa.

As actividades de recuperación e dado que se trata dunha lingua estranxeira terán que por o acento na utilización de medios audiovisuais. O enfoque comunicativo nesta etapa educativa ten como obxectivo prioritario a comunicación oral. O descubrimento guiado faise a medida que avanzamos nas unidades didácticas, máis a recuperación en si mesma faise de xeito oral, cando se revisa no “warming up” estruturas e vocabulario xa traballado ou cando, nos traballos colectivos, titoría entre iguais ou achegas individuais establécese o afianzamento de estruturas comunicativas funcionais nas que o alumnado manifesta dúbidas.

Faise necesario que ao alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe se lle proporcionen actividades que non lle resulten inalcanzables senón que lle sexan atractivas. Entre as actividades de reforzo máis valoradas polo alumnado están as actividades dixitais propostas en diferentes “websites”, pero dado que nas aulas de 2º ciclo só se dispón dun ordenador por aula e en ocasións non funcionan, faise necesario establecer quendas para o alumnado que presenta dificultades no proceso de aprendizaxe ou que a mestra de inglés realice gravacións en CD-ROM ou DVD, co fin de poder velos posteriormente nas súas residencias, dado que non todas as familias dispoñen de acceso a Internet.

Actividade: ALPHABET.


Obxectivo: ollar o alfabeto en lingua inglesa coa asociación de son e imaxe.



ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A DITA

Actividade: COLOURS.


Obxectivos: escoitar unha cor e asociar a palabra escrita cor á produción sonora da mesma. Interiorizar a pregunta: What colours do you like?. Interiorizar a resposta: It's....



ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A DITA

Actividade: BODY PARTS.

Obxectivos: diferenciar a un “boy” dunha “girl”. Recoñecer partes do corpo. Identificar para que serven algunhas partes do corpo.



ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A DITA

Actividade: PHYSICAL DESCRIPTION.

Obxectivos: afianzar as descripción físicas das persoas.



ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A DITA

Actividade: CLOTHES.

Obxectivos: identificar diferentes prendas de vestir. Interiorizar as preguntas: What are you wearing? What is she/he wearing?

Interiorizar a resposta: "I'm wearing ..." "She's /he's wearing..."



ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A DITA

Actividade: ACTIONS.

Obxectivo: identificar diferentes accións: habilidades deportivas, habilidades sociais, etc.

Interiorizar a pregunta: "What can you do?". Interiorizar a resposta "I can..."





ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A DITA

Actividade: I GO TO...

Obxectivos: practicar a pregunta “Where do you go?”. Afianzar a resposta: “I go to.....”



Actividade: WHERE DO YOU LIVE?


Obxectivos: consolidar a pregunta “Where do you live?” Afianzar a estrutura de “I live at.....”

¡MOVIE Y LOUSAME'S ENGLISH STUDIOS PRESENTAN
UNA PRODUCCIÓN DE LOUSAME'S ENGLISH STUDIOS EN ASOCIACIÓN CON ¡MOVIE
UNA PELÍCULA DE BRIANA, JUANMANUEL ,SHEILA, BORJA AND ADRIÁN
WHERE DO YOU LIVE?
EDITADO POR 4TH LEVEL OF PRIMARY EDUCATION DISEÑADOR DE PRODUCCIÓN ADRIÁN
DIRECTOR DE FOTOGRAFÍA SHEILA AND JUANMA CASTING POR THE ENGLISH TEACHER

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A DITA


Actividade: DAILY ROUTINES.

Obxectivo: interiorizar algunhas das rutinas que se realizan diariamente.



Actividade: HOW ARE YOU TODAY?

Obxectivo: consolidar a pregunta: How are you today?. Interiorizar as posibles respostas.



ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A DITA


Actividade :PARTS OF A HOUSE.

Obxectivos: escoitar como se pronuncian as diferentes partes dunha casa e asociar a devandita pronunciación e imaxe coa palabra escrita. Identificar as partes dunha casa.



Actividade: PREPOSITIONS.


Obxectivo: practicar o uso das preposicións básicas ollando os debuxos.



ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A DITA


Actividades: SCHOOL THINGS AND PEOPLE IN A CLASS.

Obxectivos: visualizar un karaoke sobre os obxectos escolares. Identificar persoas que poden estar presentes nunha aula.



Actividade: TELLING THE TIME.

Obxectivos: consolidar as horas: o'clock, half past, a quarter past, a quarter to.



ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A DITA

Actividade: THE WEATHER.

Obxectivos: afianzar a pregunta: What's the weather like?. Revisar as posíbeis respostas.



Actividade: THE SEASONS.

Obxectivos: revisar as catro estacións do ano.




Actividade: MONTHS

Obxectivo: afianzar os meses do ano.



Actividade: NUMBERS.

Obxectivo: consolidar os números do 1 ao 100, escoitando e ollando os mesmos.



21 twenty one
22 twenty two
23 twenty three ...

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A DITA


Actividade: INSECTS.

Obxectivo: identificar algúns dos insectos.




Actividade: WILD ANIMALS.

Obxectivo: revisar algúns dos animais salvaxes.



Actividade: MEALS OF THE DAY

Obxectivos: distinguir os nomes das comidas principais e algúns alimentos.



ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A DITA

Actividade: DO YOU LIKE...?

Obxectivo: afianzar a pregunta: Do you like ...? Afianzar a resposta: I like.../ I don't like...



9.4 Área de relixión católica.

Non se realizan reforzos que se consideren específicos desta área, pois ata o momento os alumnos acadan os obxectivos establecidos.

10 METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR.

10.1 Áreas dos titores.

10.1.1 Principios metodolóxicos.

Os principios nos que baseamos a proposta son os seguintes:

Desde a perspectiva epistemolóxica das diferentes áreas de coñecemento:

- Non todos coñecemos igual en todo momento.
- En cada momento hai influencias sobre o coñecemento que proveñen das experiencias previas e das situacións novas.
- O coñecemento é o resultado da interacción entre as experiencias previas e as situacións novas; polo que, máis que transmitirse, constrúese mediante a práctica, co cal se pon de relevo o seu carácter construtivista, social e interactivo.
- Calquera coñecemento pode ter diferentes lecturas, significados e presentacións, que poden ser todos obxectivos. Ensinar/aprender supón contrastar perspectivas, enriquecer esquemas conceptuais con novas contribucións por parte de todos, superar as lagoas e emendar os erros.
- O ensino debe buscar interaccións cada vez máis ricas e significativas entre os elementos proporcionados por diferentes soportes (textos, audiovisuais...), mediadores (docentes, compañeiros, pais), métodos (didácticas: xeral e especiais) e situacións ou feitos (da vida cotiá, descubrimentos, centros de interese...): globalidade e significatividade.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO

Desde a perspectiva psicolóxica:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado:
 - Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
 - Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.
 - Dos coñecementos previamente construídos.

- Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas:
 - Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.
 - Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender. O alumnado, co que sabe e grazas á maneira como o profesor ou a profesora lle presentan a información, reorganiza o seu coñecemento entrando en novas dimensións, transferindo ese coñecemento a outras situacións, descubrindo os principios e procesos que o explican, mellorando a súa capacidade organizativa comprensiva para outras experiencias, ideas, valores e procesos de pensamento que vai adquirir dentro e fóra da aula.

- Favorecer a aprendizaxe autónoma:
 - Desenvolvendo o profesorado un modelo curricular de natureza procesual que asegure que o alumnado realice aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva (semántica). Modelo que, partindo do establecemento de redes conceptuais que permitan representar toda a estrutura da materia de xeito sinxelo e claro, das cales se poidan formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos e faciliten a percepción da súa estrutura ao dar resposta adecuada aos tres interrogantes que a ciencia se fai: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), porque (explicación) e para que (intervención).
 - Modificando progresivamente os esquemas previos do coñecemento dos alumnado desde o saber cotián ata o saber científico.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO

- Potenciar a actividade:
 - Facilitando a reflexión á hora da acción.
 - Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sós, pero si coa axuda conveniente (zona de desenvolvemento potencial).

Desde a perspectiva pedagóxica

- Partir da avaliación inicial, específica e global:
 - Das súas aptitudes e actitudes.
 - Das súas necesidades e intereses.
 - Dos seus coñecementos previos, xerais e por áreas.
- Motivar axeitadamente:
 - Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
 - Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.
 - Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender, especialmente a través dunha atribución causal positiva, tanto do profesorado como do propio alumnado.
- Analizar os esquemas previos de coñecemento:
 - Asegurando que se posúen os requisitos básicos para poder abordar a seguinte nova aprendizaxe.
 - Reforzando os conceptos previos máis débiles e sensibles.
- Fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos:
 - Incorporando mediante a actitude docente o exemplo adecuado que se debe seguir (currículo implícito ou latente).
 - Facilitando que poida desenvolver a súa actividade coa mínima axuda necesaria. Consolidando os enlaces entre os coñecementos previos e os novos.
 - Estructurando e dosificando os novos contidos conceptuais de forma apropiada

METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO

(redes, esquemas e mapas).

- Promovendo a funcionalidade das aprendizaxes, aplicándoas e transferíndoas a outras situacións ou contidos diferentes.
- Tendo moi en conta os coñecementos de cada materia, respectando a súa estrutura epistemolóxica, a súa lóxica interna específica e os avances do momento.

Especificamente, estes principios deben facilitar:

- A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial do alumnado atendendo ás súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado. Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.
- A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.
- Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.
- Progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e da alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais comúns, tendo en conta a transversalidade do currículo.
- A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.
- espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e a interrelación de iguais e de discentes e docente.
- A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO

- A actividade constante do alumno e da alumna, xa que se entende como ferramenta básica da aprendizaxe autorregulada.
- A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazo-temporais.
- A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.
- O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, xa que regula o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.
- A creatividade como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.
- Tránsito desde a formación de conceptos e a aplicación de procedementos á construción de hábitos e á definición de actitudes, culminando a consolidación de valores e respecto das normas.
- Contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

10.1.2 Agrupamento do alumnado.

O agrupamento é unha esixencia da diversidade e un indicador da autonomía do centro, e ten como finalidade garantir que todos os alumnos aprendan e consigan os obxectivos educativos marcados. A diversidade de agrupamentos proporciona unha mellor explotación das actividades escolares e constitúe un instrumento de adecuación metodolóxica ás necesidades dos alumnos.

Os criterios de distribución do alumnado por aulas son moi diversos e deben ter en conta aspectos como o punto de partida do/a alumno/a ao chegaren ao inicio do ciclo e de cada curso, as peculiaridades educativas do centro e a natureza da área ou actividade.

Estes son os criterios máis empregados na agrupación:

- Idade cronolóxica.
- Equilibrio nenos/nenas.
- Rendemento académico e ritmo de aprendizaxe.
- Intereses.
- Motivación.
- Natureza área/materia.

O agrupamento non ten porque limitarse a un único modelo, xa que supón limitar o potencial enriquecedor do proceso educativo. Establecer diferentes agrupamentos facilita a aprendizaxe entre iguais, a cooperación e o traballo colaborativo, a cohesión do grupo, o traballo por proxectos, a atención á diversidade, a pertenza ao centro, a mediación en conflitos e a relación co contorno e cos servizos da comunidade. Segundo as características e necesidades do alumnado, e segundo a natureza disciplinar da actividade ou área, os tipos de agrupamentos máis empregados son:

- Aula
- Gran grupo
- Pequeno grupo ou parella
- Obradoiros
- Equipos de traballo cooperativo
- Grupos de actividade

10.1.3 Organización dos espazos.

Desde unha perspectiva de etapa, o contido das decisións relativas á organización do espazo pode referirse a:

- ***Espazos propios do grupo*** (aula): cada titor/a organizará o espazo na súa aula como crea conveniente para o desenvolvemento da actividade lectiva tendo en conta variables como idade e agrupamento de alumnado, mobiliario, iluminación, temperatura, materiais existentes na aula... Se nunha aula imparten actividades lectivas outros/as mestres/as ademais do/a titor/a, estes tentarán de axudar aos especialistas na disposición de material común: tal como o ordenador ou canón retroproectores. E os mestres especialistas á súa vez tentarán deixar a distribución das cadeiras e mesas tal e como as tiña o/a mestra titor/a.

- ***Espazos compartidos polo alumnado***: o alumnado de Primaria comparte espazos co alumnado de outras etapas educativas dentro do centro e, asemade, utilizan habitualmente outros espazos, tanto interiores do centro educativo como exteriores. Algúns destes espazos son os seguintes:
 - Biblioteca.
 - Laboratorio (so o utiliza o alumnado de secundaria).
 - Sala de informática.
 - Aula de música.
 - Pavillón.
 - Ximnasio.

10.1.4 Organización dos tempos.

As previsións de traballo na aula e no centro escolar deben axustarse realmente ao tempo dispoñible. Por iso, é preciso realizar unha temporización que inclúa a elaboración dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas e dun horario de actividade docente, no que se terán en conta as restantes actividades organizativas do centro.

10.2 Área de educación musical.

Todas as estratexias metodolóxicas empregadas pretenden que o alumno/a aprenda explorando e descubriendo. Para iso, é necesario partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, é dicir, prestar especial atención aos coñecementos previos, para construír a partir de ahí outras aprendizaxes que favorezan e melloren dito nivel de desenvolvemento. Isto tradúcese nunha atención individualizada, que responda aos diferentes ritmos de aprendizaxe, pero sen esquecermos de traballar colectivamente. Polo tanto, o docente perde protagonismo como única fonte de saber e pasa a ter un papel de colaboración e axuda no descubrimento e na aprendizaxe dos coñecementos que levan a termo os alumnos/as. A perda de protagonismo do docente refléctese nunha maior atención á diversidade e nunha maior colaboración e compañeirismo entre o alumnado.

Outro aspecto remarcable é que o uso de recursos tecnolóxicos estimulan a autoaprendizaxe de maneira divertida. Ademais a inmediatez na resposta das ferramentas informáticas potencia a autocorrección daquelo que se está facendo mal, favorecendo a experimentación e posterior aprendizaxe.

En xeral, como se pode percibir, empregárase o xogo como base da aprendizaxe, integrando en todo momento aos alumnos/as nas actividades dunha forma activa e participativa, e propiciando a improvisación e a creatividade como medios para desenvolver a autoestima e a seguridade.

10.3 Área de lingua inglesa.

Decantámonos por un enfoque comunicativo que permita aprender ao alumnado unha linguaxe funcional, podendo transferir o vocabulario e estruturas lingüísticas en diferentes situacións e contextos variados.

Esta circunstancia fai que teñamos que optimizar a aprendizaxe do alumnado logrando que presenten un baixo nivel de “stress”, o que o lingüista e pedagogo Krashen denomina “low affective filtre”. E dicir, como profesionais dunha lingua estranxeira temos que conseguir que o alumnado amose unha actitude positiva cara a aprendizaxe.

En todas as sesións se teñen en conta, actividades de “warming up activities”, “developing activities” e “closing activities” que permiten adiantar ao alumnado o que imos traballar no transcurso da sesión co fin de crear unha clima afectivo que fai que a comunicación xurda xa non por parte da mestra senón que utilizando as múltiples linguaxes (xestual, oral, artística, cenestésica) e o “Total Physical Response Technique” o alumnado sexa quen de interactuar alcanzando un grao de competencia lingüística satisfactorio grazas á as achegas que o resto de competencias teñen na devandita adquisición lingüística.

Entre as actividades propostas temos que destacar a utilización de contos ou historias, xogos, actividades interactivas, cancións que permiten a aprendizaxe da lingua estranxeira dun xeito natural. Incídese nun enfoque globalizado, en especial, polas propostas da programación da educación en valores.

A organización do alumnado farase en función de si se trata dun traballo individual, en parellas, en pequeno grupo ou gran grupo (o conxunto da clase), promovendo fundamentalmente o traballo cooperativo.

A metodoloxía será integradora, potenciando a escoita e a fala, sen esquecer a lectura e a escritura dado que a adquisición dunha lingua pasa polo uso destas catro destrezas (escoitar, falar, ler e escribir).

10.4 Área de educación física.

Pretendemos que o alumnado exploren, descubran e crean nas súas posibilidades de movemento, xunto a unha valoración das mesmas. Prestaremos especial atención aos coñecementos previos que teñen os/as alumnos/as, e as súas diferencias específicas debidas ao factor sexo. Todo isto lévanos a unha atención individualizada, que responda aos diferentes ritmos de aprendizaxe e que respecte as dificultades que cada alumno/a poida atopar.

Non hai que conseguir unha resposta motriz única e válida para tódolos/as alumnos/as, senón mellorar a súa competencia motriz con respecto ao punto de partida.

O/A neno/a a través do xogo de ocupación do espazo e de exercitar aspectos temporais, aprende a utilizar e organizar o movemento. Máis adiante combina aspectos de espazo e tempo en estruturas máis complexas.

Trataremos de desenvolver nos/as alumnos/as capacidades motrices e habilidades e destrezas básicas para futuras prácticas da actividade física.

Establécense situación nas que se deben dar unas respostas motrices, coma a realización de diferentes tipos de xogos, cunha dificultade gradual.

As situación de ensino- aprendizaxe contemplan contidos propios da expresión corporal, que nestas idades danse moi relacionadas cos contidos e habilidades perceptivas e esquema corporal, e ademais, actividades xenéricas de ensino- aprendizaxe con contidos de expresión e comunicación.

Dentro da área de Educación Física sistematizados contidos referentes á saúde corporal e incluímos procedementos e actitudes considerados beneficiosos para o coidado que require o corpo. Tamén se terán en conta os contidos transversais no momento axeitado. Desenrolaremos xogos de todo tipo: de cooperación, cooperación/ oposición, de destreza e adaptación, de habilidades deportivas, tradicionais e autóctonos, de simulación, no campo.

METODOLOGÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO

As agrupacións de alumnos/as serán as que determine en cada momento: individual, por parellas, pequeno grupo, grupo clase, etc.

10.5 Área de relixión católica.

En canto a metodoloxía teremos presente en todo momento os principios metodolóxicos básicos, como os aprendizaxes significativos e funcionais partindo en dos intereses do alumno e tendo coñecemento previo dos coñecementos do alumno. O proceso de ensinanza-aprendizaxe iníciase sempre con unha serie de actividades orais a partir dunha imaxe dunha historia , ou dun feito que aconteceu no propio centro . Se deixará plena liberdade o rapaz para o comentario , explicación, etc. Preténdese que o rapaz participe activamente, partir da propia experiencia ou dende os coñecementos previos. A través dos traballos en grupo deixaremos que os rapaces unha vez se lles aporte o materias necesario investiguen, buscando fontes de información para a realización de traballos.

O que se pretende e partir do interese do alumno, e que o aprendizaxe lle resulte significativo. Os agrupamentos serán flexibles dependendo do tipo de actividade a realizar e a aula na que nos atopemos. O desenvolvemento das unidades terán un enfoque integrador, alternándose actividades de diversa natureza (observación, expresión, valoración, creación, investigación) a través da actuación do profesor (motivación), explicacións, exemplificacións, preguntas, propostas de tarefas, etc.) e coa participación activa dos alumnos e alumnas. As actividades realizaranse nun contexto lúdico.

Prestarase unha atención individualizada para comprobar os avances e as dificultades así como os ritmos de aprendizaxe para aportar a axuda pedagóxica necesaria. Esta atención individual servirá tamén para suscitar actividades de reforzo e ampliación. Utilizamos o método de ensino colectivo, nos momentos en que o profesor fai a presentación das distintas actividades e á hora de sintetizar a unidade.

O espazo habitual da actividade docente é a aula, podendo utilizarse outros espazos do colexio como a biblioteca, a aula de usos múltiples, a aula de medios audiovisuais e ata o patio do colexio.

Ao longo do proceso estimularase aos alumnos a través do emprego do reforzo positivo, valorando os éxitos de cada neno/pícara.

11 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No plan de atención á diversidade elaborado polo centro educativo en función do disposto no *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, recóllense unha serie de medidas que o equipo de 2º ciclo sintetiza no seguinte cadro.

11.1 Áreas dos titores.

Medidas de atención á diversidade

- Reforzadores de conduta.
- Aprendizaxes significativas.
- Tutoría entre iguais.
- Fomento do traballo cooperativo.
- Actividades variadas con distintas vías de acceso aos contidos e con diferentes graos de dificultade.
- Reforzo educativo: modificacións de elementos non prescritivos do currículo (secuenciación de contidos, formas e instrumentos de avaliación, aspectos organizativos da aula, metodoloxía, apoios na aula ...).
- Desdobres dos grupos sempre que exista dispoñibilidade horaria do profesorado e espazos para facelo.
- Agrupamentos flexibles sempre que exista dispoñibilidade horaria do profesorado e

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

espazos para facelo.

- ACIs (modificación dos elementos prescritivos do currículo).
- Programas de enriquecemento para alumnado con altas capacidades (modificación dos elementos prescritivos do currículo).

11.2 Área de educación musical.

No caso concreto deste centro hai un alumno con necesidade específica de apoio educativo neste nivel; polo que a maioría do alumnado soamente presenta diferentes ritmos de aprendizaxe e diferentes intereses. Para solventar esta necesidade e poder atender á diversidade existente nas dúas aulas de 4º curso de E.Primaria, levaremos a cabo as seguintes actividades xerais:

-Realizar actividades previas á introducción de cada unidade para que todos os alumnos/as recorden os coñecementos previos que teñen sobre o tema e non comece dende cero.

-Realizar actividades de reforzo sobre os contidos aprendidos, para que aqueles alumnos/as que presenten dificultades poidan seguir o currículo.

-Realizar actividades de ampliación sobre os contidos aprendidos en cada unidade, para que aqueles alumnos/as que estén máis avanzados poidan ampliar os seus coñecementos sobre a materia.

Nembargantes, no caso puntual de cada alumno/a empregaranse as técnicas e actividades necesarias en función da necesidade específica de apoio educativo que presente. De feito, o alumno anteriormente citado necesitará unha A.C.I. para conseguir acadar os obxectivos deste curso/ciclo.

11.3 Área de lingua inglesa.

- Temos que remarcar que non todos os alumnos e alumnas aprenden da mesma forma ou ao mesmo ritmo. Entre as medidas de atención á diversidade temos que destacar as medidas ordinarias (reforzado educativo, desdobres de aulas sempre que exista horario dispoñible do profesorado, programas de enriquecemento) e as medidas extraordinarias (ACS, agrupamentos flexibles). Antes de chegar ao establecemento destas medidas na aprendizaxe da lingua estranxeira e co fin de promover o principio de inclusividade teranse en conta as seguintes estratexias didácticas:
- Realización de actividades de distintos niveis de acceso ás mesmas.
- Proporción axeitada do tempo para a abordaxe das tarefas, tendo en conta ás necesidades do alumnado.
- Valoración das distintas intelixencias múltiples e dos distintos estilos de aprendizaxe.
- Realización de actividades adicionais de lectura, onde os nenos e nenas recoñezan o vocabulario, ou de escritura, onde o alumnado escriba palabras. En ámbalas dúas aparecerán asociación de palabras con imaxes.
- Crear momentos de distensión durante as sesións para a manifestación dos estados de ánimo.
- Promoción das habilidades sociais: saudarse, despedirse, saber pedir as cousas, saber dicir grazas, pedir desculpas, aceptar as desculpas, aprender a preguntar, etc.
- Realización de actividades de ampliación para os nenos e nenas que rematan antes en cada unidade e que serven para consolidar a aprendizaxe dunha forma amena.
- Utilización de estratexias moi sinxelas para aprender a aprender a través de recursos como a repetición sonora en voz alta ou de movemento, emprego de dicionarios, utilización de Internet, etc.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

- Busca de información a través de diferentes medios sobre a cultura dos países de fala inglesa: de imaxes, xogos tradicionais (Spelling Bee), Internet, etc.

11.4 Área de educación física.

O sistema educativo baséase no **principio de normalización e inclusión**, todas as persoas con Necesidades Educativas Especiais deben recibir a atención necesaria a través dos centros ordinarios, xa que só se levará a cabo a incorporación en centros especiais cando as súas necesidades non poidan ser atendidas en centros ordinarios. Isto axudará a favorecer a igualdade, socialización, xustiza e o mellor desenvolvemento do alumnado.

Esta programación dará resposta a todo o alumnado, xa que sería importante destacar que a atención á diversidade deberíase ampliar, posto que hai alumnos que poden ter outro tipo de necesidades como: problemas socioeconómicos, situación familiar desfavorable, dificultades de aprendizaxe, desmotivación, problemas de socialización e relación cos demais. Adaptarémonos aos seus ritmos de aprendizaxe, nivel físico, coñecementos previos, bagaxe motora, a través dun Ensino Individualizado, prestándolles especial atención a aqueles alumnos que o necesiten aínda que nunca con excesivo proteccionismo xa que o obxectivo é que se desenvolvan o máis autonomamente posible.

11.5 Área de relixión católica.

En todo momento estará presente o respecto a diversidade de acordo cos principios de non-discriminación, normalización e inclusión educativa establecidos na lexislación vixente ,en todo momento se respectarán as diferencias educativas do noso alumnado, tanto no ritmo de aprendizaxe como no nivel de partida e de coñecemento, levando un seguimento e procurando en todo momento adaptar o alumno tanto o material, as explicación, a maneira de organizar os grupos para tratar de conseguir a súa motivación e a súa plena inclusión acadando así os obxectivos que para eles foran establecidos sempre na procura dun ensino de calidade , igualdade y equidade educativa.

Planificaremos e desenvolveremos un programa coherente que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, que poidan xurdir a nivel de grupo ou de maneira individual.

Empregaremos actividades de reforzo e de ampliación de cada unidade didáctica, actividades diversas con diferentes soportes que axuden a desenvolver a comprensión lectora facilitando en todo momento a participación e a inclusión de todo alumno no grupo clase e nas actividades de aula. En canto ao ritmo de introdución de contidos debe ser igualmente flexible en atención á maior ou menor dificultade.

12 ADAPTACIÓNS CURRICULARES.

Unha adaptación curricular é a modificación dun ou de máis elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación).

Decidirase a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno determinado, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

As adaptacións curriculares teñen como referente os obxectivos xerais de etapa, concretados na concreción curricular do centro para cada ciclo.

Cabe resaltar a presenza dun alumno con necesidades especiais que ten elaboradas adaptacións curriculares significativas en diferentes áreas do currículo: lingua galega, castelá e inglesa, matemáticas e educación física.

En calquera caso, terase en conta as orientacións do equipo de orientación para a elaboración de novas adaptacións curriculares (significativas ou non significativas).

Sempre e cando se esgotaran todas as medidas ordinarias previstas no plan de atención á diversidade do noso centro educativo.

13 PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.

No artigo 4 do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia dize que “os centros docentes desenvolverán e concretarán o currículo establecido neste decreto. Estas concrecións formarán parte do proxecto educativo, así como o tratamento nas distintas áreas de educación en valores, a educación moral e cívica, a educación para a paz, a igualdade de oportunidades entre os sexos, a educación ambiental, a educación sexual, para a saúde e a calidade de vida, a educación para o lecer a educación do consumidor e a viaria.” Os/as mestres/as titoras/es parellos aos contidos propios da área formarán ao alumnado en Educación en Valores, dado que son estes os que propician o desenvolvemento integral da personalidade para que saiban relacionarse co seu contorno social, persoal e ambiental sabendo valorar, criticar, argumentar, decidir, etc., en todo momento e con responsabilidade.

13.1 Áreas dos titores.

A función titorial fai que se poda utilizar o traballo e circunstancias do día a día da aula para fomentar a:

Educación moral.

Desenvolver actitudes e hábitos de axuda, colaboración e cooperación na resolución colectiva de problemas ou actividades de cálculo establecendo vínculos equilibrados de relación interpersoal.

Educación cívica.

Participar nas actividades de grupo respectando os distintos puntos de vista.

Educación para a paz.

Cooperar cos compañeiros e compañeiras de clase, dialogar e resolver os problemas que poidan presentarse con actitudes tolerantes e solidarias cara aos demais.

Educación para a saúde e a calidade de vida.

Ensinarlles a pirámide dos alimentos, como figura xeométrica, explicándolles a importancia dunha dieta variada e equilibrada identificando na pirámide os grupos de alimentos e que vexan que hai que consumir máis os do nivel inferior que os do superior. Analizar o menú da escola para darse conta da variedade de alimentos utilizados, tendo en conta a pirámide de alimentos, co fin de non ficar obesos e tamén previr determinadas enfermidades tales como a diabete, risco de infartos, o colesterol, etc...

Darse conta da importancia de usar un ton de voz baixo. A finalidade evitar o ruído elemento que impide uns niveis de concentración nas tarefas de lectura e escritura.

Incidir na importancia da hixiene apoiando a función primordial das mestras especialistas de educación física.

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.

Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos.

Desenvolver actitudes que faciliten a relación no grupo sen deixarse influenciar por razóns de sexo (nas queandas de palabra, no reparto de responsabilidades,...).

Educación ambiental.

Identificar e valorar prácticas de tempo libre que axuden a conservar o contorno: evitar tirar o lixo en contedores que non son os axeitados, advertir aos/ás compañeiros/as que non manteñen recollidos os desperdicios que xeran tanto na clase, patio como no comedor escolar co fin de que se deán conta e rectifiquen as súas accións.

Educación do consumidor.

Elaborar listas da compra axudándonos da pirámide dos alimentos.

Cofecer o prezo dalgúns produtos e valoralo segundo a importancia na nosa dieta.

Ler publicidade co fin de darse conta dos posíbeis enganos aos que somos sometidos en especial na época de Nadal, e celebracións do día do pai e da nai. Un bo agasallo non ten porque ser material.

Educación viaria.

Desenvolver a capacidade de orientación espacial (dándose conta das paradas que ten que facer o condutor/a do transporte escolar ou as súas familias no coche particular, ante o número de pasos de peóns, sinais de stops, cedas, etc., que atopan no seu camiño á escola).

Debuxar e describir itinerarios.

Identificar figuras xeométricas nos sinais de circulación (ceda o paso, prohibido o paso, stop, etc.).

13.2 Área de lingua inglesa.

4º de Educación Primaria		
UNIDADE	EDUCACIÓN EN VALORES	OBXECTIVOS
1	Educación moral e cívica.	Practicar os saúdos e as presentacións.
2	Educación moral e cívica.	Aprender sobre as formas de escolarización no Reino Unido.
3	Educación para o lecer	Coñecer as tradicións da festividade de "Halloween"
4	Educación para a saúde e a calidade de vida.	A importancia de falar cun adulto cando estamos agobiados ou preocupados.
5	Educación para o lecer.	Coñecer os elementos primordiais da celebración "Christmas".
6	Educación moral e cívica.	A importancia de cumprir as promesas.
7	Educación para o lecer.	Coñecer as características principais da celebración de Valentine's Day.
8	Educación moral e cívica.	Todos os traballos son importantes.
9	Educación para o consumidor.	A importancia dos inventos nas nosas vidas.
10	Educación ambiental.	Respectar os bosques porque son os fogares de mamíferos, insectos, paxaros e diferentes fungos e plantas.
11	Educación moral e cívica.	A importancia de ser amable con outros nenos.

13.3 Área de educación física.

Educación do consumidor

Trátase de estudar o tema do consumo en todas as súas vertentes cunha metodoloxía creativa e práctica, establecida en torno á experiencia persoal, que mostre os factores relacionados e implicados na actividade diaria, e de establecer comportamentos críticos e responsables en materia de consumo. Comprende distintos temas:

- A publicidade: recoñecemento desta e análise, crítica e elaboración de anuncios en clase. Traballarase fundamentalmente no terceiro ciclo.
- A alimentación: coñecer os procesos de produción e comercialización do produto, identificar as etiquetas e realizar unha compra equilibrada.
- A vivenda: crear condutas que contemplan o uso correcto dos materiais e os espazos da vivenda, o emprego de produtos domésticos que poidan resultar perigosos, e analizar o proceso de compra ou aluguer. Xogos, xoguets e material escolar.
- Ecoloxía e consumo: coñecer a incidencia do consumo no medio ambiente, as técnicas de reciclaxe e favorecer hábitos de aforro.
- O diñeiro, os bancos e a compra: relacionar tipos de moedas, aforro, análise do proceso de compra, manexar pequenos orzamentos... Os servizos públicos. Coñecer os servizos públicos
- Saúde e seguridade: Medidas de precaución para evitar accidentes e minimizar os riscos. Uso correcto do material e do propio corpo. Hábitos de hixiene, de alimentación.
- Lecer e tempo libre: valorar formas de tempo libre como a lectura e o xogo, dosificar o uso da televisión, etc.

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.

Educación ambiental.

A través do coñecemento activo do contorno e de forma gradual implícase aos alumnos e alumnas na conservación e respecto do medio, formando unha mentalidade crítica e participativa, responsabilizando ao alumno dentro das súas posibilidades na preservación dos recursos. Pretendemos conseguir a creación de hábitos e actitudes con respecto á actuación individual no contorno.

Educación moral e cívica.

Discusión de dilemas morais: baséase na discusión de breves historias que entrañen un conflito de valores, co cal o alumno crea argumentos e dúbidas ao redor dos valores propios, para restablecer o equilibrio de valores nun nivel de xuízo moral superior.

Clarificación de valores: trátase de suscitar ao alumno unha revisión dos seus conceptos, crenzas e valores para conseguir que reflexione achega dos mesmos. Acódese para iso a unha lista de frases inacabadas ou a un conxunto de preguntas pechadas que obriguen ao alumno a expresar o seu punto de vista.

Educación para a paz.

A metodoloxía adecuada debe coidar especialmente a coherencia entre os contidos e os modos de educación na aula, potenciando a tolerancia, o intercambio de puntos de vista, a participación. Con este fin facilitarase a idea de paz positiva. Empregaremos diversas técnicas de cooperación e de participación, e recorreremos ás seguintes actividades:

Estudo de casos.

- Técnicas de clarificación de valores.
- Análise de conflitos.
- Xogos de rol.
- Xogos de simulación.

Educación para a saúde.

Este tema reflíctese nunha referencia continua a prácticas que se consideran saudables, complementando toda actividade de aprendizaxe con hábitos que conlevan a comprensión e coidado da saúde, tanto no que se refire á asimilación dos conceptos, como na posta en práctica de actitudes e na realización de determinados procedementos

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.

en cada momento da vida da comunidade escolar.

Os núcleos de elaboración destes contidos son principalmente:

- Seguridade, prevención de accidentes e primeiros auxilios.
- Educación viaria.
- Coidados persoais: hixiene e saúde.
- Alimentación saudable.
- Uso de medicamentos e prevención de drogodependencias.
- Prevención e control de enfermidades.
- Relacións humanas. Saúde mental. Afectividade e sexualidade.
- Os servizos sanitarios e a petición de axuda.
- Medio ambiente e saúde.

Educación para a igualdade de ambos sexos

Este tema transversal é unha constante no desenvolvemento de todas as áreas e traballarase nos tres ciclos, fomentando a igualdade de oportunidades.

13.4 Área de relixión católica.

Atendendo aos principios educativos esenciais e en especial ao desenvolvemento das competencias básicas para lograr unha educación integral, a educación en valores deberá formar parte de todos os procesos de ensino aprendizaxe, por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumno.

A educación en valores democráticos constitúe unha serie de contidos que deberán integrarse e desenvolverse en todas as áreas do currículo:

Educación cívica

Fomento de valores democráticos, solidarios e cooperativos, e a aplicación destes mesmos valores no ámbito da vida cotiá.

Exemplo: elixir delegado/a fomentará os valores democráticos na aula.

Educación para a paz

Fomentar hábitos de non violencia, diálogo e resolución pacífico de conflitos.

Exemplo: Investigar na vida de Xesús e descubriendo a este como un exemplo de Paz.

Educación para a igualdade entre sexos

Necesidade de crear dende os centros educativos unha dinámica correctora da discriminacións por razóns de sexo.

Exemplo: fomentar actividades en grupo con paridade.

Educación para o consumidor

Sensibilizar ós nenos/as sobre a problemática do consumo na sociedade actual.

Exemplo: fomenta-lo uso de material reciclado, e o coidado do medio como parte da creación.

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.

Educación ambiental

Desenvolver unha conciencia de responsabilidade e actitudes para conservar e mellorar o medio ambiente.

Exemplo: realizar unha saída para plantar unha árbore.

Educación para a saúde

Promover hábitos de vida saudable.

Exemplo: mostrar textos e imaxes de hábitos deportivos, alimenticios e de hixiene.

Educación sexual

Fomentar o respecto polos cambios físicos que se poidan dar entre os nenos e nenas.

Exemplo: entregar láminas do corpo humano tanto de nenas como de nenos.

Educación para o lecer

Fomentar o aproveitamento didáctico do tempo libre.

Exemplo: uso das novas tecnoloxías.

Educación viaria

Fomentar hábitos de respecto ás sinalizacións viarias e concienciación dos riscos que entraña o incumprimento a este respecto.

Exemplo: mostrar na clase noticias que aborden situacións ocorridas na estrada que non sexan excesivamente duras.

14 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

O **obxectivo final** da aprendizaxe das habilidades necesarias para ler comprensivamente é conseguir **lectores autónomos**, que lean correctamente (con seguridade, fiabilidade e fluidez axeitados), comprendendo o significado do texto (extraendo o significado do texto de maneira global ou dos diferentes apartados incluídos no mesmo) e conectando os novos conceptos cos coñecementos previos e incorporándoos ao seu coñecemento (aplicando os novos conceptos a situacións que o precisen). Estes lectores autónomos serán capaces de:

- Aprender autonomamente.
- Acceder á cultura
- Descubrir o pracer de ler.

O Proxecto Lector está estreitamente relacionado con todas as competencias básicas do currículo, especialmente, coa competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística e competencia para aprender a aprender; porque promove:

- O fomento da lectura.
- O desenvolvemento da lectura comprensiva de forma progresiva e continuada desde os primeiros niveis de escolarización en EI, na EP e na ESO.
- A lectura en todo tipo de textos (literarios, expositivos, científicos, publicitarios, gráficos); en soporte impreso ou dixital; con todo tipo de finalidades.
- A educación en información, utilizando os recursos impresos e as tecnoloxías da comunicación e da información (TIC), ao alcance do alumnado, empregadas funcionalmente e de forma eficaz, comprensiva e ética.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

Obxectivos concretos

- Considerar a comprensión lectora como unha materia transversal e como a base de toda aprendizaxe.
- Abordar a lectura de todo tipo de textos en calquera soporte: libros, revistas, xornais, anuncios, etiquetas, recibos, facturas CD-ROM, xogos multimedia, lectura en rede, gráficos, gráficas, mapas, planos, problemas, táboas, imaxes, etc.
- Ensinar ao alumnado técnicas de estudo relacionadas coa comprensión lectora.
- Incorporar a lectura literaria e non literaria na práctica diaria cun tempo mínimo de ½ hora ao día.
- Adquirir unha lectura segura, fiable e fluída con todo tipo de textos.
- Comprender os textos lidos (ou escoitados) mediante estratexias aplicadas a este fin como: identificar as ideas principais e secundarias, os personaxes, a estrutura do texto, a intención, etc.
- Producir textos coherentes e ben estruturados en soporte impreso e dixital.
- Introducir a biblioteca escolar no desenvolvemento do currículo.
- Converter a biblioteca escolar nun espazo referente da vida diaria do centro.
- Coñecer a biblioteca escolar, a organización dos seus fondos e as distintas seccións en que están distribuídos.
- Coñecer e aplicar as normas de funcionamento da biblioteca escolar.
- Capacitar ao alumnado para o uso autónomo da biblioteca escolar, e por extensión, doutras bibliotecas.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

- Diseñar actividades de alfabetización informacional e educación documental.
- Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas (enciclopedias, dicionarios, libros informativos, Internet...), a selección crítica da información e a construción autónoma do coñecemento.
- Empregar funcionalmente as fontes informativas de forma eficaz, comprensiva e ética.

O centro implantou unha sesión lectora de 25 minutos diarios despois do recreo que cada titor organiza da forma que mellor considera (reflexido no plan lector de aula).As actividades propostas no proxecto lector de centro son as que se reflicten na seguinte grella:

PROXECTO LECTOR DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA		
ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS
Visitas guiadas á biblioteca escolar para ler os carteis, coñecer as seccións, diferencias entre os libros das distintas seccións, observar a etiqueta que identifica a cada un, analizar os datos de cada etiqueta	Puntual	Fondos da biblioteca escolar.
Identificar as partes dun libro e analizar a información que aporta cada unha: portada, contraportada, solapas, índice...	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar.
Lectura silenciosa e individual de libros de ficción e informativos.	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar, doutras bibliotecas, fondos persoais e maletas viaxeiras....
Lectura compartida de, cando menos, dous libros por aula.	Sistemática	Fondos persoais
Lectura individual obrigatoria de tres libros por aula ao longo do curso	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar, fondos da biblioteca de aula e outros.
Recomendar os libros que máis lle gustaron	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros.
Facer un resumo organizando secuencialmente das ideas principais	Puntual	Fondos da biblioteca e outros

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

PROXECTO LECTOR DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA		
ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS
Elaborar murais	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros.
Encontros con conta contos	Puntual	Fondos do centro e outros
Encontros con autores.	Puntual	Fondos do centro e outros
Colaborar na selección de títulos para a biblioteca.	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar.
Realización e exposición de debuxos ou traballos plasmáticos relacionados coas lecturas.	Sistemática	Obxectos variados.
Elaboración de contos.	Puntual	Fondos da biblioteca e aula
Dramatización de lecturas.	Puntual	Materiais bibliográficos e material funxible.
Buscar información en enciclopedias, dicionarios, monográficos..., revistas, xornais, internet...	Puntual	Fondos da biblioteca escolar, Internet, outros...
Confeccionar listaxes dos libros que máis gustan ao alumnado para que os seus pais vaian creando a súa propia biblioteca na casa.	Sistemática	Adquisición dos fondos en librarías e outras

14.1 Plan lector das titoras de 4º de Primaria.

14.1.1 Obxectivos.

- Organizar visitas guiadas á biblioteca escolar para ler os carteis, coñecer as seccións, diferenciar entre os libros das distintas seccións, observar a etiqueta que identifica a cada un, analizar os datos de cada etiqueta
- Identificar as partes dun libro e analizar a información que aporta cada unha: portada, contraportada, solapas, índice, etc.
- Promover a lectura silenciosa e individual de libros.
- Facer unha lectura compartida de, cando menos, dous libros por aula.
- Facer unha lectura individual obrigatoria de tres libros por aula ao longo do curso.
- Recomendar os libros que máis gustaron.
- Facer un resumo organizando secuencialmente das ideas principais.
- Elaborar murais.
- Organizar encontros con contacontos.
- Facer dramatización de lecturas.
- Procurar información en enciclopedias, dicionarios, monográficos, revistas, xornais, Internet, etc.
- Confeccionar listaxes dos libros que máis gustan ao alumnado para que seus pais vaian creando a súa propia biblioteca na casa.

14.1.2 Actividades.

1º Trimestre:

- O alumnado traerá un libro (conto, banda deseñada ou poesía) en galego ou en castelán dos seus gustos e preferencias debendo ser axeitado á súa idade. Estes libros lense no tempo destinado ao proxecto lector de centro. Lerán dous libros por trimestre.
- Colocarase no taboleiro de aula unha grella cos títulos que trouxo o alumnado. A intencionalidade é que marquen os libros lidos.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

- O alumnado completará un ficha técnica sobre a lectura dos libros traídos das súas casas.

FICHA DE LECTURA

Título do libro:

Autor:

Editorial:

Páxinas	Data inicio	Data fin
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Conta brevemente a historia do libro:

Personaxes que aparecen:

<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Que che gustou máis?

Valora este libro do 0 ao 10:

- Identificación das partes dun libro e analizar a información que aporta cada unha: portada, contraportada, solapas, índice...
- No primeiro trimestre o alumnado de 4º A fará a seguinte lectura colectiva, o libro: “O estanque dos parrulos pobres”, da autora Fina Casalderrey (no ciclo cóntase con 12 exemplares).
- No primeiro trimestre o alumnado de 4º B fará a seguinte lectura colectiva, o libro:

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

“Novos contos para nenos”, autores: VV.AA. Editorial Citania de publicacións. (No ciclo cóntase con 14 exemplares).

- Elaboración dos personaxes dos libros para confeccionar un mural na zona de biblioteca.
- Durante a lectura consultar dicionarios e enciclopedias (dixitais ou non) para verificar o que estamos a ler.
- Realización de pequenas fragmentos dramatizados dos seus textos favoritos aos compañeiros e compañeiras de clase e inclusive a compañeiros/as de niveis inferiores, (fomentando as actividades interniveis).
- Visita á biblioteca do centro para coñecer o funcionamento e escolla de libros por parte do alumnado (lectura na propia biblioteca e no seu tempo libre).
- E todas aquelas actividades propostas ao longo do curso ou que xurdan da biblioteca.
- Confección dun portfolio colectivo denominado “ OS NOSOS LIBROS FAVORITOS DO 1º TRIMESTRE” no que cada alumno plasme o seu libro favorito do primeiro trimestre.

2º Trimestre:

- O alumnado traerá un libro (conto, banda deseñada ou poesía) en galego ou en castelán dos seus gustos e preferencias debendo ser axeitado á súa idade (Se no primeiro trimestre trouxo un libro en castelán no segundo trimestre terá que traer un libro en galego). Estes libros lense no tempo destinado ao proxecto lector de centro. Lerán dous libros no primeiro e no segundo trimestre traídos das súas casas.
- Colocarase no taboleiro de aula unha grella cos títulos que trouxo o alumnado. A intencionalidade é que marquen os libros lidos.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

- O alumnado completará un ficha técnica sobre a lectura dos libros traídos das súas casas.

FICHA DE LECTURA

Título do libro:

Autor:

Editorial:

Páxinas Data inicio Data fin

<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
----------------------	----------------------	----------------------

Conta brevemente a historia do libro:

Personaxes que aparecen:

<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Que che gustou máis?

Valora este libro do 0 ao 10:

- Identificación das partes dun libro e analizar a información que aporta cada unha: portada, contraportada, solapas, índice...
- Realización de personaxes dos libros, confeccionando un mural na zona de biblioteca de aula.
- Durante a lectura consultar dicionarios e enciclopedias (que poden ser dixitais ou non) para verificar o que estamos a ler.
- Realización de pequenos fragmentos dramatizados dos seus textos favoritos aos

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

compañeiros e compañeiras de clase e inclusive a compañeiros/as de niveis inferiores.

- No segundo trimestre o alumnado de 4º B fará a seguinte lectura colectiva, o libro: “O estanque dos parrulos pobres”, da autora Fina Casalderrey. (No ciclo cóntanse con 12 exemplares).
- No segundo trimestre o alumnado de 4º A fará a seguinte lectura colectiva, o libro: “Novos contos para nenos”, autores: VV.AA. Editorial Citania de publicacións. (No ciclo cóntanse con 14 exemplares).
- Lectura de novas nos xornais (dixitais, impresos) escolla dunha nova de interese social, ou que traballe calquera tipo de educación en valores: medio ambiental, educación para o consumidor (publicidade enganosa) e propor ao alumnado as 6 preguntas de R. Kipling: Quen? Que? Onde? Cando? Por que? Como?
- Visita á biblioteca do centro para coñecer o funcionamento e escolla de libros por parte do alumnado (lectura na propia biblioteca e no seu tempo libre).
- E todas aquelas actividades propostas ao longo do curso ou que xurdan da biblioteca.
- Confección dun porfolio colectivo denominado “OS NOSOS LIBROS FAVORITOS DO 2º TRIMESTRE” no que cada alumno plasme o seu libro favorito do segundo trimestre.

3º Trimestre:

- O alumnado de 4ºA e 4ºB realizará a lectura colectiva dalgún libro da biblioteca, ou no seu defecto as titoras decidirán a escolla dun libro para ser mercado polas familias. Tamén poden facer a lectura colectiva de libros en formato dixital no seguinte enderezo: <http://www.childrenslibrary.org/icdl/SimpleSearchCategory?ids=84&pnum=1&cnum=1&text=&lang=Spanish&ilangcode=es&ilang=Spanish&langid=61>
- Durante a lectura consultar dicionarios e enciclopedias (que poden ser dixitais ou non) para verificar o que estamos a ler.
- Realización de pequenos fragmentos dramatizados dos seus textos favoritos aos compañeiros e compañeiras de clase e inclusive a compañeiros/as de niveis inferiores.

- Visita á biblioteca do centro para coñecer o funcionamento e escolla de libros por parte do alumnado.
- E todas aquelas actividades propostas ao longo do curso ou que xurdan da biblioteca.

14.1.3 Recursos.

Recursos materiais:

Libros (fondos do ciclo, da biblioteca escolar e do propio alumnado), videocontos de Internet, os propios recursos existentes na biblioteca.

Recursos dixitais:

<http://www.childrenslibrary.org/icdl/SimpleSearchCategory?>

[ids=84&pnum=1&cnum=1&text=&lang=Spanish&ilangcode=es&ilang=Spanish&langid=61](http://www.childrenslibrary.org/icdl/SimpleSearchCategory?ids=84&pnum=1&cnum=1&text=&lang=Spanish&ilangcode=es&ilang=Spanish&langid=61)

Recurso humanos:

Equipo de biblioteca de centro, equipo de dinamización lingüística e equipo de actividades complementarias, autores de libros e contacontos.

14.1.4 Avaliación.

Os/as titores/as de cada aula comprobarán o grao de cumprimento dos obxectivos e que actividades incluiron, modificaron ou suprimiron. No caso de suprimilas ou modificalas explicitarase o motivo.

Asemade tamén comprobarán os seguintes indicadores de avaliación con respecto a cada alumno/a:

- Le con fluidez realizando unha axeitada entoación, dición e acentuación.
- Comprende o sentido global da lectura.
- Participa nas actividades de grupo respectando as normas establecidas.
- Fai uso da biblioteca escolar.
- Descubre a lectura como fonte de pracer.

14.2 Plan lector de educación musical.

14.2.1 Obxectivos.

- Abordar a lectura de todo tipo de textos en calquera soporte: libros, revistas musicais, lectura en rede... de forma segura e o máis fluída posible.
- Comprender os textos lidos ou escoitados, traballándoos a través de preguntas sobre as ideas principais despois da lectura.
- Desenvolver a competencia comunicativa oral e escrita.
- Conquerir unha lectura segura, fiable e fluida con todo tipo de textos.
- Fomentar a lectura e desenvolver a competencia lectora.
- Educar no uso práctico e crítico da información.
- Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas: enciclopedias, dicionarios, internet...
- Apoiar a adquisición das competencias básicas.

14.2.2 Actividades.

As actividades da área de E. Musical previstas no Proxecto Lector de Centro son as seguintes:

- Busca e produción de información en soporte dixital, impreso e audiovisual.
- Recollida de pezas musicais da tradición oral da contorna, favorecendo a comunicación interxeracional coas persoas maiores e establecendo un vínculo entre

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

oralidade e expresión escrita.

- Elaboración de materiais escritos, musicados... coa información recollida da tradición oral, contos, poemas... en formato impreso e dixital.
- Lectura comprensiva e expresión escrita de textos relacionados coa música: biografías, monografías...
- Creación de materiais audiovisuais desenvolvendo traballos coas novas tecnoloxías a partires dos elementos de coñecemento adquiridos, nos que se desenvolven estratexias de comprensión e expresión oral e escrita.

Para a comprensión e fomento da lectura e a escritura, dende a área de E. Musical tentaremos:

- Ler informacións en soportes diferentes (libros de lectura, internet, artigos xornalísticos...) sobre contidos musicais.
- *Traballar a través de contos a vida e obra dos compositores máis relevantes da historia da música.*
- Comunicarnos de maneira oral e escrita a través de varias linguaxes: a alfabética e a musical.
- Traballar a través de preguntas e diferentes actividades a comprensión lectora.

14.2.3 Recursos.

- Fichas, CDs musicais, recursos multimedia a través da Internet.

14.2.4 Avaliación.

- Verificarase o cumprimento dos obxectivos e a posta en práctica das actividades.

14.3 Plan lector de lingua inglesa.

A lectura na área de lingua inglesa está presente a diario, xa que sempre introdúcese nas unidades didácticas e trabállase ó longo delas con pequenas historias, banda deseñada, cancións, rimas, vídeos e visitas a páxinas web. De feito, tendo en conta o proxecto lector de centro a mestra de lingua inglesa propón os seguintes obxectivos e actividades.

14.3.1 Obxectivos

- escoitar e ler de xeito comprensivo textos do libro de aula e actividades interactivas.
- Ordear viñetas sobre algunhas das lecturas feitas.
- Memorizar pequenos textos dialogados, “raps” e “songs”.
- Buscar palabras nos dicionarios tradicionais ou dixitais.
- Responder a preguntas sobre o texto seguindo un modelo.

14.3.2 Actividades.

A lectura na área de lingua inglesa está presente a diario, xa que sempre introdúcese nas unidades didácticas e trabállase ó longo delas con pequenas historias, banda deseñada, cancións, rimas, vídeos e visitas a páxinas web. De feito, tendo en conta o proxecto lector de centro o profesorado de lingua inglesa ten que propor as seguintes actividades:

Actividades semanais:

- Lectura comprensiva de textos breves previamente traballados utilizando o libro da aula.
- Ordear viñetas a través de fondos da biblioteca o fondos informáticos e audiovisuais.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

- Memorización de pequenos textos dialogados usando o libro de aula, os fondos da biblioteca o ou audio.
- Memorización e recitado de “raps” e “songs” utilizando o libro de aula o fondos informáticos e audiovisuais.

Actividades quincenais:

- Diálogos escenificados empregando o libro de aula ou o audio.

Actividades Sistemáticas:

- Lectura de textos breves relacionados co tema actual usando o libro de aula ou o audio.
- Lectura, pronunciación e entoación empregando os fondos informáticos e audiovisuais.

LECTURAS DE CONTOS	
TRIMESTRE	CONTOS
1 TRIMESTRE	A new friend. A thief in the park.
2 TRIMESTRE	The piper of Hamlin. A visitor at school.
3 TRIMESTRE	A great invention A discovery in the forest. Around the world in eighty minutes.

As actividades propostas para a animación das historietas son as seguintes:

Actividades previas á lectura:

- Activar o coñecemento previo sobre o que se vai ler.
- Establecer predicións sobre o texto.
- Fomentar as preguntas sobre o texto.

Actividades durante a lectura:

- Facer preguntas sobre o que se está a contar para manter a atención do alumnado.
- Realizar xestos, utilizando TPR, para que o alumnado participe nas mesmas, ante a aparición de determinadas accións, etc.
- Busca de palabras nos dicionarios tradicionais e ou dixitais.

Actividades para despois da lectura:

- Responder preguntas sobre o texto atendendo a un modelo dado.
- Elixir a resposta axeitada entre varias opcións.
- Ler e numerar en orde de aparición na historia.
- Asociación de imaxes ao vocabulario do texto.
- Realización de diálogos dramatizados.
- Contestar a preguntas sobre o texto.

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

- Escribir palabras ou frases sobre a historia e contarlle á familia o que significan.
- Facer inferencias sobre a historia. (I think/ I don't think/ I want/ I don't want)

14.3.3 Recursos.

Libros de texto:

4º de EP
MacMillan Tiger Team 4. Pupil's Book & Activity Book

Recursos dixitais:

<http://www.tiger.macmillan.es>

14.3.4 Avaliación.

Para avaliar os obxectivos e as actividades indicaremos si se cumpren ou non os obxectivos e si se realizan si ou non as actividades. Preguntaremos ao alumnado que tipo de actividades de despois da lectura lle resultaron máis interesantes e de non gustarlles preguntáraselles se poden propoñer outras.

14.4 Plan lector de educación física.

14.4.1 Obxectivos.

- Desenvolver a competencia comunicativa oral entre o alumnado, que se expresen con claridade e soltura para o seu entendemento.
- Fomentar a lectura dentro da área de educación física con artigos relacionados cos temas que vaíamos traballando.
- Aprender vocabulario propio da nosa área introducíndoo de maneira gradual e axeitada.
- Fomentar o hábito lector en pequenas e grandes porcións, antes – durante – despois da práctica a modo de reflexión.
- Motivar a busca de información na biblioteca do colexio.
- Buscar comparativas e expresalas oralmente e por escrito entre varios deportes ou xogos.

14.4.2 Actividades.

Cítanse unha serie de actividades de exemplo que se traballarán antes-durante-despois da práctica deportiva de dúas horas semanais, ou naqueles días de choiva que non se poda usar as instalacións debido a humidade do chan ou simplemente por que nos mollamos no percorrido ao pavillón se a choiva é ventosa e forte:

- Debate e reflexión de lecturas relacionadas co tema a traballar en práctica deportiva.
- Busca de información puntual de dúbidas ou preguntas dos compañeiros/as durante a sesión.

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

- Cumprimentar fichas prácticas sobre exercicios que facemos durante a hora de educación física.
- Que expliquen os erros das propias execucións e que propoñan solución.
- Que expliquen os erros das execucións dos compañeiros/as e que axuden coas súas explicacións a facer o correcto.

Temporalización das actividades e tempo utilizado para o seu desenvolvemento.

Dado que a práctica física é primordial na área, iranse racionando as actividades a medida que o requira a práctica no ximnasio - pavillón ou, se por motivos meteorolóxicos, se predominan na aula do grupo. Prácticas lectoras e de escritura máis puntuais durante a práctica e máis comúns como traballo fóra de aula. Prácticas orais máis comúns dentro da aula durante a práctica orientadas polo mestre nun ambiente de observación e reflexión.

14.4.3 Recursos.

- Fichas.
- Prácticas orais.
- Uso da páxina web.

14.4.4 Avaliación.

Indicaremos en que medida se cumpren os obxectivos e indicaremos si se levan a cabo todas as actividades propostas ou se producen modificacións.

14.5 Plan lector de relixión católica.

Dende a área de relixión trataremos de contribuír ao proxecto lector cunha serie de actividades que van a formara parte da propia metodoloxía e perfectamente integradas na propia programación, en cada unha das unidades didácticas ou proxectos de traballo levados a cabo na aula.

14.5.1 Obxectivos.

Realizar visitas á biblioteca escolar para:

- Ler, buscar determinada información ou aprender a diferenciar os libros das distintas seccións,mostrando onde se atopan os libros de relixión ou outro tipo de libros.
- Observar a etiqueta que identifica a cada un dos libros , analizar os datos de cada etiqueta coa finalidade de que saiban desenvolverse na Biblioteca.
- Descubrir que a Biblia e como unha gran Biblioteca con libros de diferentes temáticas, lendo e comparando.
- Realizar traballos plásticos relativos ás lecturas establecidas nas PATs.
- Elaborar contos.
- Dramatización das lecturas.

14.5.2 Actividades:

- Realización de actividades de aula coa información recollida na biblioteca escolar e posible ampliación da mesma. Neste caso se animará os rapaces (na medida do posible) a que lles pidan as súas familias para visitar a biblioteca pública do concello o que pertencen (municipal de Lousame, municipal de Noia....).

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

- Lectura silenciosa e individual de libros de diferente temática.
- Introducción ao uso da Biblia: a Biblia é como a Biblioteca con libros de diferentes temáticas.
- Realización e exposicións de debuxos ou traballos plásticos relacionados coas lecturas.
- Elaboración de contos.
- Dramatización das lectura.

14.5.3 Recursos.

- Lecturas previstas nas PAT.
- Libros da área de Relixión da biblioteca.

14.5.4 Avaliación.

Reflictirase na memoria si se realizaron todas as actividades propostas. Asemade en función dos resultados continuaremos coas mesmas ou propoñeremos outras.

15 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

15.1 Áreas dos titores.

No segundo ciclo de educación primaria, as aulas de 4ºA e 4º B todavía non contan con encerado dixital interactivo e canón retroproxector. Terán que utilizar a “técnica do recuncho do ordenador” ou solicitar un canón para poder realizar as pertinentes actividades dixitais dispostas nas programacións de tarefas e actividades. Tamén se dispón de aula de informática (compartida para secundaria, primaria e infantil) podendo o profesorado anotarse nun “planning” disposto na sala do profesorado. Cabe salientar que ao longo do curso se instalen en sendas aulas canón retroproxectores e encerados dixitais.

TRIMESTRE	ACCIÓNS
1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> • Uso de materiais audiovisuais: CD, DVD..., libros e dicionario e enciclopedias dixitais, páxinas web das editoriais, buscadores (Google, Bing, etc...) • Participación nos blogs de centro.
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> • Uso Materiais audiovisuais: CD, DVD..., libros e dicionario e enciclopedias dixitais, páxinas web das editoriais, buscadores (Google, Bing, etc...) • Participación dalgún do profesorado do equipo no curso de formación de encerado dixital. • Participación nos blogs de centro.
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais audiovisuais: CD, DVD..., libros e dicionario e enciclopedias dixitais, páxinas web das editoriais, buscadores (Google, Bing, etc...) • Participación dalgún do profesorado do equipo no curso de formación de encerado dixital. • Participación nos blogs de centro. • Lectura colectiva ou individual de libros en formato dixital no enderezo: http://www.childrenslibrary.org/icdl/SimpleSearchCategory?ids=84&pnum=1&cnum=1&text=&lang=Spanish&langcode=es&lang=Spanish&langid=61

15.2 Área de educación musical.

A incursión da tecnoloxía nas nosas vidas é tan intensa que provoca fortes modificacións nos nosos actos cotiáns domésticos. Moitos son os produtos tecnolóxicos que manexamos a diario e que posibilitan o acceso ao coñecemento da tecnoloxía en grande medida, polo menos a nivel de usuario.

A música é precisamente un contorno no que a tecnoloxía ten una presenza profunda. Hoxe en día non se entende o fenómeno musical sen estar vinculado dalgunha forma a un dispositivo tecnolóxico; a experiencia da música gravada constitúe en sí mesmo un proceso sumatorio de pasos, onde os avances tecnolóxicos van deixando a súa pegada.

A música depende de variados e cruciais elementos tecnolóxicos que lle permitan dende gravar a música, escoitala nun reproductor portátil, manipulala nun ordenador, distribuila nun determinado soporte... xa que logo, resulta xustifico que se achegue á educación dun músico o coñecemento destes aparellos tecnolóxicos, atendendo a unha necesidade social que fai da tecnoloxía un contexto habitual.

Así, atendendo ó Plan de Integración das TICs existente no centro e tendo en conta os recursos (TICs) cos que contamos na aula de música, fomentaranse as novas tecnoloxías da seguinte maneira:

- A incursión da tecnoloxía nas nosas vidas é tan intensa que provoca fortes modificacións nos nosos actos cotiáns domésticos. Moitos son os produtos tecnolóxicos que manexamos a diario e que posibilitan o acceso ao coñecemento da tecnoloxía en grande medida, polo menos a nivel de usuario.
- A música é precisamente un contorno no que a tecnoloxía ten una presenza profunda. Hoxe en día non se entende o fenómeno musical sen estar vinculado dalgunha forma a un dispositivo tecnolóxico; a experiencia da música gravada constitúe en sí mesmo un proceso sumatorio de pasos, onde os avances tecnolóxicos van deixando a súa pegada.
- A música depende de variados e cruciais elementos tecnolóxicos que lle permitan dende gravar a música, escoitala nun reproductor portátil, manipulala nun ordenador, distribuila nun determinado soporte... xa que logo, resulta xustifico que se achegue á educación dun músico o coñecemento destes aparellos tecnolóxicos, atendendo a unha necesidade social que fai da tecnoloxía un contexto habitual.
- Así, atendendo ó Plan de Integración das TICs existente no centro e tendo en conta os recursos (TICs) cos que contamos na aula de música, fomentaranse as novas

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

tecnoloxías da seguinte maneira:

- Traballaremos co programa informático “Encore” para reforzar a aprendizaxe das figuras musicais (redonda, branca, negra e corchea) e dos seus respectivos silencios.
- Utilizaremos o programa informático “Finale” como axuda para interpretar as partituras musicais que se traballen en cada unidade.
- Internet empregárase para a busca e ampliación de información sobre os contidos máis teóricos da área: familias de instrumentos, compositores...
- Empregaremos os Cds de audio para traballar as audicións propostas e aprender as cancións que introducen cada unidade didáctica.
- Consultaremos varias páxinas web educativas para poñer en práctica os contidos aprendidos durante o curso.
- Empregaremos Internet para visionar en varias páxinas web videoclips de grupos musicais actuais.
- O proxector e máis a pantalla serán utilizados sempre que empreguemos o ordenador, para mellorar a visión dos alumnos/as, xa que as clases son bastante numerosas.
- Por último, empregaremos un blog de aula www.clavedesilva.blogspot.com no que lles colgarei apuntes, resumos, actividades en liña con autocorrección para repasar as unidades didácticas e outras noticias musicais que poidan resultar do interese do alumnado.

15.3 Área de lingua inglesa.

	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Visionado dos DVD's de MacMillan por cada unidade didáctica principal. • Utilización de dicionarios visuais e bilingües "online". • escoita dos CD's de MacMillan por cada unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utilización de dicionarios visuais e bilingües "online". • Visionado dos DVD's de MacMillan por unidade didáctica principal. • escoita dos CD's de MacMillan por cada unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utilización de dicionarios visuais e bilingües "online". • Visionado dos DVD's de MacMillan por cada unidade didáctica principal. • escoita dos CD's de MacMillan por cada unidade.
	Utilización de diferentes websites: http://www.agendaweb.org http://www.youtube.com http://www.tiger.macmillan.es http://visual.merriam-webster.com http://sli.uvigo.es/CLIG/index.html	Utilización de diferentes websites: http://www.agendaweb.org http://www.youtube.com http://www.tiger.macmillan.es http://visual.merriam-webster.com http://sli.uvigo.es/CLIG/index.html	Utilización de diferentes websites: http://www.agendaweb.org http://www.youtube.com http://www.tiger.macmillan.es http://visual.merriam-webster.com http://sli.uvigo.es/CLIG/index.html

15.4 Área de relixión católica.

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula nesta materia convértese nunha peza cruce como ferramenta para recibir e transmitir información.

O obxectivo que se pretende alcanzar ao finalizar a escolarización obrigatoria é a consecución por parte do alumnado de competencia dixital.

Dende esta área se contribúe ao plan TIC (tendo en conta os escasos materiais cos que contamos) a través das propias actividades de aula:

- Desenvolvendo habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento.
- Manexando programas adaptados as características do alumnado.
- Realizando xogos educativos, lectura e produción de contos en soporte dixital.
- Proxección de documentais ou vídeos.
- Busca de información así como a comparación e a selección desta.

Consideramos as TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

16 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Ademais de ter como referente o plan de convivencia do centro o equipo de 2º ciclo ten previsto realizar as seguintes accións de promoción da convivencia.

TRIMESTRE	ACCIÓNS
1º TRIMESTRE	<p>FOMENTO DE ACTITUDES CÍVICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Respetar as normas do centro recollidas no R.R.I. • Consensuar as normas de aula (entre outras • incidir en deixar as mesas e cadeiras recollidas e limpas, o remate da xornada, ademais de colaborar na orde e coidado do resto do centro). • Favorecer o autocontrol do alumnado que altera a convivencia promovendo recompensas sempre que consiga controlarse (darlles unha responsabilidade: arranxo e decoración da clase, borrar o encerado, ordear os xiz do encerado, escribir a data, encargarse de repartir os libros cos demais encargados do día, facer un recado, ordenar as mesas e cadeiras, etc...). Indicarlle ao alumnado as consecuencias en caso de falta de autocontrol: o recuncho de pensar, tempo fóra baixo o control do/a mestra/e.
2º TRIMESTRE	<p>FOMENTO DAS ACTITUDES CÍVICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Respetar as normas do centro recollidas no R.R.I. • Lembrar as normas de clase. • Favorecer o autocontrol tal e como se describiu no primeiro trimestre. <p>FOMENTO DAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS E AFECTIVAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Agasallar cunha carteira elaborada por un mesmo a outras compañeiras/os. Realzar as cosas positivas da persoa que recibe o agasallo. En caso de non ser apropiadas a consecuencia verase reflectida nas notas da avaliación. <p>TOMAR CONCIENCIA DE EQUIPO:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Confección de carteiras con tetrabricks de refugallo que identifiquen ao alumnado de 4º.
3º TRIMESTRE	<p>FOMENTO DAS ACTITUDES CÍVICAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Respetar as normas do centro recollidas no R.R.I. • Lembrar as normas de clase. • Favorecer o autocontrol tal e como se describiu no primeiro trimestre. <p>FOMENTO DAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS E AFECTIVAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Creación de catro corazóns “Necesito unha aperta”, dous por clase. <p>TOMAR CONCIENCIA DE EQUIPO:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Confección dun mandala xigante por parte de todo o alumnado de 2º ciclo.

17 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

Tal e como marca o Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia, no seu artigo 6º para a educación primaria, garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia. As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia. Impartirase en galego a área de Coñecemento do Medio, de Educación Artística e de Educación Física e en castelán a área de Matemáticas.

Os/as mestres/as titores/as de 4º de educación primaria participarán nas accións propostas polo equipo de Dinamización Lingüística, o equipo de Actividades Extraescolares e o equipo de Biblioteca entre outras:

- Participar no blog da escola.
- Participar en murais vinculados coa lingua galega.
- Axudar nas actividades programadas para as diferentes conmemoracións.
- Participar nos concursos literarios.

18 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.

18.1 Áreas dos titores.

- Lingua 3. En liña. Ed. Anaya. Madrid. 2012.
- Lengua 3. En liña. Ed. Anaya. Madrid. 2012.
- Coñecemento do medio 3. En liña. Ed. Anaya. Madrid. 2012.
- Matemáticas 3. Los caminos del saber. Ed. Santillana. Madrid . 2012.
- Lingua 4. En liña. Ed. Anaya. Madrid. 2012.
- Lengua 4. En liña. Ed. Anaya. Madrid. 2012.
- Coñecemento do medio 4. En liña. Ed. Anaya. Madrid. 2012.
- Matemáticas 4. Los caminos del saber. Ed. Santillana. Madrid . 2012.
- Láminas.
- Material funxible que se lles pide os/as alumnos/as, será establecido polos respectivos mestres/as que imparten en cada nivel.
- Dicionarios das distintas linguas.
- Novas tecnoloxías: ordenadores, encerado dixital, etc.
- Materiais audiovisuais: CD, DVD, etc., libros e dicionario e enciclopedias dixitais, xornais dixitais, páxinas web das editoriais, páxinas web de videocontos e libros dixitais, buscadores (Google, Bing, etc.)
- Xornais.
- Contos e diferentes textos que forman parte da biblioteca escolar e de aula.
- Xogos: quebracabezas, de atención...
- Material específico de cada área: globo terráqueo, mapas xeográficos, etc.

Outros recursos.

Recursos humanos: os membros do equipo do ciclo, o equipo de biblioteca, o equipo de dinamización lingüística, o equipo de actividades extraescolares e complementarias, o equipo de orientación educativa, os mestres/as do centro, o equipo directivo e persoas externas ao mesmo (CAFI, Concello, ANPA, Inspección Educativa, asociacións culturais, etc.).

Dependencias do centro: biblioteca escolar, aula de informática, Departamento de Orientación, aula de PT e AL.

18.2 Área de educación musical.

En canto aos recursos, citar a aula de música e todo o equipamento co que conta: instrumentos de percusión determinada e indeterminada, un piano, unha guitarra eléctrica, unha guitarra acústica, un baixo eléctrico, dous amplificadores, unha minicadena, un reproductor de vinilos, un ordenador e unha gran variedade de libros, vinilos e Cd's.

Partindo disto, é necesario que en todo momento se trate de educar no uso correcto dos materiais, fomentando o seu coidado e correcta distribución e recollida, e responsabilizando aos alumnos/as para estas tarefas na medida do posible. Terase moi en conta á hora da avaliación. Por iso, dende os primeiros días de clase intentaranse afianzar as rutinas necesarias para unha correcta utilización dos materiais da aula.

Por outra banda, o material que se lle esixirá ao alumnado será:

Unha libreta de pentagramas de pauta ancha.

Unha fruta doce co seu respectivo limpador.

18.3 Área de lingua inglesa.

Libros de texto:

- Read C.& Omeron, M., (2013): Tiger Team 4. UK: McMillan Education

Material solicitado ao alumnado:

Un cartafol de plástico tamaño folio con gomas elásticas.

Un archivador ou caixa para gardar as fichas nos seus fogares.

Creación das contas de usuarios por parte das familias para poder acceder á web:

www.tiger.macmillan.es

Websites:

- <http://www.agendaweb.org>
- <http://www.youtube.com>
- <http://www.google.com>
- <http://www.tiger.macmillan.es>

Dicionarios:

- <http://visual.merriam-webster.com> (dicionario visual en Internet).
- <http://sli.uvigo.es/CLIG/index.html> (dicionario bilingüe inglés-galego en Internet).
- Oxford Pocket Dictionary. (dicionario bilingüe inglés-español).

18.4 Área de relixión católica.

No ensino da relixión o profesor debe ser consciente da diversidade de informacións e recursos que o alumno obtén nos seus diversos medios vitais, na familia, na rúa, no aula desde as diversas áreas, nos medios de comunicación social, etc. Por iso o profesor debe utilizar todos os resortes e recursos para que, segundo os principios enunciados con anterioridade e segundo os obxectivos que se desexa conseguir, o alumno poida apropiarse das informacións ofrecidas e axúdeselle a alcanzar o desenvolvemento pleno das súas capacidades. Utilizarase:

- Diferentes textos
- Biblia
- Contos infantís.
- Murais
- Prensa.
- Diferentes libros de consulta, de xeografía , arte etc.
- Aula de informática (ordenadores, encerado dixital, etc.).
- Ordenador de aula (programas informáticos).
- Películas.
- DVD.
- Artigos de prensa.
- Libros sobre valores.
- Biblia.
- Internet.
- Material funxible, lapis de cores, ceras, témperas, cartolinas, tesoiras.

19 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

	PROPOSTA DE ACTIVIDADES	OBXECTIVOS
1º TRIMESTRE	Asistencia ás actividades didácticas propostas polo Concello de Lousame.	Gozar de actividades lúdicas con fins educativos.
	Participación nas conmemoracións das celebracións de obrigado cumprimento segundo a Orde de 13 de xuño de 2014 propostas polo equipo de actividades extraescolares, o equipo de dinamización lingüística e o equipo de biblioteca.	Darse conta dos feitos, valores ou personaxes que se enxalzan en ditas datas.
	Visita ao Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) ou a calquera sala de concertos. Concertos didácticos de agrupacións musicais, tanto fóra como dentro do colexio. (Actividades propostas pola mestra de Ed. Musical)	Asistir e deleitarse con algunha audición en directo ó longo do curso.
2º TRIMESTRE	Asistencia ás actividades didácticas propostas polo Concello de Lousame.	Gozar de actividades lúdicas con fins educativos.
	Participación nas conmemoración das celebracións de obrigado cumprimento segundo a Orde de 13 de xuño de 2014 propostas polo equipo de actividades extraescolares, o equipo de dinamización lingüística e o equipo de biblioteca.	Darse conta dos feitos, valores e personaxes que se enxalzan en ditas datas.
	Coñece o teu Concello.	Visitar o Concello para decatarse da importancia dalgunhas das súas funcións.
	Visita ao Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) ou a calquera sala de concertos. Concertos didácticos de agrupacións musicais, tanto fóra como dentro do colexio. (Actividades propostas pola mestra de Ed. Musical)	Asistir e deleitarse con algunha audición en directo ó longo do curso.
3º TRIMESTRE	Asistencia ás actividades didácticas propostas polo Concello de Lousame.	Gozar de actividades lúdicas con fins educativos.
	Participación nas conmemoracións das celebracións de obrigado cumprimento segundo a Orde de 13 de xuño de 2014 propostas polo equipo de actividades extraescolares, o equipo de dinamización lingüística e equipo de biblioteca.	Darse conta dos feitos, valores e personaxes que se enxalzan en ditas datas.
	Saída de fin de curso a Lira, con motivo do PDI de Biblioteca “Alma de beiramar”. Data de celebración: 26 de maio de 2015. Coste: 6 euros por alumno + autobús.	Cofecer uns dos oficios tradicionais de Galicia: as redeiras. Decatarse da importancia da Cofradía de Pescadores de Lira: divulgación

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

		das artes de pesca, os mecanismos que se utilizan na lonxa e a divulgación do respecto polo mundo mariño mediante xogos e unha ruta polo porto.
	Visita ao Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) ou a calquera sala de concertos. Concertos didácticos de agrupacións musicais, tanto fóra como dentro do colexio. (Actividades propostas pola mestra de Ed. Musical)	Asistir e deleitarse con algunha audición en directo ó longo do curso.

20 PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

A avaliación concíbese dunha forma holística, é dicir, analiza todos os aspectos do proceso educativo e permite a retroalimentación, así como obter información para propor unha posible modificación da metodoloxía, ou a reestruturación das actividades previstas co fin de favorecer unha evolución acorde ás necesidades do grupo ou incluso a nivel individual.

O seguimento da actividade lectiva será recollido no diario de clase, nel detállase o avance e progresión nas distintas áreas da programación didáctica, esta ferramenta de traballo permite comprobar se o programado inicialmente na programación didáctica se está a desenvolver segundo o pautado ou realízanse modificacións.

Finalmente, como evidencia da avaliación final da programación elaborárase a memoria final de curso. Para elaborala necesitamos revisar trimestralmente a programación didáctica xeral cos seguintes apartados:

- 1) Grao de cumprimento dos obxectivos.
- 2) Contidos traballados. (Revisar as PAT trimestralmente, cubrindo a matriz de recollida de datos no 1º, 2º e 3º trimestre)

MODIFICACIÓNS QUE SE INTRODUCIRON OU QUE FOI NECESARIO

INTRODUCIR NAS PROGRAMACIÓNS DAS DIFERENTES ÁREAS

(PARA INCLUIR NA MEMORIA FINAL DE CICLO, NO APARTADO 4)

ÁREA DE	NIVEL:	
3º TRIMESTRE	LEVÁRONSE A CABO	CAUSAS DAS MODIFICACIÓNS OU OBSERVACIÓNS
Unidade		
Unidade		
Unidade		
Unidade		
Unidade		

O/a mestre/a

Asinado

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

3) Metodoloxía utilizada.

4) Atención á diversidade. (Dar conta do anexo VIII do rexistro Trimestral previsto no Plan de Atención á Diversidade aprobado polo centro).

DEPARTAMENTO: ¶ ETAPA/CICLO/NIVEL: ¶			TRIMESTRE: (·º) ¶	
ALUMNO/A ¶	CURSO ¶	MAD ¶	RECOMÉNDASE CONTINUAR COAS MAD (SI/NON) ¶	RECOMÉNDASE ADOPCIÓN DOUTRAS MAD (SINALAR CALES) ¶
¶	¶ ¶ ¶ ¶ ¶	¶	¶ ¶	¶
¶	¶	¶	¶	¶

5) Adaptacións curriculares elaboradas.

6) Grao de cumprimento da educación en valores.

7) A) Cumprimento das accións do plan lector. (Revisarase trimestralmente polas titoras)
Grella de recollida de información para as titoras:

ANÁLISE DO PLAN LECTOR (·º) TRIMESTRE CURSO (·) ¶			
ACTIVIDADES PREVISTAS NO PLAN LECTOR	IMPLEMENTADA ¶ (SI) (NON) ¶		CAUSAS DA MODIFICACIÓN ¶
	¶	¶	
¶ - Identificación das partes dun libro e analizar a información que aporta cada unha: portada, contraportada, solapas, índice... ¶ - ETC... ¶	¶ ¶ ¶ ¶ ¶	¶ ¶ ¶ ¶ ¶	¶ ¶ ¶ ¶ ¶

Propostas de mellora: _____

B) Cumprimento do Proxecto Lector. Anualmente as titoras cubrirán nunhas matrices de recollida de información o grao de cumprimento dos obxectivos, as actividades e os indicadores de avaliación respecto ao alumnado. (Revisarase anualmente, antes de que acabe o 3º trimestre)

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

OBXECTIVOS DO PROXECTO LECTOR	GRAO DE CUMPRIMENTO	
	4º A	4º B
Visitar a biblioteca escolar para ler os carteis, coñecer as seccións, diferenciar entre os libros das distintas seccións, observar a etiqueta que identifica a cada un, analizar os datos de cada etiqueta	¶	¶
Etc.	¶	¶

ANÁLISE DO PROXECTO LECTOR DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA			LEVADAS A CABO NOS CURSOS	
ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS	¶	¶
Visitas guiadas á biblioteca escolar para ler os carteis, coñecer as seccións, diferenciar entre os libros das distintas seccións, observar a etiqueta que identifica a cada un, analizar os datos de cada etiqueta	¶ Puntual	¶ Fondos da biblioteca escolar	¶	¶
Etc.	¶	¶	¶	¶

INDICADORES DE AVALIACIÓN RESPECTO AO ALUMNADO	PORCENTAXE DE ALUMNADO %											
	1-10%	11-20%	21-30%	31-40%	41-50%	51-60%	61-70%	71-80%	81-90%	91-95%	96-100%	
Le con fluidez realizando unha axeitada entoación, dicción e acentuación	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	
Comprende o sentido global da lectura	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	
Participa nas actividades de grupo respectando as normas establecidas	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	
Fai uso da biblioteca escolar	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	
Descobre a lectura como fonte de pracer	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	¶	

Propostas de mellora:

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

C) Matriz para a recollida de datos do PL do profesorado especialista de educación física, relixión, música e lingua inglesa para a realización da memoria do Proxecto e Plan Lector. (Revisarase anualmente, antes de que termine o terceiro trimestre).

Claves dos obxectivos: acadado (A), en proceso (P) e non acadado (NA)

Claves das actividades: levada a cabo (L) e non levada a cabo (NL)

	2º CICLO EP		
OBXECTIVOS	A	P	NA
ACTIVIDADES	L	NL	

Propostas de mellora: _____

8) Cumprimento das accións de contribución ao plan de convivencia.

9) Cumprimento das accións de contribución ao proxecto lingüístico.

10) Cumprimento das actividades complementarias e extraescolares.

A final de curso e con motivo de elaborar a memoria, tamén avaliaremos a propia práctica docente. Cumprimentaremos unha escala de valoración sobre aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe. (A cubrir por todos/as os/as membros que constitúen o equipo de 4ºEP)

21 DIRECTRICES DA C.C.P. QUE SE TEÑEN EN CONTA NESTA PROGRAMACIÓN.

Antes de que os ciclos inicien o traballo de planificación das programacións a Comisión de Coordinación Pedagóxica da instrucións a través da reunión establecida pola directiva do centro, o día 3 de setembro de 2014 ás 10.30 horas, na que se proporciona ás/os mestras/es de nova incorporación e tamén aos definitivos o esquema a seguir de acordo ao esixido por Inspección Educativa para a elaboración das programacións de ciclo e as programacións de tarefas e actividades por nivel ou grupo clase.

Estas directrices teñen por finalidade coordinar os traballos de planificación do curso académico 2014-2015 lémbrense entre outras as seguintes liñas de actuación do centro:

- Garantir a unidade e coherencia das ensinanzas que as/os distintas/os mestras/es da área imparten nun mesmo nivel asegurando que a súa práctica educativa se sustente nos principios educativos comúns por cada área.
- Establecer o calendario de reunións dos equipos de 4º de educación primaria para os martes da terceira semana de cada mes ás 17:30, cando estes cadren en festivo celebraranse ao día seguinte que sexa lectivo.
- Fomentar a formación do profesorado no curso que se levará a cabo no centro sobre dinamización da web do centro e terminais lixeiros.

22 MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.

22.1 Áreas dos titores.

A continuación preséntase de forma tabulada, as principais dificultades e as súas posibles solucións.

O profesorado comprométese a facer unha revisión do grao de cumprimento das programacións e as actividades do proxecto lector ao finalizar cada trimestre e a recollelas nas actas de reunión.

Faise necesario que o profesorado titor vaia elaborando plans de reforzo para o alumnado que presenta falta de adquisición de aprendizaxes básicas.

Autonomía e iniciativa persoal.	• Autoavalía o seu propio comportamento de maneira reflexiva. • Expressa as súas propias vivencias persoais. • Persevera ante as dificultades e esforzase por realizar ben as súas tarefas.

UNIDADE 9

Obxectivos

- Ler diferentes tipos de textos con fluidez e coa entoación adecuada.
- Enriquecer o vocabulario con palabras referentes á aldea.
- Identificar e formar xentilicios.
- Identificar e utilizar correctamente os pronomes persoais.
- Escribir correctamente palabras con x e discriminar as diferentes pronuncias.
- Escribir normas de comportamento e actuación para un lugar determinado.
- Comprender que é unha lenda e cal é o seu obxectivo.
- Coñecer algunhas mostras representativas da arte popular.

Contidos

- Lectura e comprensión: *As espiñas do porco espiño*
- Vocabulario:
- Léxico referido á aldea.
- Os xentilicios.
- Gramática: Os pronomes persoais.
- Ortografía: Palabras con x e palabras que empezan por ex- ou es-.
- Expresión: Normas de comportamento.
- Literatura: As lendas.
- A nosa cultura: Os cruceiros.

Temporización

Primeira quincena de abril.

Actividades

- Asociar xentilicios coas localidades.
- Recoñecer e utilizar os pronomes persoais.
- As lendas.
- Ditado.

Criterios de avaliación

- Le diferentes textos con fluidez e coa entoación adecuada.
- Extrae o sentido global dos textos e fai o seu comentario.
- Aprende e utiliza vocabulario relacionado coa aldea.
- Identifica xentilicios e relaciónaos co seu topónimo correspondente.
- Coñece e utiliza con corrección os pronomes persoais.
- Escribe correctamente palabras con x e pronúnciaas adecuadamente.
- Discrimina na práctica algunhas palabras que comezan por ex- e por es-.
- Escribe normas de comportamento acordes a un determinado espazo.
- Recoñece as características específicas dunha lenda.
- Mostra interese por coñecer algunhas mostras da arte popular.

Estratexias didácticas

- Fixar a atención no autor e título da lectura inicial e cubrir unha breve ficha.
- Fixar hábitos de traballo: copiar os textos con atención e limpeza, subliñar con regra, fixarse nas imaxes que acompañan aos textos, etc.
- Traballar acotío o manexo do dicionario.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías para buscar ou ampliar a información que figura nos diferentes apartados do libro de texto.
- Iniciar o alumnado nas técnicas básicas de estudo.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Libro do alumno.
- Caderno de actividades.
- Recursos fotocopiáveis adxuntos.
- Recursos do libro dixital.
- CD audio coas lecturas.
- Bingo ortográfico.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS U9	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	<ul style="list-style-type: none">• Le unha lenda e comenta diversos tipos de textos.• Amplía o vocabulario sobre a aldea.• Redacta distintos textos.• Asimila conceptos léxico-semánticos.• Aplica normas gramaticais e ortográficas.• Mellora a expresión oral.• Goza con actividades de carácter lúdico.
Competencia matemática.	<ul style="list-style-type: none">• Le correctamente números cardinais e ordinais.• Interpreta signos matemáticos para resolver actividades.
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	<ul style="list-style-type: none">• Observa e describe unha paisaxe e interésase por coñecer o espazo no que se desenvolve a súa vida cotiá.• Interésase por coñecer o mapa da nosa comunidade e identifica as localidades máis próximas ao seu espazo.• Comprende a importancia de coidar a natureza.
Tratamento da información e competencia	<ul style="list-style-type: none">• Establece relacións e

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U9	DESEMPEÑOS
dixital.	<p>correspondencias.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aprende e organizar a información en fichas. • Amplía información mediante soportes tradicionais e as TIC. • Analiza e forma palabras. • Utiliza diferentes códigos, pictogramas, etc. para crear mensaxes. • Ordena información con coherencia e cohesión.
Competencia social e cidadá.	<ul style="list-style-type: none"> • Respecta os demais e rexeita actitudes de asoballamento cara aos demais. • Respecta os sinais de prohibición e comprende a importancia de seguir certas normas de convivencia.
Competencia cultural e artística.	<ul style="list-style-type: none"> • Valora o carácter didáctico dos contos e lendas. • Desenvolve a creatividade mediante o debuxo e a redacción de textos. • Goza coa lectura de refráns. • Goza coa recitación de poesías. • Interésase por coñecer diferentes aspectos da nosa cultura.
Competencia para aprender a aprender.	<ul style="list-style-type: none"> • Establece secuencias de imaxes e tempos. • Utiliza técnicas de estudo que facilitan a aprendizaxe: resumos e clasificacións. • Aplica noutros contextos os coñecementos adquiridos.
Autonomía e iniciativa persoal.	<ul style="list-style-type: none"> • Expresa as súas vivencias e razo a súa opinión. • Realiza traballos de investigación con interese e responsabilidade.

UNIDADE 10

Obxectivos

- Ler un texto poético, e outros textos, con fluidez e comprensión.
- Aumentar o caudal léxico referido ao mundo mariñeiro.
- Saber que é unha familia de palabras.
- Identificar a persoa, número e tempo de formas verbais dadas.
- Coñecer o uso de b ou v nalgúns verbos frecuentes rematados en -ber ou -ver.
- Escribir un correo electrónico atendendo a súa estrutura específica.
- Identificar algúns recursos propios da poesía, como a personificación e a hipérbole.
- Coñecer algunhas mostras arquitectónicas propias da nosa cultura.

Contidos

- Lectura e comprensión: *Tres voltas ó planeta*
- Vocabulario:
- Léxico referido ao mundo mariñeiro.
- A familia de palabras.
- Gramática: O verbo (1). Persoa, número e tempo.
- Ortografía: Verbos rematados en *-ber* e verbos rematados en *-ver*.
- Expresión: O correo electrónico.
- Literatura: A linguaxe da poesía (2). Personificación e hipérbole.
- A nosa cultura: Os faros.

Temporización

Segunda quincena de abril.

Actividades

- Identificar verbos.
- Construír oracións, identificando os verbos cos seus tempos.
- Completar oracións con haber e a ver.
- Ditado.

Criterios de avaliación

- Le con fluidez e corrección poemas e outros tipos de textos.
- Comprende o sentido global dun texto e fai o seu comentario.
- Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico da beiramar.
- Identifica as palabras que forman unha familia léxica.
- Identifica o verbo como palabra que designa accións ou estados.
- Recoñece a persoa, número e tempo en diferentes formas verbais.
- Discrimina o uso de b e v nalgúns verbos rematados en *-ber/-ver*.
- Escribe correctamente un correo electrónico atendendo á estrutura específica.
- Identifica personificacións e hipérboles e utilízalas en creacións propias.
- Mostra interese por coñecer algunhas mostras arquitectónicas da nosa cultura.

Estratexias didácticas

- Fixar a atención no autor e título da lectura inicial e cubrir unha breve ficha.
- Ler os textos de lectura en voz alta e por quendas.
- Fixar hábitos de traballo: copiar os textos con atención e limpeza, subliñar con regra, observar e razoar, fixarse nas imaxes que acompañan aos textos, etc.
- Manexar habitualmente o dicionario.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías para ampliar información.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Libro do alumno.
- Caderno de actividades.
- Recursos fotocopiáveis adxuntos.
- Recursos do libro dixital.
- CD audio coas lecturas.
- Bingo ortográfico.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS U10	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	<ul style="list-style-type: none">• Le poemas e comenta diversos textos.• Amplía o vocabulario sobre o mar.• Redacta distintos textos.• Asimila conceptos léxico-semánticos.• Aplica normas gramaticais e ortográficas.• Mellora a expresión oral.• Goza con actividades de carácter lúdico.
Competencia matemática.	<ul style="list-style-type: none">• Le correctamente números cardinais e ordinais.
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	<ul style="list-style-type: none">• Interésase por coñecer os distintos elementos que conforman a nosa paisaxe.
Tratamento da información e competencia dixital.	<ul style="list-style-type: none">• Amplía información en diferentes soportes.• Aprende e organizar a información en fichas.• Establece correspondencias entre diferentes tipo de información.• Substitúe debuxos por palabras.• Utiliza as TIC para comunicarse cos demais.• Analiza e descompón palabras.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U10	DESEMPEÑOS
Competencia social e cidadá.	<ul style="list-style-type: none">• Comprende cando hai que pedir axuda aos demais.• Respecta os demais e evita palabras ou actitudes que poidan ferir os outros.
Competencia cultural e artística.	<ul style="list-style-type: none">• Goza coa recitación de poesías e a aprendizaxe de refráns.• Interpreta e aplica algúns recursos expresivos propios da poesía.• Desenvolve a creatividade coa creación de textos e debuxos.• Interésase por coñecer diferentes aspectos da nosa cultura.
Competencia para aprender a aprender.	<ul style="list-style-type: none">• Utiliza técnicas de estudo que facilitan a aprendizaxe: resumos, clasificacións.• Aplica noutros contextos os coñecementos adquiridos.
Autonomía e iniciativa persoal.	<ul style="list-style-type: none">• Defende as súas ideas de maneira razoada e respecta as dos demais.• Asume a tarefa que lle corresponde nas actividades grupais.

UNIDADE 11

Obxectivos

- Ler un texto informativo, e outros textos, con fluidez e comprensión.
- Aumentar o caudal léxico referido aos ríos.
- Saber que é un campo semántico.
- Conxugar verbos regulares en indicativo, seguindo os tres modelos de conxugación.
- Coñecer o uso de b ou v nalgúns verbos frecuentes rematados en -bir ou -vir.
- Realizar o resumo dun texto seguindo uns pasos dados.
- Comprender que é e para que serve o decorado dunha obra teatral.
- Coñecer algunhas mostras arquitectónicas da nosa cultura.

Contidos

- Lectura e comprensión: *Había unha vez un cabezolo*
- Vocabulario:
- Léxico referido ao río.
- O campo semántico.
- Gramática: O verbo (2). Modelos de conxugación.
- Ortografía: Verbos rematados en *-bir* e verbos rematados en *-vir*.
- Expresión: O resumo.
- Literatura: O teatro (1). O decorado.
- A nosa cultura: As pontes.

Temporización

Primeira quincena de maio.

Actividades

- Os campos semánticos.
- Verbos en distintas conxugacións.
- Ditado con verbos rematados en –bir.

Criterios de avaliación

- Le con fluidez e corrección diferentes tipos de textos.
- Comprende o sentido global dun texto e fai o seu comentario.
- Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico do río.
- Identifica as palabras pertencentes a un campo semántico.
- Conxuga en indicativo verbos regulares da primeira conxugación.
- Conxuga en indicativo verbos regulares da segunda conxugación.
- Conxuga en indicativo verbos regulares da terceira conxugación
- Escribe con *b* todos os verbos rematados en *-bir*, excepto *vir*, *servir* e *vivir*.
- Fai o resumo dun texto.
- Describe o decorado dunha obra teatral e recoñece a súa finalidade.
- Mostra interese por coñecer algunhas mostras arquitectónicas da nosa cultura.

Estratexias didácticas

- Fixar a atención no autor e título da lectura inicial e cubrir unha breve ficha.
- Ler os textos de lectura en voz alta e por quendas.
- Fixar hábitos de traballo: copiar os textos con atención e limpeza, subliñar con regra, observar e razoar, fixarse nas imaxes que acompañan aos textos, etc.
- Manexar habitualmente o dicionario.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías para ampliar información.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Libro do alumno.
- Caderno de actividades.
- Recursos fotocopiabes adxuntos.
- Recursos do libro dixital.
- CD audio coas lecturas.
- Bingo ortográfico.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS U11	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	<ul style="list-style-type: none">• Le e comenta diversos tipos de textos.• Amplía o vocabulario relacionado co río.• Redacta distintos textos.• Asimila conceptos léxico-semánticos.• Aplica normas gramaticais e ortográficas.• Mellora a expresión oral.• Goza con actividades de carácter lúdico.
Competencia matemática.	<ul style="list-style-type: none">• Aplica o razoamento dedutivo.
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	<ul style="list-style-type: none">• Percibe o espazo físico no que se desenvolve a vida e relaciónao co paso do tempo.• Valora o coñecemento científico e comprende a importancia de proporcionar datos precisos nos textos informativos.• Contribúe ao coidado do medio natural.
Tratamento da información e competencia dixital.	<ul style="list-style-type: none">• Comprende a importancia da imaxe nos textos informativos.• Aprende e organizar a información en fichas.• Establece correspondencias entre información gráfica e

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U11	DESEMPEÑOS
	<p>verbal.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Busca e amplía información a través de diferentes medios.
Competencia social e cidadá.	<ul style="list-style-type: none"> • Valora a comunicación interpersonal como medio para establecer relacións de amizade. • Comprende a importancia de seguir unhas normas de comportamento acordes aos diferentes espazos.
Competencia cultural e artística.	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolve a creatividade coa creación de textos e debuxos. • Goza coa lectura de refráns e adiviñas e coa recitación de poesías. • Interésase por coñecer diferentes aspectos da nosa cultura. • Recoñece a achega das distintas culturas á evolución da humanidade.
Competencia para aprender a aprender.	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza técnicas de estudo que facilitan a aprendizaxe: resumos, clasificacións. • Aplica noutros contextos os coñecementos adquiridos. • Sabe obter información e identifica as ideas principais dun texto. • Segue os pasos indicados para adquirir habilidades.
Autonomía e iniciativa persoal.	<ul style="list-style-type: none"> • Expresa as súas propias vivencias e defende as súas opinións de maneira razoada. • Afronta os retos e persevera ante as dificultades.

UNIDADE 12

Obxectivos

- Ler un fragmento teatral, e outros textos, con fluidez e comprensión.
- Aumentar o caudal léxico referido ao tempo cronolóxico.
- Saber que son os castelanismos e intentar evitalos.
- Coñecer algúns adverbios de tempo e de lugar.
- Coñecer que son os fenómenos do seseo e a gheada e onde se producen.
- Realizar e interpretar un cuestionario.
- Saber que unha obra de teatro se divide en actos e escenas.
- Coñecer algunhas mostras da nosa arte.

Contidos

- Lectura e comprensión: *Os reloxos preguiceiros de Néboa*
- Vocabulario:
- Léxico referido ao tempo cronolóxico.
- Os castelanismos.
- Gramática: Algúns adverbios de tempo e de lugar.
- Ortografía: O seseo e a gheada.
- Expresión: O cuestionario.
- Literatura: O teatro (2). Actos e escenas.
- A nosa cultura: A cerámica.

Temporización

Segunda quincena de maio.

Actividades

- Identificar adverbios de tempo e de lugar
- O Teatro

Criterios de avaliación

- Le con fluidez e corrección diferentes tipos de textos.
- Comprende o sentido global dun texto e fai o seu comentario.
- Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido ao tempo cronolóxico.
- Identifica castelanismos e substitúeos polas palabras correctas.
- Identifica e utiliza correctamente algúns adverbios de tempo.
- Identifica e utiliza correctamente algúns adverbios de lugar.
- Identifica os fenómenos da fala do seseo e da gheada e sabe onde se producen.
- Interpreta e realiza un cuestionario.
- Sabe cando hai un cambio de acto ou de escena nunha obra teatral.
- Mostra interese por coñecer algunhas mostras artísticas da nosa cultura.

Estratexias didácticas

- Fixar a atención no autor e título da lectura inicial e cubrir unha breve ficha.
- Ler os textos de lectura en voz alta e por quendas. No caso dos textos teatrais, insistir na interpretación e na entoación para unha correcta lectura dramatizada.
- Fixar hábitos de traballo: copiar os textos con atención e limpeza, subliñar con regra, observar e razoar, fixarse nas imaxes que acompañan aos textos, etc.
- Manexar habitualmente o dicionario.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías para ampliar información.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Libro do alumno.
- Caderno de actividades.
- Recursos fotocopiáveis adxuntos.
- Recursos do libro dixital.
- CD audio coas lecturas.
- Bingo ortográfico.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS U12	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	<ul style="list-style-type: none">• Le e comenta diversos tipos de textos.• Amplía o vocabulario.• Redacta distintos textos.• Asimila conceptos léxico-semánticos.• Aplica normas gramaticais e ortográficas.• Mellora a expresión oral.• Goza con actividades de carácter lúdico.
Competencia matemática.	
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	<ul style="list-style-type: none">• Valora a importancia que os diferentes inventos e avances técnicos tiveron na nosa vida cotiá.• Valora o coñecemento científico e comprende a importancia de proporcionar datos precisos nos textos informativos.
Tratamento da información e competencia dixital.	<ul style="list-style-type: none">• Aprende e organiza a información en fichas.• Relaciona imaxes e palabras.• Interpreta información dada mediante mapas.• Analiza información

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U12	DESEMPEÑOS
	que mestura diferentes tipos de datos. • Utiliza as TIC para facer traballos.
Competencia social e cidadá.	• Valora o labor de cadaquén na sociedade e comprende cando hai que pedir axuda. • Respecta as distintas falas de Galicia e valora a diversidade.
Competencia cultural e artística.	• Goza coa dramatización de textos e a recitación de poemas. • Desenvolve a creatividade coa creación de textos e debuxos. • Interpreta refráns. • Analiza e aplica recursos literarios. • Valora distintas mostras da nosa cultura.
Competencia para aprender a aprender.	• Utiliza técnicas de estudo que facilitan a aprendizaxe: resumos, clasificacións. • Aplica noutros contextos os coñecementos adquiridos.
Autonomía e iniciativa persoal.	• Expressa as súas propias vivencias e defende as súas opinións de maneira razoada. • Autoavalía os seus propios hábitos. • Esfórzase por realizar os traballos propostos de maneira responsable e autónoma.

24.1.4 Área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

UNIDADE 1

Obxectivos

- Adquirir as ideas de alimento e nutriente e coñecer os distintos grupos de alimentos segundo os nutrientes que proporcionan.
- Coñecer as características dunha dieta saudable.
- Coñecer as características e a importancia dunha boa hixiene alimentaria.
- Coñecer a importancia para a saúde que teñen o exercicio, o descanso e o sono.
- Definir a dixestión e coñecer os órganos do aparato dixestivo e as súas funcións.
- Interpretar informacións presentes nas etiquetas dalgúns alimentos envasados.
- Valorar a importancia da dieta e adquirir hábitos para afianzar unha dieta saudable.
- Incorporar e aplicar as estratexias aprendidas para afianzar hábitos de saúde alimentaria, descanso e realización de exercicio físico.
- Promover o desenvolvemento de destrezas básicas e de estratexias para tratar a información.
- Verificar a progresión na aprendizaxe e na aplicación dalgúns competencias.

Contidos

- A función de nutrición humana.
- A alimentación: alimentos e nutrientes.
- Clasificación de alimentos segundo os seus nutrientes mediante cadros e táboas.
- A dixestión dos alimentos e o aparato dixestivo (órganos e tarefas que realiza).
- As dietas e as dietas saudables. Características xerais destas.
- Variabilidade da dieta en función de idades e actividades.
- A hixiene alimentaria. Valoración desta, do exercicio físico, do descanso e do sono.
- Descrición de procesos con axuda de láminas e debuxos.
- Interpretación de informacións que hai nas etiquetas de alimentos envasados.
- Elaboración de menús e dietas sinxelas e saudables.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Actitude favorable para asumir unha progresiva autonomía na elaboración dunha dieta saudable e na organización do tempo, dando cabida equilibrada ao descanso e ao exercicio.
- Verificación do proceso de aprendizaxe: toma de conciencia do que sabe, aceptación dos erros ao autoavaliarse na perseveranza nas tarefas.

Temporización

Tres últimas semanas de setembro.

(Incluídas a avaliación inicial de contidos e de competencias)

Actividades

- Diferenciar entre alimentación e nutrición
- Elaborar cadros de alimentos
- Identificar as partes do aparello dixestivo
- Esquema do aparello dixestivo.

Criterios de avaliación

- Diferencia entre alimento e nutriente.
- Identifica, nomea e clasifica alimentos enerxéticos, construtivos e reguladores.
- Nomea os nutrientes que conteñen alimentos frecuentes e clasifícaos.
- Coñece e describe as accións básicas dos nutrientes no organismo.
- Define *dieta* e *dieta saudable*, e nomea as súas características.
- Coñece as diferenzas que hai nas dietas das persoas segundo a súa idade e actividade.
- Describe os riscos que supón a inxestión de alimentos en mal estado.
- Nomea accións e pautas para consumir, manipular e conservar alimentos.
- Describe os beneficios do exercicio, do descanso e do sono.
- Define dixestión.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Identifica, localiza e nomea os órganos do aparato dixestivo.
- Describe a acción que levan a cabo sobre os alimentos cada un dos órganos.
- Identifica o contido, a data de caducidade e as condicións para manter o alimento en bo estado, sen abrir o envase e unha vez aberto.
- Nomea os nutrientes e as cantidades que proporciona o alimento etiquetado.
- Sabe clasificar o alimento a partir da etiqueta e asignarlle un «lugar» na dieta.
- Describe a súa dieta habitual e valora criticamente se se aproxima a unha dieta saudable.
- Nomea alimentos saudables e alimentos que hai que consumir con moderación.
- É capaz de deseñar algunhas comidas, en especial o almorzo, incorporando os alimentos axeitados en variedade e cantidade.
- Avalía as súas actividades relacionadas coa actividade física, o descanso e o sono.
- Aplica os coñecementos sobre o descanso e a actividade física para distribuír o tempo diario e semanal de xeito beneficioso para a súa saúde e benestar persoal.
- Desenvolve destrezas e estratexias.
- Progresa na aprendizaxe e aplica competencias básicas.

Estratexias didácticas

- A metodoloxía será activa e participativa; ademais, debe facilitar a aprendizaxe tanto individual como colectiva e perseguir, como un dos seus eixes fundamentais, a adquisición das competencias básicas, especialmente da social e cidadá e da relacionada co coñecemento e coa interacción co mundo físico.
- A aplicación da metodoloxía farase fixando hábitos de traballo, como resolver as actividades do libro, comprender a finalidade dos seus apartados e desenvolver os contidos procedementais considerados na nosa programación.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Libro do alumno e caderno de actividades.
- Recursos fotocopiabes adxuntos.
- Recursos do libro dixital e da páxina web www.anayadigital.com.

PROGRAMACIÓNS DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS U1	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	<p>Comprende a información sobre os tipos de alimentos, o proceso dixectivo, a nutrición e a saúde.</p> <p>Adquire o vocabulario relacionado co proceso dixectivo, os alimentos e a saúde.</p> <p>Utiliza o vocabulario adquirido para emitir respostas coherentes ás actividades da unidade.</p> <p>Mostra interese pola lectura dos textos complementarios propostos.</p> <p>Coñece o vocabulario dalgúns conceptos da unidade en inglés.</p> <p>Interpreta as opinións alleas durante os debates.</p>
Competencia matemática.	<p>Realiza operacións matemáticas sinxelas para calcular o número de horas de sono.</p> <p>Aplica os coñecementos das operacións básicas para calcular a cantidade de nutrientes dun determinado produto a partir dos datos que proporciona a súa etiqueta.</p>
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	<p>Identifica, nomea e clasifica alimentos segundo o seu contido en nutrientes.</p> <p>Identifica e nomea os órganos do aparato dixectivo.</p> <p>Describe as transformacións dos alimentos en cada un dos órganos do aparato dixectivo.</p> <p>Coñece a importancia dunha dieta sa, dahixiene alimentaria, da actividade física e do descanso e das consecuencias que ten sobre a saúde.</p> <p>Sabe ler as etiquetas dos alimentos envasados e recorda os contidos estudados con anterioridade.</p>
Tratamento da información e competencia dixital.	<p>Interpreta e integra a información contida nas imaxes sobre os tipos de alimentos e a situación do aparato dixectivo.</p> <p>Utiliza os medios TIC para realizar as actividades interactivas propostas e para comprobar o grao de aprendizaxe.</p> <p>Interpreta mapas conceptuais e distintas fontes de información para asentar ideas e procesos.</p>
Competencia social e cidadá.	<p>Coñece como determinadas influencias ou comportamentos poden crear modelos ficticios de mulleres e de homes que poden chegar a ser perigosos para a saúde.</p> <p>Coñece outras culturas, respéctaa e valóraas.</p>
Competencia cultural e artística.	<p>Recoñece os valores artísticos dos recursos que emprega.</p>

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U1	DESEMPEÑOS
	Aprecia os valores literarios da lectura e completa a ficha de lectura.
Competencia para aprender a aprender.	Relaciona os contidos aprendidos coa clasificación dos alimentos e utilízalos para confeccionar dietas saudables. Planifica os hábitos, toma conciencia do que sabe e persevera nas tarefas, mostrando satisfacción pola aprendizaxe adquirida grazas ao rigor e ao esforzo. Interpreta mapas conceptuais, debuxos, etc., para asentir ideas e procesos
Autonomía e iniciativa persoal.	Intercambia opinións sobre os seres humanos e os seus cambios, de forma respectuosa, e valora a cooperación. Leva a cabo as tarefas con responsabilidade e mostra iniciativa para realizar as actividades en grupo. Mostra iniciativa e creatividade á hora de realizar os traballos. Planifica como manter hábitos saudables, participa e persevera na realización da actividades de repaso e de avaliación, mostrando satisfacción pola aprendizaxe adquirida grazas ao rigor e ao esforzo.

UNIDADE 2

Obxectivos

- Coñecer a función do aparato respiratorio humano e os órganos que o compoñen.
- Describir ordenadamente as etapas da respiración pulmonar.
- Coñecer a función do aparato circulatorio humano e os órganos que o compoñen.
- Describir as etapas da circulación do sangue segundo os movementos do corazón.
- Coñecer as substancias de refugallo que se xeran no corpo e os aparatos que se encargan de recollelas e expulsalas ao exterior.
- Coñecer a función do aparato excretor, os seus órganos e a función de cada un deles.
- Coñecer a función das glándulas sudoríparas da pel.
- Integrar os coñecementos sobre os catro aparatos estudados para configurar unha idea precisa sobre a función de nutrición humana.
- Valorar o funcionamento integrado dos aparatos e afianzar hábitos saudables.
- Promover o desenvolvemento de destrezas básicas e de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información.
- Verificar a progresión na aprendizaxe e a aplicación dalgunhas competencias.

Contidos

- Función do aparato respiratorio.
- Órganos do aparato respiratorio.
- O proceso da respiración pulmonar.
- Función do aparato circulatorio.
- Órganos do aparato circulatorio. O sangue.
- O proceso da circulación sanguínea.
- Substancias de refugallo e restos. Aparatos que se encargan de expulsalos.
- Función do aparato excretor e os órganos que o forman.
- As glándulas sudoríparas: extracción de refugallos e formación e expulsión da suor.
- A función de nutrición e os aparatos que se encargan de levala a cabo.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Interpretación de informacións presentes en láminas e debuxos. Identificación e localización de órganos.
- Descrición de procesos con axuda de imaxes.
- Importancia da auga no corpo humano.
- Valoración e adquisición de hábitos saudables.
- Verificación do proceso de aprendizaxe: toma de conciencia do que sabe, aceptación dos erros ao autoavaliarse e perseveranza nas tarefas.

Temporización

Tres primeiras semanas de outubro.

Actividades

- Partes e distintas funcións dos aparellos respiratorio, circulatorio e excretor
- Esquemas dos aparellos.

Criterios de avaliación

- Describe a función do aparato respiratorio.
- Identifica, localiza en láminas e debuxos, e nomea os órganos do aparato respiratorio.
- Describe a entrada do aire e a súa composición polas vías respiratorias, o intercambio de gases nos alvéolos e a saída do aire, e a súa composición, polas vías respiratorias.
- Describe a función do aparato circulatorio.
- Identifica, localiza en láminas e debuxos, e nomea os órganos do aparato circulatorio.
- Describe a circulación do sangue polo corpo, desde que é impulsada polo corazón ata que regresa a el.
- Nomea as substancias e os restos inservibles que se acumulan no organismo e que é necesario expulsar.
- Identifica os aparatos que se encargan de eliminar substancias e restos.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Identifica, localiza en láminas e debuxos, e nomea os órganos do aparato excretor.
- Describe a función que realizan os órganos do aparato excretor.
- Describe a extracción de refugallo nas glándulas sudoríparas e a formación da suor e a súa expulsión a través dos poros.
- Define a función de nutrición e describe as tarefas das que se encarga cada un dos aparatos: dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.
- Coñece consecuencias que teñen, no funcionamento dos aparatos, algunhas accións relacionadas con como respiramos, que comemos, canta auga inxerimos...
- Desenvolve destrezas e estratexias.
- Progresa na aprendizaxe e aplica competencias básicas.

Estratexias didácticas

- A metodoloxía será activa e participativa; ademais, debe facilitar a aprendizaxe tanto individual como colectiva e perseguir, como un dos seus eixes fundamentais, a adquisición das competencias básicas, especialmente da social e cidadá e da relacionada co coñecemento e coa interacción co mundo físico.
- A aplicación da metodoloxía farase fixando hábitos de traballo, como resolver as actividades do libro, comprender a finalidade dos seus apartados e desenvolver os contidos procedementais considerados na nosa programación.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Libro do alumno e caderno de actividades.
- Recursos fotocopiados adxuntos.
- Recursos do libro dixital e da páxina web www.anayadigital.com.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS U2	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	<p>Utiliza o vocabulario de forma precisa e expresa de forma oral e escrita os conceptos aprendidos sobre a respiración, a circulación do sangue e a excreción.</p> <p>Mostra interese pola lectura de textos complementarios propostos.</p> <p>Interpreta as opinións alleas durante os debates.</p> <p>Cofece o vocabulario dalgúns conceptos da unidade en inglés.</p>
Competencia matemática.	<p>Realiza operacións sinxelas para calcular o número de pulsacións por minuto en repouso e tras o exercicio físico.</p>
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	<p>Identifica e nomea órganos do aparato respiratorio. Describe as súas funcións.</p> <p>Identifica e nomea os órganos do aparato circulatorio e describe as súas funcións.</p> <p>Identifica e nomea os órganos do aparato excretor e describe as súas funcións. Cofece a función excretora da pel.</p> <p>Identifica e nomea os órganos relacionados cos procesos da nutrición e cofece en que consiste cada un destes procesos.</p> <p>Cofece pautas básicas saudables sobre os aparatos respiratorio, circulatorio e excretor.</p>
Tratamento da información e competencia dixital.	<p>Interpreta e integra diferentes informacións escritas, gráficas e audiovisuais.</p> <p>Mostra interese polos contidos incluídos no libro dixital como ferramenta de aprendizaxe.</p>
Competencia social e cidadá.	<p>Cofece a importancia das doazóns de sangue e valora a solidariedade das persoas doadoras.</p> <p>Adquire unha actitude responsable ante a propia saúde e desenvolve hábitos saudables.</p> <p>Respecta e sabe convivir con persoas que teñen unha cultura diferente.</p>
Competencia cultural e artística.	<p>Cofece e utiliza distintos recursos expresivos e aprecia a estética dos materiais que utiliza.</p> <p>Utiliza a lectura como recurso expresivo e aprecia</p>

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U2	DESEMPEÑOS
	o valor estético das ilustracións.
Competencia para aprender a aprender.	Estructura os contidos da unidade a través dun mapa conceptual. Utiliza as fichas de avaliación e reforzo para autoavaliar os coñecementos adquiridos na unidade. Autoavalía, a través da ficha de autorregulación, os coñecementos adquiridos nesta unidade e na anterior e é consciente de se sabe aplicalos ou de se necesita repasar.
Autonomía e iniciativa persoal.	Mostra iniciativa en levar a cabo hábitos saudables en relación cos aparatos respiratorio, circulatorio e excretor. Acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e pon en práctica a empatía ao intercambiar opinións.

UNIDADE 3

Obxectivos

- Definir e caracterizar a función de reprodución humana
- Identificar e nomear as fases nas que se dá a reprodución humana.
- Coñecer a función do aparato reprodutor masculino e localizar e nomear os órganos que o compoñen e as tarefas que realizan.
- Coñecer a función do aparato reprodutor feminino e localizar e nomear os órganos que o compoñen e as tarefas que realizan
- Coñecer as características básicas das fases da fecundación, do desenvolvemento embrionario ou embarazo e do parto.
- Coñecer os cambios que se producen tras nacer e as necesidades dos bebés nos primeiros días das súas vidas, e realizar comparacións entre a vida fetal e a vida exterior.
- Aplicar estratexias de representación de números en rectas para confeccionar un eixe cronolóxico con algúns sucesos importantes da propia vida.
- Mellorar a empatía con outras persoas e o respecto cara ao propio corpo.
- Promover o desenvolvemento de destrezas básicas e de estratexias para tratar a información.
- Verificar a progresión na aprendizaxe e na aplicación de competencias.

Contidos

- Función de reprodución no ser humano. Características xerais.
- Fases da reprodución do ser humano.
- O aparato reprodutor masculino e a formación de espermatozoides.
- O aparato reprodutor feminino e a formación de óvulos.
- A fecundación e a formación do cigoto.
- O embrión e o feto.
- A vida fetal: características xerais e órganos implicados.
- O parto. Cambios básicos tras o nacemento.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- As necesidades dos bebés.
- Interpretación de imaxes e identificación e localización de órganos.
- Descrición de procesos con axuda de imaxes.
- Realización dun eixe cronolóxico da propia vida.
- Valoración e vivencia normalizada das diferenzas sexuais entre homes e mulleres.
- Verificación do proceso de aprendizaxe: toma de conciencia do que sabe, aceptación dos erros ao autoavaliarse e perseveranza nas tarefas.

Temporización

Última semana de outubro e primeira quincena de novembro.

Actividades

- Definir a función de reprodución.
- Identificar as partes do aparello reprodutor. Esquema
- Resumo

Criterios de avaliación

- Define reprodución.
- Describe as características da reprodución humana: sexual, con dous sexos, cada un deles produce un gameto.
- Nomea ordenadamente as catro fases da reprodución: produción de gametos, fecundación, embarazo-desenvolvemento embrionario e parto
- Describe a función do aparato reprodutor masculino.
- Identifica, localiza en láminas e debuxos e nomea os órganos do aparato reprodutor masculino, e describe as funcións que realizan.
- Describe a función do aparato reprodutor feminino.
- Identifica, localiza en láminas e debuxos e nomea os órganos do aparato reprodutor feminino, e describe as funcións que realizan.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Define fecundación e cigoto.
- Localiza os órganos onde se producen a fecundación e o desenvolvemento do embrión.
- Define embrión e feto.
- Describe os procesos de alimentación e respiración do feto, nomeando e identificando en imaxes os órganos implicados: placenta e cordón umbilical.
- Describe os primeiros cambios que se producen tras o nacemento.
- Compara os modos de alimentación e respiración das vidas fetal e exterior.
- Coñece e describe as necesidades tanto físicas coma afectivas dos bebés.
- Constrúe un eixe cronolóxico con suficiente espazo e precisión.
- Investiga e obtén informacións correctas acerca dalgúns sucesos da súa vida.
- Sitúa correctamente os sucesos anteriores no eixe cronolóxico da súa vida.
- Vive as diferenzas sexuais entre rapaces e rapazas con normalidade e respecto.
- Desenvolve destrezas e estratexias.
- Progresar na aprendizaxe e aplica competencias básicas.

Estratexias didácticas

- A metodoloxía será activa e participativa; ademais, debe facilitar a aprendizaxe tanto individual como colectiva e perseguir, como un dos seus eixes fundamentais, a adquisición das competencias básicas, especialmente da social e cidadá e da relacionada co coñecemento e coa interacción co mundo físico.
- A aplicación da metodoloxía farase fixando hábitos de traballo, como resolver as actividades do libro, comprender a finalidade dos seus apartados e desenvolver os contidos procedementais considerados na nosa programación.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Libro do alumno e caderno de actividades.
- Recursos fotocopiados adxuntos.
- Recursos do libro dixital e da páxina web www.anayadigital.com.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS U3	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	<p>Comprende informacións de textos continuos e discontinuos (imaxes, etc.) relacionados coa reprodución humana.</p> <p>Define termos como ecografía, dentes de leite, parteira..., e incorpora o vocabulario específico sobre a reprodución humana.</p> <p>Entende que é a función de reprodución humana, as súas fases, como son os aparatos reprodutores, e a descrición das partes e funcións relativas a eles.</p> <p>Mostra interese pola lectura de textos complementarios propostos.</p> <p>Interpreta as opinións alleas durante os debates.</p>
Competencia matemática.	<p>Aplica os coñecementos das operacións básicas na resolución de problemas sobre o crecemento do embrión durante o seu desenvolvemento.</p>
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	<p>Identifica as características xerais da reprodución humana, e coñece as fases, as partes e as funcións dos aparatos reprodutores.</p> <p>Recorda e aplica os contidos estudados durante o curso sobre a función de nutrición humana.</p> <p>Aplica os esbozos dun método de razoamento ao resolver problemas.</p>
Tratamento da información e competencia dixital.	<p>Interpreta e integra a información que aparece nos textos continuos e discontinuos, e interésase e participa en actividades que poñen en uso as TIC, como o uso dos recursos dispoñibles no libro dixital e en www.anayadigital.com.</p> <p>Interpreta mapas conceptuais e diferentes fontes de información para asentir ideas e procesos.</p>
Competencia social e cidadá.	<p>Identifica o seu proceso de crecemento e caracteriza o ámbito familiar en que se produce.</p> <p>Recoñece a necesidade da participación de homes e mulleres no coidado dos bebés para que exista un desenvolvemento social xusto e en condicións de igualdade para todas as persoas.</p> <p>Fomenta actitudes e comportamentos responsables que favorecen a convivencia.</p>

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U3	DESEMPEÑOS
	<p>Cofece outras culturas, respéctaa e considéaa un valor.</p>
Competencia cultural e artística.	<p>Utiliza debuxos esquemáticos para representar que son o feto, a placenta e o cordón umbilical.</p> <p>Cofece e utiliza diferentes recursos expresivos e aprecia a estética dos materiais que utiliza (as lecturas, as ilustracións, os vídeos, as presentacións, etc.).</p> <p>Recoñece a importancia do debuxo e da fotografía no estudo e na representación da reprodución humana.</p> <p>Realiza con creatividade un traballo sobre o desenvolvemento embrionario, unha liña de tempo sobre os feitos da súa vida e un relato sobre un recordo, e completa con imaxinación as fichas de lectura.</p>
Competencia para aprender a aprender.	<p>Interpreta mapas conceptuais, debuxos, etc., para asentar ideas e procesos.</p> <p>Organiza nunha táboa os coñecementos aprendidos sobre o aparato reprodutor masculino e as fases da reprodución humana.</p> <p>Completa con coherencia un esquema sobre o aparato reprodutor feminino e o esquema da unidade.</p> <p>Planifica os hábitos, toma conciencia do que sabe mediante unha ficha de autorregulación e persevera nas tarefas, mostrando satisfacción pola aprendizaxe adquirida con rigor e esforzo.</p>
Autonomía e iniciativa persoal.	<p>Intercambia opinións sobre a participación do pai e da nai no coidado do seu bebé de forma respectuosa, e valora a cooperación.</p> <p>Expresa coñecementos e ideas sobre a reprodución humana con tranquilidade e respecto, valorando o propio corpo e vivindo con normalidade as diferenzas sexuais entre as persoas.</p> <p>Mostra autonomía, responsabilidade, actitudes de diálogo, integra outras persoas, comunícase...</p> <p>Identifica os seus sentimentos.</p> <p>Participa e persevera na realización das actividades de repaso e de avaliación, mostrando satisfacción pola aprendizaxe adquirida grazas ao rigor e ao esforzo.</p>

UNIDADE 4

Obxectivos

- Definir a función de nutrición nos animais e identificar e describir os procesos que a fan posible e os aparatos que interveñen.
- Definir a función de nutrición nas plantas e identificar e describir os procesos que a fan posible e as partes da planta nas que se realizan.
- Describir a función de reprodución nos animais e os aparatos que interveñen.
- Describir a función de reprodución nas plantas e as partes que interveñen nela.
- Definir a función de relación animal e describir os aparatos que interveñen nela.
- Caracterizar a función de relación nas plantas e identificar algunhas das súas respostas.
- Aplicar as aprendizaxes sobre as funcións vitais ao coñecemento, caracterización e coidado dos seres vivos do contorno.
- Coñecer as necesidades das mascotas e ser responsable con elas.
- Promover o desenvolvemento de destrezas básicas e de estratexias para tratar a información.
- Verificar a progresión na aprendizaxe e na aplicación dalgunhas competencias.

Contidos

- Función de nutrición nos animais. Procesos de que consta.
- Función de nutrición nas plantas. Partes das plantas e funcións.
- Procesos da nutrición nas plantas. Procesos de que consta.
- Función de reprodución sexual nos animais. Etapas de que consta.
- Un exemplo de metamorfose dun insecto.
- Función de reprodución sexual nas plantas. A flor. Partes da flor e funcións.
- Etapas da reprodución sexual nas plantas.
- A función de relación nos animais e nas plantas.
- Realización de comparacións entre funcións vitais en animais e plantas.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Descrición de procesos con axuda de imaxes e esquemas.
- Identificación de sementes e froitos no contorno.
- As mascotas e as súas necesidades.
- Respecto cara a todas as formas de vida e actitude responsable e coidadosa con elas.
- Verificación do proceso de aprendizaxe: toma de conciencia do que sabe, aceptación dos erros ao autoavaliarse e perseveranza nas tarefas.

Temporización

Tres últimas semanas de novembro.

Actividades

- A función de nutrición.
- A nutrición nas plantas.
- Reprodución das plantas.
- Esquema para resumir a función de relación en animais e plantas.

Criterios de avaliación

- Define nutrición e describe os seus procesos.
- Identifica e describe órganos e aparatos implicados nos procesos da nutrición.
- Identifica e describe as partes dunha planta típica.
- Coñece e describe de xeito sinxelo os procesos de formación de zume bruto, fotosíntese, respiración, circulación e excreción.
- Describe as funcións que realizan as partes da planta.
- Define reprodución sexual.
- Nomea as fases da reprodución sexual dos animais.
- Define e describe a fecundación, os tipos de desenvolvemento embrionario e de nacemento.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Identifica e describe a metamorfose dun insecto (bolboreta).
- Define flor e nomea as súas partes e funcións.
- Describe as etapas ou fases en que se realiza a función de reprodución nas plantas.
- Define a función de relación nos animais e nomea os aparatos que a realizan.
- Identifica e nomea órganos dos sentidos en animais e describe as súas funcións.
- Coñece e describe a composición básica dos sistemas nerviosos.
- Coñece a composición do aparato locomotor dos vertebrados e as súas funcións.
- Caracteriza a función de relación nas plantas e compáraa coa dos animais.
- Describe respostas das plantas ante a luz e a humidade.
- Identifica os aparatos, órganos e procesos estudados en seres do seu contorno.
- Incorpora pautas de valoración e respecto.
- Mostra curiosidade por coñecer como se desenvolve e expresa a vida ao seu redor.
- Coñece as necesidades das mascotas e a forma responsable de mantelas.
- Desenvolve destrezas e estratexias.
- Progresa na aprendizaxe e aplica competencias básicas.

Estratexias didácticas

- A metodoloxía será activa e participativa; ademais, debe facilitar a aprendizaxe tanto individual como colectiva e perseguir, como un dos seus eixes fundamentais, a adquisición das competencias básicas, especialmente da social e cidadá e da relacionada co coñecemento e coa interacción co mundo físico.
- A aplicación da metodoloxía farase fixando hábitos de traballo, como resolver as actividades do libro, comprender a finalidade dos seus apartados e desenvolver os contidos procedementais considerados na nosa programación.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Libro do alumno e caderno de actividades.
- Recursos fotocopiabes adxuntos.
- Recursos do libro dixital e da páxina web www.anayadigital.com.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS U4	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	<p>Comprende a información sobre as funcións vitais das plantas e dos animais contida nos textos expositivos da unidade.</p> <p>Adquire o vocabulario relacionado coas funcións vitais dos animais e das plantas, e o relacionado coa agricultura e a gandería.</p> <p>Utiliza o vocabulario adquirido para emitir respostas coherentes ás actividades da unidade.</p> <p>Mostra interese pola lectura dos textos complementarios propostos.</p> <p>Interpreta as opinións alleas durante os debates.</p> <p>Coñece o vocabulario dalgúns conceptos da unidade en inglés.</p>
Competencia matemática.	<p>Extrae os datos necesarios para resolver problemas matemáticos a partir dun texto.</p> <p>Aplica operacións de cálculo básicas (cálculo con centenas) para resolver problemas sobre o número de superviventes dunha posta de bolboretas.</p>
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	<p>Caracteriza os procesos das funcións vitais de nutrición, relación e reprodución nos animais e nas plantas e coñece os órganos e aparatos que interveñen nelas.</p> <p>Detecta as diferenzas anatómicas e funcionais entre animais e plantas na forma de levar a cabo as funcións vitais.</p> <p>Coñece a importancia dos animais e das plantas para o ser humano como fontes de alimento, traballo, materiais, compañía...</p>
Tratamento da información e competencia dixital.	<p>Interpreta e integra a información contida nas imaxes sobre as funcións vitais de animais e plantas, e nos materiais dixitais e audiovisuais asociados á unidade.</p> <p>Utiliza os medios TIC para realizar as actividades interactivas propostas e para comprobar o grao de aprendizaxe.</p> <p>Extrae información de diferentes fontes para coñecer algúns aspectos como a metamorfose das ras, as diferentes ganderías ou os cultivos de regadío e de secaño.</p>
Competencia social e cidadá.	Adopta hábitos e actitudes responsables e respectuosas

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U4	DESEMPEÑOS
	<p>coa sociedade en relación co coidado das mascotas. Respecta as persoas que teñen culturas diferentes e sabe convivir con elas.</p>
Competencia cultural e artística.	<p>Utiliza a lectura como recurso expresivo. Valora os medios naturais e identifica accións humanas que os respectan ou que, pola contra, poden alteralos. Utiliza as técnicas gráficas ao seu alcance para realizar un debuxo sobre a metamorfose dunha ra. Coñece outras culturas, respéctaaas e valóraas.</p>
Competencia para aprender a aprender.	<p>Interioriza os contidos relacionados coas funcións vitais dos animais e das plantas. Realiza e interpreta mapas conceptuais para asentar ideas sobre os procesos que integran as funcións vitais nos animais e nas plantas. Procesa información sobre certos aspectos relacionados coa gandería e a agricultura. Organiza nun debuxo a información sobre os procesos da nutrición nunha planta. Estrutura, mediante o mapa conceptual da unidade, os coñecementos aprendidos. Autoavalía os coñecementos adquiridos nesta unidade e en anteriores, e é consciente de se sabe aplicalos ou necesita mellorar.</p>
Autonomía e iniciativa persoal.	<p>É consciente da súa implicación persoal no coidado dun ser vivo e defende esa opinión con respecto. Desenvolve opinións sobre a reprodución das plantas e a agricultura. Planifica os hábitos, toma conciencia do que sabe e persevera nas tarefas de investigación sobre as plantas da zona. Acepta os erros ao autoavaliarse e comprende a necesidade de reforzar a aprendizaxe.</p>

UNIDADE 5

Obxectivos

- Coñecer os elementos que forman un ecosistema e adquirir as ideas de ecosistema e do seu equilibrio.
- Comprender as relacións alimentarias dun ecosistema e clasificar os seres vivos que o habitan, en función da súa posición neste tipo de relacións.
- Situar a posición dos seres humanos nos ecosistemas e coñecer os recursos naturais que consumimos.
- Coñecer as actividades humanas que orixinan os desequilibrios nos ecosistemas.
- Coñecer as accións que debemos realizar para corrixir os desequilibrios ocasionados nos ecosistemas.
- Desenvolver a sensibilidade ante os problemas ambientais e adquirir pautas de consumo e comportamento responsable para reducir o impacto das nosas actividades.
- Coñecer instrumentos e pautas para facer observacións de seres vivos en ámbitos naturais e desenvolver afeccións saudables.
- Promover o desenvolvemento de destrezas básicas e de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información.
- Verificar a progresión na aprendizaxe e na aplicación de competencias.

Contidos

- Os ecosistemas e os seus elementos.
- Identificación en debuxos e na realidade dos elementos dos ecosistemas.
- Idea de equilibrio dun ecosistema.
- Relacións alimentarias nos ecosistemas e clasificación dos seres vivos en produtores, consumidores e descompoñedores.
- O ser humano nos ecosistemas: características, poboación e consumos de recursos naturais.
- Danos ocasionados nos ecosistemas debidos ás actividades humanas.
- Identificación de accións no medio próximo que alteran os elementos dos

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

ecosistemas.

- Accións para conservar ou restablecer o equilibrio nos ecosistemas do planeta.
- Instrumentos e pautas para a observación de seres vivos nos seus ámbitos naturais.
- Iniciativa e autonomía para levar a cabo accións e pautas de comportamento no contorno próximo, que preserven ou melloren as condicións dos ecosistemas.
- Verificación do proceso de aprendizaxe: toma de conciencia do que sabe, aceptación dos erros ao autoavaliarse e perseveranza nas tarefas.

Temporización

Tres primeiras semanas de decembro.

Actividades

- Os ecosistemas: compoñente
- Distintas imaxes para identificar ecosistemas
- Resumo cun esquema

Criterios de avaliación

- Nomea os elementos que forman un ecosistema.
- Identifica na realidade e nas imaxes os elementos dos ecosistemas.
- Define ecosistema.
- Describe as condicións para que un ecosistema estea en equilibrio.
- Identifica relacións alimentarias entre os seres vivos de distintos ecosistemas e clasifícaos en produtores, consumidores e descompoñedores.
- Caracteriza o ser humano nos ecosistemas: consumidor; enorme poboación humana; forma parte de todos os ecosistemas.
- Nomea e identifica os múltiples recursos naturais que consumimos.
- Identifica e describe as alteracións e desequilibrios que os seres humanos producimos nos ecosistemas e as causas que os provocan.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Describe accións para evitar que os recursos naturais se esgoten, para reducir a contaminación, para protexer os seres vivos e para distribuír mellor os recursos entre as distintas poboacións humanas.
- Mostra sensibilidade ante os problemas ambientais.
- Propón e asume accións no seu contorno próximo para reducir o impacto das nosas actividades.
- Valora a importancia dos espazos naturais e coñece as normas básicas de comportamento cando transita por eles.
- Identifica e nomea instrumentos para observar seres vivos.
- Describe e aplica pautas para realizar observacións de seres vivos sen ocasionar danos, nin a eles e nin ao seu medio físico.
- Desenvolve afeccións saudables en contacto coa natureza.
- Desenvolve destrezas e estratexias.
- Progresa na aprendizaxe e aplica competencias básicas.

Estratexias didácticas

- A metodoloxía será activa e participativa ; ademais, debe facilitar a aprendizaxe tanto individual como colectiva e perseguir, como un dos seus eixes fundamentais, a adquisición das competencias básicas, especialmente da social e cidadá e a relacionada co coñecemento e a interacción co mundo físico.
- A aplicación da metodoloxía farase fixando hábitos de traballo, como resolver as actividades do libro, comprender a finalidade dos seus apartados e desenvolver os contidos procedementais considerados na nosa programación.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Libro do alumno e caderno de actividades.
- Recursos fotocopiados adxuntos.
- Recursos do libro dixital e da páxina web www.anayadigital.com.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS U5	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	<p>Comprende informacións de textos, imaxes, esquemas... relacionados cos ecosistemas.</p> <p>Utiliza o vocabulario de forma precisa e expresa, de forma oral e escrita, conceptos relacionados cos ecosistemas e outros conceptos aprendidos.</p> <p>Interpreta as opinións alleas durante os debates.</p> <p>Mostra interese pola lectura de textos complementarios propostos polo profesorado.</p> <p>Coñece o vocabulario dalgúns conceptos da unidade en inglés.</p>
Competencia matemática.	<p>Aplica os coñecementos das operacións básicas na resolución de problemas sobre produción e redución de lixo.</p>
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	<p>Ten ideas básicas sobre a complexidade da vida.</p> <p>Identifica e describe e interpreta os elementos dos ecosistemas.</p> <p>Identifica, clasifica e nomea seres vivos en función da súa posición nos ecosistemas.</p> <p>Identifica e describe o impacto das actividades humanas nos ecosistemas e as consecuencias que xeran.</p> <p>Coñece o impacto das actividades humanas nos ecosistemas e propón solucións para paliar e resolver os problemas.</p>
Tratamento da información e competencia dixital.	<p>Interpreta e integra a información que aparece nos textos continuos e descontinuos, e interésase e participa en actividades que poñen en uso as TIC, como o manexo de distintas fontes de información e o uso dos recursos dispoñibles.</p>
Competencia social e cidadá.	<p>Asume normas de participación en actividades de grupo e as tarefas que se lle asignan, e respecta e sabe convivir con persoas que teñen culturas diferentes.</p> <p>Fomenta actitudes e comportamentos responsables cando planifica os seus hábitos.</p>
Competencia cultural e artística.	<p>Valora os ámbitos naturais e identifica accións humanas que os respectan ou poden alteralos.</p> <p>Valora a importancia dos seres vivos de calquera ecosistema e a variedade de «adaptacións».</p> <p>Coñece e utiliza distintos recursos expresivos e aprecia a</p>

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U5	DESEMPEÑOS
	<p>estética dos materiais que utiliza.</p> <p>Aprecia as achegas á civilización dos ecólogos.</p> <p>Recoñece a importancia do debuxo, da fotografía, do vídeo... no estudo dos ecosistemas.</p> <p>Completa con imaxinación as fichas de lectura.</p>
<p>Competencia para aprender a aprender.</p>	<p>Interpreta mapas conceptuais, debuxos, etc., para asentir ideas e procesos.</p> <p>Organiza os coñecementos aprendidos sobre os ecosistemas.</p> <p>Completa con coherencia o esquema da unidade.</p> <p>Planifica os seus hábitos, toma conciencia do que sabe mediante unha ficha de autorregulación e persevera nas tarefas, mostrando satisfacción pola aprendizaxe adquirida grazas ao rigor e ao esforzo.</p>
<p>Autonomía e iniciativa persoal.</p>	<p>Intercambia opinións sobre os ecosistemas de forma respectuosa, e valora a cooperación.</p> <p>Coñece as desigualdades sociais que son consecuencias dunha mala distribución e uso dos recursos naturais, e xera actitudes de solidariedade ante elas.</p> <p>Coñece e incorpora pautas de observación e comportamento en ámbitos naturais.</p> <p>Mostra responsabilidade, actitudes de diálogo, integra outras persoas, comunícase...</p> <p>Mostra autonomía á hora de organizar o seu tempo e as súas tarefas.</p>

UNIDADE 6

Obxectivos

- Adquirir unha idea básica da materia e das súas propiedades.
- Identificar e caracterizar os estados nos que se pode encontrar a materia.
- Adquirir as ideas básicas de substancia pura e mestura.
- Identificar as forzas como causas de cambios nos movementos ou das deformacións dos obxectos, e coñecer as forzas por contacto e a distancia.
- Adquirir unha idea do concepto de enerxía e dos seus tipos.
- Coñecer os usos da enerxía en actividades humanas, as fontes das que se obtén e a necesidade de aforrala.
- Coñecer as características da luz e o comportamento da luz nos obxectos.
- Coñecer aspectos básicos da reflexión da luz e das súas consecuencias.
- Coñecer algunhas consecuencias derivadas do excesivo consumo de fontes non renovables e xerar unha actitude favorable cara ao aforro de enerxía.
- Promover o desenvolvemento de destrezas básicas e de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información.
- Verificar a progresión na aprendizaxe e na aplicación dalgunhas competencias.

Contidos

- A materia, as súas propiedades e os estados nos que se encontra.
- Substancias puras e mesturas, e identificación das máis frecuentes.
- As forzas e os seus tipos: por contacto e a distancia (magnetismo e gravidade).
- A enerxía, os seus tipos e algunhas transformacións da enerxía.
- As fontes da enerxía. Tipos de fontes: renovables e non renovables.
- A luz e as súas características xerais.
- Comportamento da luz nos obxectos. Obxectos transparentes, translúcidos e opacos.
A reflexión da luz.
- Problemas derivados do alto consumo de fontes non renovables.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Estratexias para reducir o consumo de enerxía.
- Verificación do proceso de aprendizaxe: toma de conciencia do que sabe, aceptación dos erros ao autoavaliarse e perseveranza nas tarefas.

Temporización

Tres últimas semanas de xaneiro.

Actividades

- A materia: exemplos e propiedades.
- Os tres estados da materia.
- Enerxía: exemplos de distintos tipos de enerxía e as fontes.
- Resumo e esquema.

Criterios de avaliación

- Define materia, masa e volume.
- Identifica e describe propiedades específicas de materiais dos que están feitos algúns obxectos do contorno.
- Identifica os estados nos que se encontra a materia ao seu redor.
- Describe características básicas dos estados sólido, líquido e gasoso.
- Diferencia entre substancia pura e mestura.
- Nomea substancias puras e mesturas frecuentes no contorno.
- Identifica as forzas como causas de deformacións e de movemento.
- Identifica forzas por contacto e forzas que actúan a distancia.
- Define enerxía e identifica os seus tipos.
- Identifica as formas de enerxía que usamos en actividades humanas.
- Define fonte de enerxía e identifica e nomea fontes de enerxía renovables e non renovables.
- Describe as características da luz.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Describe os diferentes comportamentos da luz nos obxectos e clasifícaos en opacos, translúcidos e transparentes.
- Describe a reflexión da luz e asóciaa á posibilidade de ver os obxectos.
- Describe algúns problemas derivados do consumo excesivo de enerxía. Coñece estratexias para reducir o consumo de enerxía e lévaas a práctica.
- Desenvolve destrezas e estratexias.
- Progresa na aprendizaxe e aplica competencias básicas.

Estratexias didácticas

- A metodoloxía será activa e participativa ; ademais, debe facilitar a aprendizaxe tanto individual coma colectiva e perseguir, como un dos seus eixes fundamentais, a adquisición das competencias básicas, especialmente da social e cidadá e a relacionada co coñecemento e a interacción co mundo físico.
- A aplicación da metodoloxía farase fixando hábitos de traballo, como resolver as actividades do libro, comprender a finalidade dos seus apartados e desenvolver os contidos procedementais considerados na nosa programación.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Libro do alumno e caderno de actividades.
- Recursos fotocopiabes adxuntos.
- Recursos do libro dixital e da páxina web www.anayadigital.com.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS U6	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	<p>Utiliza o vocabulario de forma precisa, e expresa de forma oral e escrita os conceptos aprendidos sobre o aire e a auga.</p> <p>Mostra interese pola lectura de textos complementarios propostos.</p> <p>Interpreta as opinións alleas durante os debates.</p> <p>Cofece o vocabulario dalgúns conceptos da unidade en inglés.</p>
Competencia matemática.	
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	<p>Recoñece as propiedades da materia e os seus cambios de estado, distingue substancias puras e mesturas e describe o uso que facemos delas.</p> <p>Realiza observacións e identifica forzas e recoñece os seus efectos.</p> <p>Cofece o uso de combustibles fósiles e as medidas para o seu aforro.</p> <p>Sabe os procesos de xeración, transporte e uso da electricidade.</p> <p>Realiza observacións e identifica as características da luz e dalgúns fenómenos luminosos, e clasifica obxectos segundo o seu comportamento ante ela.</p> <p>Aplica aprendizaxes na interpretación de fenómenos físicos e aplica os esbozos dun método de razoamento ao resolver as actividades e formular as súas indagacións.</p>
Tratamento da información e competencia dixital.	<p>Interpreta e integra informacións escritas, gráficas e audiovisuais.</p> <p>Mostra interese polos contidos incluídos no libro dixital como ferramenta de aprendizaxe.</p>
Competencia social e cidadá.	<p>Realiza comparacións entre o seu modo de vida e o doutras sociedades, no que se refire á utilización de materiais e de fontes de enerxía.</p> <p>Adquire unha actitude responsable ante o uso dos materiais e da enerxía, e desenvolve hábitos solidarios e saudables en relación con eles.</p> <p>Respecta e sabe convivir con persoas que teñen unha cultura diferente.</p>
Competencia cultural e artística.	Cofece e utiliza distintos recursos expresivos e aprecia a

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U6	DESEMPEÑOS
	<p>estética dos materiais que utiliza.</p> <p>Aprecia as contribucións á civilización dos científicos que estudan as rochas e as paisaxes.</p> <p>Mostra precisión e gusto ao realizar as actividades manipulativas dos talleres titulados «Nubes embotelladas» e «O disco de Newton».</p>
Competencia para aprender a aprender.	<p>Analiza as imaxes do texto con detalle e extrae información delas que transforma en coñecemento propio.</p> <p>Estructura os contidos aprendidos na unidade a través dun mapa conceptual.</p> <p>Utiliza as fichas de avaliación e de reforzo para autoavaliar os coñecementos adquiridos sobre a función de relación.</p> <p>Autoavalía, a través da ficha de autorregulación, os coñecementos adquiridos nesta unidade e é consciente de se sabe aplicalos ou de se necesita repasar.</p>
Autonomía e iniciativa persoal.	<p>Mostra iniciativa para coñecer e aplicar medidas que favorezan a sostibilidade e para levar a cabo hábitos solidarios e saudables en relación co consumo de materiais e de enerxía.</p> <p>Acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e pon en práctica a empatía ao intercambiar opinións.</p> <p>Mostra interese por participar nos talleres de ciencias titulados «Nubes embotelladas» e «O disco de Newton».</p>

UNIDADE 7

Obxectivos

- Adquirir as ideas básicas de rocha e mineral, coñecer algúns tipos de rochas e identificar as rochas presentes nalgúns paisaxes características.
- Coñecer as propiedades características das rochas que permiten diferencialas.
- Afianzar a idea de relevo e identificar e nomear formas típicas dos relevos de interior e costeiros.
- Nomear, caracterizar e identificar diferentes acumulacións e cursos de auga.
- Coñecer os diferentes tramos dun río e as características de cada un deles.
- Coñecer a grandes trazos as características dos relevos de Galicia e de España.
- Nomear e localizar as augas de Galicia e os grandes ríos de España.
- Valorar a importancia das rochas e dos minerais e adquirir unha idea básica dos usos de rochas e minerais ao longo da historia.
- Promover o desenvolvemento de destrezas básicas e de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información.
- Verificar a progresión na aprendizaxe e na aplicación dalgúns competencias.

Contidos

- As rochas, as súas características, tipos e identificación de rochas nas paisaxes.
- O relevo e os seus tipos. Identificación das formas dos relevos de interior e costeiros.
- Descricións de relevos e dos seus elementos na realidade e en imaxes.
- A augas oceánicas e os seus movementos: mareas, ondas e correntes mariñas.
- As augas continentais: masas de xeo, augas subterráneas, lagos, lagoas e ríos.
- Características xerais dos relevos de Galicia e de España, e a súa localización en mapas.
- As augas de Galicia e os grandes ríos de España, e a súa localización en mapas.
- Algúns usos de rochas e minerais na actualidade, e ao longo da historia.
- Valoración da importancia das rochas e dos minerais nas actividades humanas ao longo da historia.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Verificación do proceso de aprendizaxe: toma de conciencia do que sabe, aceptación dos erros ao autoavaliarse e perseveranza nas tarefas.

Temporización

Tres primeiras semanas de febreiro.

Actividades

- Imaxes con distintas formas de relevo para identificar.
- Mapa de Galicia cos relevos e os ríos máis importantes.
- Resumo.

Criterios de avaliación

- Define rocha e mineral e identifica e nomea os tipos de rochas presentes nalgunhas paisaxes en imaxes e na realidade.
- Nomea as características das rochas e descríbeseas aplicando o seu coñecemento das características.
- Define relevo e identifica e describe, en imaxes e na realidade, distintos tipos de relevo, e nomea os elementos que os forman.
- Define as diferentes acumulacións e cursos de augas continentais e define os movementos das augas mariñas.
- Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un deles.
- Describe as características xerais dos relevos de Galicia e de España.
- Localiza e nomea os ríos de Galicia e de España.
- Identifica usos de rochas e minerais en actividades e construcións humanas, tanto na actualidade coma noutros momentos da historia.
- Desenvolve destrezas e estratexias.
- Progresa na aprendizaxe e aplica competencias básicas.

Estratexias didácticas

- A metodoloxía será activa e participativa ; ademais, debe facilitar a aprendizaxe tanto individual como colectiva e perseguir, como un dos seus eixes fundamentais, a adquisición das competencias básicas, especialmente da social e cidadá e da relacionada co coñecemento e coa interacción co mundo físico.
- A aplicación da metodoloxía farase fixando hábitos de traballo, como resolver as actividades do libro, comprender a finalidade dos seus apartados e desenvolver os contidos procedementais considerados na nosa programación.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Libro do alumno e caderno de actividades.
- Recursos fotocopiáveis adxuntos.
- Recursos do libro dixital e da páxina web www.anayadigital.com.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS U7	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	Comprende informacións sobre paisaxes e descríbeas. Define e emprega correctamente termos relacionados coas rochas e as formas do relevo. Mostra interese pola lectura de textos complementarios propostos. Interpreta as opinións alleas durante os debates. Coñece o vocabulario dalgúns conceptos da unidade en inglés.
Competencia matemática.	Aplica operacións de cálculo básicas ao determinar as medidas dos cursos dun río.
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	Define rocha e mineral, nomea algunhas rochas e minerais, coñece e aplica as características que permiten diferenciarlos e que describe os seus diferentes usos. Identifica, describe e nomea formas dos relevos costeiros e de interior.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U7	DESEMPEÑOS
	<p>Identifica, nomea e clasifica distintas acumulacións e cursos de auga e coñece as características dos tramos dun río.</p> <p>Coñece algunhas características xerais da xeografía de Galicia e de España, e recoñéceas en mapas.</p> <p>Coñece e valora a existencia de espazos naturais protexidos.</p> <p>Describe e valora o impacto dalgunhas actividades humanas no medio natural.</p>
<p>Tratamento da información e competencia dixital.</p>	<p>Interpreta e integra informacións escritas, gráficas e en formato dixital.</p> <p>Consulta diversas fontes para coñecer o relevo e as augas do seu ámbito.</p> <p>Realiza as actividades interactivas propostas.</p>
<p>Competencia social e cidadá.</p>	<p>Identifica accións humanas realizadas en tempos pasados.</p> <p>Respecta as opinións dos demais.</p> <p>Asume responsabilidades á hora de coidar as paisaxes.</p> <p>Sabe convivir con persoas de culturas diferentes.</p>
<p>Competencia cultural e artística.</p>	<p>Recoñece os valores culturais das paisaxes e valora as achegas dos científicos que as estudan.</p> <p>Coñece e utiliza distintos recursos expresivos e aprecia a estética dos materiais que utiliza (as lecturas, as ilustracións, os vídeos, as presentacións...).</p> <p>Realiza con creatividade debuxos sobre paisaxes e completa con imaxinación as fichas de lectura.</p> <p>Mostra precisión e gusto ao realizar as actividades manipulativas do taller «Fabrico un fósil».</p>
<p>Competencia para aprender a aprender.</p>	<p>Relaciona contidos aprendidos ao longo da unidade cos das unidades anteriores.</p> <p>Usa estratexias para mellorar a súa aprendizaxe, organizando en táboas ou en mapas mudos o aprendido sobre a auga e as formas do relevo.</p> <p>É consciente do que aprendeu e aplica os coñecementos adquiridos completando o mapa conceptual da unidade.</p> <p>Autoavalía os coñecementos adquiridos nesta unidade e é consciente de se sabe aplicalos ou necesita mellorar.</p>
<p>Autonomía e iniciativa persoal.</p>	<p>Ten unha opinión propia acerca da modificación das paisaxes.</p> <p>Mostra actitudes de respecto e colaboración cando realiza actividades en equipo.</p> <p>Defende as súas opinións de forma razoada e respecta as dos demais nos debates formulados na aula.</p> <p>Acepta os erros ao autoavaliarse, e participa e persevera</p>

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U7	DESEMPEÑOS
	na realización das actividades de repaso e de avaliación, mostrando satisfacción pola aprendizaxe adquirida grazas ao rigor e ao esforzo.

UNIDADE 8

Obxectivos

- Adquirir unha idea básica de tempo meteorolóxico e coñecer os fenómenos atmosféricos que nos permiten caracterizalo.
- Coñecer instrumentos meteorolóxicos e os seus usos.
- Interpretar mapas do tempo e coñecer as informacións que se usan para describilo e predicilo.
- Adquirir unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.
- Coñecer algunhas características básicas dos distintos tipos de clima que hai nos territorios que forman España e en particular do de Galicia.
- Valorar a importancia das predicións do tempo meteorolóxico nas vidas das persoas e nas actividades económicas dalgúns sectores.
- Confeccionar e interpretar gráficos sinxelos de temperaturas.
- Promover o desenvolvemento de destrezas básicas e de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información.
- Verificar a progresión na aprendizaxe e na aplicación dalgúns competencias.

Contidos

- O tempo meteorolóxico.
- Caracterización do tempo meteorolóxico: nubes, vento, precipitacións e temperatura.
- O tempo meteorolóxico e as estacións.
- Estacións meteorolóxicas: instrumentos meteorolóxicos e as súas utilidades.
- A predición do tempo meteorolóxico.
- Mapas do tempo. Símbolos convencionais.
- Interpretación de mapas do tempo.
- O clima e os factores que o determinan: latitude, altitude e proximidade ao mar.
- Os climas de Galicia e de España.
- Elaboración e interpretación de gráficos sinxelos, de temperaturas e precipitacións.
- Valoración das informacións proporcionadas por instrumentos meteorolóxicos e das

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

imaxes enviadas polos satélites na predición do tempo.

- Importancia do tempo e das predicións meteorolóxicas na vida das persoas e nalgunhas actividades económicas.
- Verificación do proceso de aprendizaxe: toma de conciencia do que sabe, aceptación dos erros ao autoavaliarse e perseveranza nas tarefas.

Temporización

Última semana de febreiro e primeira quincena de marzo.

Actividades

- Definir o tempo atmosférico
- Interpretar un mapa do tempo
- Resumo cun esquema

Criterios de avaliación

- Define tempo meteorolóxico e coñece a súa variabilidade.
- Caracteriza o tempo que fai en función das nubes, do vento, da temperatura e das precipitacións.
- Describe de xeito aproximado como adoita ser o tempo na zona na que vive ao longo das estacións.
- Identifica e nomea distintos instrumentos meteorolóxicos e as súas funcións.
- Interpreta mapas meteorolóxicos sinxelos.
- Coñece e valora a importancia das predicións meteorolóxicas.
- Define clima e nomea os factores dos que depende.
- Caracteriza de xeito básico e sinxelo os climas subtropical, mediterráneo, continental e de montaña.
- Caracteriza de xeito básico e sinxelo os climas oceánicos de Galicia: litoral, interior e de montaña.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Valora a importancia das predicións meteorolóxicas na vida cotiá das persoas e nas actividades económicas, como a agricultura, a pesca, o transporte...
- Coñece e aplica un procedemento para representar a evolución das temperaturas.
- Interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións.
- Desenvolve destrezas e estratexias.
- Progresa na aprendizaxe e aplica competencias básicas.

Estratexias didácticas

- A metodoloxía deberá activa e participativa; ademais, debe facilitar a aprendizaxe tanto individual como colectiva dos estudantes e perseguir, como un dos seus obxectivos fundamentais, a adquisición das competencias básicas, especialmente da social e cidadá e da relacionada co coñecemento e coa interacción co mundo físico.
- A aplicación da metodoloxía farase fixando hábitos de traballo, como resolver as actividades do libro, comprender a finalidade dos seus apartados e desenvolver os contidos procedementais considerados na nosa programación.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Libro do alumno e caderno de actividades.
- Recursos fotocopiáveis adxuntos.
- Recursos do libro dixital e da páxina web www.anayadigital.com.
- Recursos didácticos na páxina web www.anayadigital.com.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS U8	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	Comprende a información sobre o tempo atmosférico e o clima contida nos textos. Adquire o vocabulario relacionado co tempo atmosférico e o clima. Utiliza o vocabulario adquirido para emitir respostas

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U8	DESEMPEÑOS
	<p>coherentes ás actividades relacionadas co tempo atmosférico e o clima.</p> <p>Mostra interese pola lectura dos textos complementarios propostos.</p> <p>Interpreta as opinións alleas durante os debates.</p> <p>Coñece o vocabulario dalgúns conceptos da unidade en inglés.</p>
Competencia matemática.	<p>Aplica os seus coñecementos das operacións para resolver problemas sinxelos sobre temperaturas</p> <p>Le e interpreta correctamente datos numéricos sobre precipitacións e temperaturas.</p> <p>Confecciona e interpreta gráficos sinxelos de precipitacións e temperaturas.</p>
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	<p>Define tempo atmosférico e os aspectos observables que o determinan e caracterizan.</p> <p>Coñece características xerais do tempo en diferentes estacións.</p> <p>Describe a utilidade dos instrumentos meteorolóxicos e dos satélites.</p> <p>Valora o traballo dos meteorólogos.</p> <p>Interpreta mapas do tempo sinxelos.</p> <p>Coñece os clima de Galicia e de España.</p> <p>Aplica os esbozos dun método de razoamento ao resolver as actividades e formular as súas indagacións.</p>
Tratamento da información e competencia dixital.	<p>Interpreta e integra a información contida nas imaxes e mapas sobre o tempo atmosférico e o clima, e nos materiais dixitais e audiovisuais asociados á unidade.</p> <p>Utiliza os medios TIC para realizar as actividades interactivas propostas e para comprobar o grao de aprendizaxe.</p> <p>Extrae información de diferentes fontes para aprender como é a arquitectura local ou como se fan prognósticos meteorolóxicos.</p>
Competencia social e cidadá.	<p>Asume normas de participación en actividades de grupo e asume as tarefas que se lle asignan.</p> <p>Comprende as relacións que existen entre os modos de vida e os climas nos que se dan.</p> <p>Mostra respecto e interese polas persoas que proceden doutros países, valora a súa cultura e sabe convivir con elas.</p>
Competencia cultural e artística.	<p>Aprecia as contribucións á civilización do traballo dos meteorólogos. Coñece e utiliza distintos recursos expresivos e aprecia a estética dos materiais que utiliza (as lecturas, as</p>

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U8	DESEMPEÑOS
	<p>ilustracións, os vídeos, as presentacións...).</p> <p>É capaz de elaborar con precisión e gusto as actividades manipulativas do taller «Canto choveu?».</p>
Competencia para aprender a aprender.	<p>Interioriza os contidos relacionados coas características do tempo atmosférico e do clima.</p> <p>Organiza, en textos ou exposicións orais, descricións sobre as estacións ou sobre como nos inflúe o clima.</p> <p>Estrutura, a través do mapa conceptual, os coñecementos aprendidos.</p> <p>Autoavalía os coñecementos adquiridos nesta unidade e en anteriores, e é consciente de se sabe aplicalos ou necesita mellorar.</p>
Autonomía e iniciativa persoal.	<p>Planifícase e distribúe as súas tarefas de forma axeitada.</p> <p>Mostra interese por aplicar os coñecementos sobre o tempo atmosférico e o clima ao realizar as tarefas propostas.</p> <p>Elabora unha estratexia para rexistrar as variacións de temperatura ou de pluviosidade, organizaas en gráficos e saca conclusións.</p> <p>Persevera nas tarefas, acepta os erros ao autoavaliarse e comprende a necesidade de reforzar a aprendizaxe.</p>

UNIDADE 9

Obxectivos

- Adquirir a idea de poboación e coñecer os grupos de poboación por idades.
- Comprender que catro factores fan variar a poboación e coñecer o censo e o padrón como instrumentos para cuantificar a poboación e determinar as súas características e os seus cambios.
- Identificar e caracterizar os grupos de poboación en relación co traballo.
- Coñecer os tres sectores de actividades económicas e identificar, nomear e clasificar distintas actividades no grupo ao que pertencen.
- Coñecer a grandes trazos as actividades económicas que se realizan en España e en Galicia, poñendo atención sobre aqueles oficios desaparecidos ou en desuso e ás causas da súa extinción.
- Coñecer e respectar as principais tradicións, os cambios que se producen nelas e as causas que motivan estes cambios.
- Valoración do traballo como esforzo orientado á obtención de produtos naturais ou elaborados, e ao desenvolvemento da persoa no marco da súa profesión.
- Promover o desenvolvemento de destrezas básicas e de estratexias para tratar a información.
- Verificar a progresión na aprendizaxe e na aplicación das competencias.

Contidos

- A poboación dun territorio. As tres clases de poboación segundo a idade.
- Factores que modifican a poboación dun territorio: natalidade, mortalidade, emigración e inmigración. Estratexias de cálculo da poboación final dun territorio a partir de datos destes factores e representación en gráficos de barras ou de liñas.
- Estratexias oficiais para coñecer a poboación e as súas características: o padrón municipal e o censo nacional.
- A poboación segundo os traballos: poboación activa e poboación non activa.
- Identificación, descrición e clasificación das actividades económicas nos tres sectores

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

nos que se agrupan.

- Identificación das actividades económicas que se realizan en España e en Galicia, con atención a aqueles oficios extinguidos. Interpretación de mapas económicos coa distribución xeográfica das actividades.
- Tradicións e costumes dun territorio: características, orixes, significado e causas que poden xerar a súa aparición ou a súa desaparición. Respecto polas tradicións e valoración do esforzo humano que implican.
- Valoración do traballo das persoas e respecto por aquelas que non o teñen ou que o realizan de xeito non retribuído.
- Verificación do proceso de aprendizaxe: toma de conciencia do que sabe, aceptación dos erros ao autoavaliarse e perseveranza nas tarefas.

Temporización

Segunda quincena de marzo e primeira semana de abril.

Actividades

- A poboación: recortes de periódicos de distintas actividades nas que traballa a poboación.
- Esquema representando a poboación en Galicia.
- Festas e tradicións en Galicia.
- Resumo.

Criterios de avaliación

- Define poboación dun territorio e nomea os tres grupos de poboación por idades.
- Define natalidade, mortalidade, inmigración e emigración e realiza cálculos de poboación a partir de datos sobre eses factores.
- Define censo e padrón e coñece os organismos encargados de realizar este tipo de recursos.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Define poboación activa e poboación non activa e clasifica diferentes situacións de persoas en relación co traballo.
- Nomea os tres sectores das actividades económicas e clasifica algunhas desas actividades no sector ao que pertencen. Nomea e describe aqueles oficios desaparecidos ou en desuso.
- Nomea e describe as principais actividades económicas que se dan en España e en Galicia, e interpreta a información sobre elas contida en mapas económicos.
- Coñece, valora e respecta as distintas manifestacións culturais de España en xeral e de Galicia en particular: traxes, música, artesanía, costumes e lendas, gastronomía, festas...
- Identifica e describe novos costumes de recente aparición e costumes e tradicións en desuso ou desaparecidas.
- Valora e agradece o esforzo que realizan as persoas adultas da súa comunidade.
- Valora a profesión e o traballo como marco de desenvolvemento persoal e como acto de servizo á sociedade.
- Desenvolve destrezas e estratexias.
- Progresa na aprendizaxe e aplica competencias básicas.

Estratexias didácticas

- A metodoloxía será activa e participativa; ademais, debe facilitar a aprendizaxe tanto individual como colectiva e perseguir, como un dos seus eixes fundamentais, a adquisición das competencias básicas, especialmente da social e cidadá e da relacionada co coñecemento e coa interacción co mundo físico.
- A aplicación da metodoloxía farase fixando hábitos de traballo, como resolver as actividades do libro, comprender a finalidade dos seus apartados e desenvolver os contidos procedementais considerados na nosa programación.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Libro do alumno e caderno de actividades.
- Recursos fotocopiados adxuntos.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Recursos do libro dixital e da páxina web www.anayadigital.com.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS U9	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	<p>Comprende informacións de textos, imaxes, esquemas... relacionados co estudo da poboación.</p> <p>Utiliza o vocabulario de forma precisa e expresa, de forma oral e escrita, conceptos relacionados coa poboación e as súas actividades.</p> <p>Interpreta as opinións alleas durante os debates.</p> <p>Mostra interese pola lectura de textos complementarios propostos polo profesorado.</p> <p>Cofece o vocabulario dalgúns conceptos da unidade en inglés.</p>
Competencia matemática.	<p>Aplica os coñecementos das operacións básicas na resolución de problemas sobre variacións de poboación.</p> <p>Extrae información de táboas con datos sobre profesións.</p> <p>Organiza datos numéricos sobre profesións en táboas, seguindo un modelo.</p>
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	<p>Comprende a relación que existe entre as características biolóxicas, xeolóxicas, climatolóxicas, etc., dos lugares e a evolución cultural dos grupos humanos que os habitan.</p> <p>Recorda e aplica os contidos sobre o mundo físico estudados durante o curso.</p> <p>Aplica os esbozos dun método de razoamento ao resolver problemas e formular indagacións.</p>
Tratamento da información e competencia dixital.	<p>Interpreta e integra a información que aparece nos textos continuos e descontínuos.</p> <p>Utiliza distintas fontes de información para investigar sobre a poboación, os traballos e as tradicións.</p> <p>Interésase e participa en actividades que poñen en uso as TIC, como o uso dos recursos dispoñibles.</p>
Competencia social e cidadá.	<p>Define <i>poboación</i>, cofece o que a modifica e as funcións do censo e do padrón.</p> <p>Mostra sensibilidade ante as migracións humanas e as causas que as producen.</p> <p>Caracteriza os grupos de poboación en función do traballo e identifica os tres sectores.</p> <p>Describe tradicións e costumes, especialmente do seu</p>

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U9	DESEMPEÑOS
	<p>ámbito.</p> <p>Identifica actividades económicas que se realizan en España e en Galicia, e clasifícaas en sectores.</p> <p>Identifica e describe profesións do seu ámbito, e relaciónaaas cos sectores económicos.</p>
Competencia cultural e artística.	<p>Coñece e utiliza distintos recursos expresivos e aprecia a estética dos materiais que utiliza (as lecturas, as ilustracións, os vídeos, as presentacións, etc.).</p> <p>Recoñece os valores culturais das tradicións.</p> <p>Completa con imaxinación as fichas de lectura.</p>
Competencia para aprender a aprender.	<p>Confecciona e aplica unha enquisa sinxela, seguindo pautas prefixadas.</p> <p>Interpreta mapas conceptuais, debuxos, etc., para asentar ideas e procesos.</p> <p>Organiza en táboas e textos información sobre os traballos e as festas.</p> <p>Coñece e aplica un procedemento para estudar e relacionar conceptos aprendidos sobre a variación da poboación con situacións concretas, seguindo pautas prefixadas.</p> <p>Completa con coherencia o esquema da unidade.</p> <p>Planifica os seus hábitos, toma conciencia do que sabe mediante unha ficha de autorregulación, e persevera nas tarefas, mostrando satisfacción pola aprendizaxe adquirida grazas ao rigor e ao esforzo.</p>
Autonomía e iniciativa persoal.	<p>Investiga e intercambia opinións sobre os traballos e as tradicións, mostrando un criterio propio e respectando as opinións alleas.</p> <p>Mostra sensibilidade e empatía ante o problema do desemprego.</p> <p>Mostra responsabilidade e integra outras persoas.</p> <p>Mostra autonomía á hora de organizar o seu tempo e as súas tarefas.</p>

UNIDADE 10

Obxectivos

- Adquirir a idea de municipio.
- Comprender a estrutura básica dos concellos e coñecer os servizos municipais dos que se encargan.
- Coñecer a organización territorial de España e de Galicia, e os seus órganos de goberno.
- Coñecer a estrutura e os fins da Unión Europea.
- Coñecer algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da UE.
- Coñecer e valorar a riqueza cultural dos territorios que forman España.
- Respetar as diferentes manifestacións culturais de grupos humanos inmigrantes que viven en España.
- Promover destrezas básicas e estratexias para tratar a información.
- Verificar a progresión na aprendizaxe e na aplicación das competencias.

Contidos

- Os municipios. Territorio e poboación municipal.
- Os concellos. Composición, funcións e servizos municipais.
- Identificación na realidade de elementos que forman o municipio propio, o concello e os servizos municipais.
- Comunidades autónomas, cidades autónomas e provincias que forman España. Identificación e localización, en mapas políticos, destas delimitacións territoriais. Coñecer o territorio, os órganos de goberno e os símbolos de Galicia.
- A Unión Europea. Composición, fins e vantaxes de formar parte dela.
- Localización e identificación, en mapas políticos, dos países da UE.
- Valoración das diferentes manifestacións culturais e lingüísticas como expresións humanas que merecen o respecto de todas as persoas.
- Verificación do proceso de aprendizaxe: toma de conciencia do que sabe, aceptación dos erros ao autoavaliarse e perseveranza nas tarefas.

Temporización

Segunda quincena de abril e primeira semana de maio.

Actividades

- O noso municipio.
- Provincias e Comunidades Autónomas: mapa.
- Resumo cun esquema.

Criterios de avaliación

- Define municipio, termo municipal e poboación municipal.
- Identifica os elementos que forman o municipio propio.
- Describe a composición do concello e as funcións que realiza. Coñece a súa designación por elección democrática.
- Nomea e identifica os servizos municipais e as súas tarefas, en especial na súa localidade.
- Define provincia e comunidade autónoma e nomea e localiza en mapas políticos as distintas comunidades que forman España, así como as súas provincias.
- Nomea as estruturas básicas de goberno e os elementos territoriais de España e das comunidades autónomas.
- Coñece o territorio, os órganos de goberno e os símbolos de Galicia.
- Describe a estrutura territorial e os obxectivos básicos da Unión Europea.
- Coñece e aprecia as vantaxes do euro como moeda común, das leis que permiten o desprazamento libre dos cidadáns da UE por todos os seus territorios e das que regulan a distribución das riquezas entre os países membros.
- Nomea as linguas que se falan nas comunidades autónomas e é consciente do dereito e legalidade constitucional dos seus falantes a usalas cando o consideran conveniente.
- Desenvolve a súa empatía cara ás manifestacións culturais que enriquecen a vida na

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

nosa sociedade.

- Mostra respecto e curiosidade polo que é diferente.
- Nomea algunhas linguas faladas por inmigrantes.
- Respecta as manifestacións culturais e lingüísticas de grupos de persoas inmigrantes do seu contorno.
- Desenvolve destrezas e estratexias.
- Progresa na aprendizaxe e aplica competencias básicas.

Estratexias didácticas

- A metodoloxía será activa e participativa; ademais, debe facilitar a aprendizaxe tanto individual como colectiva e perseguir, como un dos seus eixes fundamentais, a adquisición das competencias básicas, especialmente da social e cidadá e da relacionada co coñecemento e coa interacción co mundo físico.
- A aplicación da metodoloxía farase fixando hábitos de traballo, como resolver as actividades do libro, comprender a finalidade dos seus apartados e desenvolver os contidos procedementais considerados na nosa programación.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Libro do alumno e caderno de actividades.
- Recursos fotocopiabes adxuntos.
- Recursos do libro dixital e da páxina web www.anayadigital.com.
- Recursos didácticos na páxina web www.anayadigital.com.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS U10	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	<p>Utiliza o vocabulario de forma precisa e expresa, de forma oral e escrita, os conceptos aprendidos sobre a organización do territorio.</p> <p>Mostra interese pola lectura de textos complementarios propostos.</p> <p>Interpreta as opinións alleas durante os debates.</p> <p>Coñece o vocabulario dalgúns conceptos da unidade en inglés.</p>
Competencia matemática.	<p>Utiliza cálculos básicos para resolver problemas sobre a poboación de municipios e localidades.</p>
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	<p>Recorda e aplica os contidos sobre o mundo físico estudados durante o curso.</p> <p>Aplica os esbozos dun método de razoamento ao resolver problemas e formular indagacións.</p>
Tratamento da información e competencia dixital.	<p>Interpreta e integra informacións escritas, gráficas e audiovisuais, especialmente as contidas en mapas da organización territorial de España e da UE.</p> <p>Mostra interese polos contidos incluídos no libro dixital como ferramenta de aprendizaxe.</p> <p>Utiliza distintas fontes de información para ampliar coñecementos sobre a UE e descubrir como son os símbolos do seu municipio.</p>
Competencia social e cidadá.	<p>Define <i>municipio</i> e <i>concello</i>.</p> <p>Valora os mecanismos de elección dos concelleiros.</p> <p>Coñece a estrutura básica do concello e as súas funcións.</p> <p>Identifica e describe servizos municipais.</p> <p>Define provincia e comunidade autónoma.</p> <p>Identifica, localiza e nomea, con axuda de mapas políticos, as diferentes provincias, comunidades e cidades autónomas de España.</p> <p>Coñece a estrutura e funcionamento da Comunidade Autónoma de Galicia e algúns dos seus símbolos.</p> <p>Coñece a organización territorial da Unión Europea.</p>
Competencia cultural e artística.	<p>Coñece e utiliza distintos recursos expresivos e aprecia a estética dos materiais que utiliza (as lecturas, as ilustracións, os vídeos, as presentacións, etc.).</p> <p>Coñece e respecta a existencia de distintas linguas do</p>

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U10	DESEMPEÑOS
	<p>estado español e outras de países diferentes, e recoñece os valores culturais das diferentes unidades nas que está organizado o territorio.</p> <p>Completa con imaxinación as fichas de lectura.</p>
<p>Competencia para aprender a aprender.</p>	<p>Analiza as imaxes do texto con detalle e extrae información delas que transforma en coñecemento propio.</p> <p>Valora e usa os mapas como ferramenta e estratexia que facilita a memorización.</p> <p>Organiza nunha táboa os nomes das comunidades autónomas.</p> <p>Estructura os contidos aprendidos na unidade a través dun mapa conceptual.</p> <p>Autoavalía, a través da ficha de autorregulación, as súas actitudes, os coñecementos adquiridos nesta unidade e é consciente de se sabe aplicarlos ou de se necesita repasar.</p>
<p>Autonomía e iniciativa persoal.</p>	<p>Intercambia opinións sobre que é importante para que haxa comunicación entre as persoas e sobre a axuda que se pode dar aos países pobres.</p> <p>Mostra iniciativa á hora de coñecer outros idiomas e costumes.</p> <p>Acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e pon en práctica a empatía ao intercambiar opinións.</p>

UNIDADE 11

Obxectivos

- Afianzar a idea de historia e coñecer algunhas características básicas do calendario que usamos para organizar os sucesos históricos.
- Identificar, nomear e clasificar fontes históricas.
- Adquirir a idea de idade da historia e datar as cinco idades da historia, asociadas aos feitos que marcan os seus inicios e os seus finais.
- Datar a Prehistoria e coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide: Paleolítico e Neolítico.
- Datar a Idade Antiga e coñecer as características da vida humana neste período, especialmente durante a civilización romana.
- Localizar e coñecer algunhas características de civilizacións antigas que se desenvolveron noutros continentes.
- Valorar as producións artísticas, culturais e arquitectónicas, como concrecións do traballo e da creatividade das persoas do pasado.
- Promover o desenvolvemento de destrezas básicas e de estratexias para tratar a información.
- Verificar a progresión na aprendizaxe e na aplicación das competencias.

Contidos

- A historia e a datación de feitos históricos co noso calendario.
- As fontes da historia. Identificación e clasificación de fontes históricas na realidade e a partir de imaxes.
- As idades da historia. Duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan.
- Os dous períodos en que se divide a Prehistoria: o Paleolítico e o Neolítico. Características da vida, invencións significativas, tecnoloxía e algunhas manifestacións culturais, artísticas e arquitectónicas.
- A Idade Antiga. Características xerais da época e identificación de aspectos

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

relacionados coa forma de vida, coas actividades económicas, coas tecnoloxías e producións dos seres humanos da Idade Antiga, en especial da civilización romana.

- Outras civilizacións da Antigüidade. Localización e manifestacións culturais, artísticas e arquitectónicas.
- Valoración da importancia do estudo da historia.
- Valoración do esforzo e a creatividade das persoas de épocas pasadas.
- Etimoloxía. Orixe latina dalgúns palabras das linguas galega e castelá.
- Verificación do proceso de aprendizaxe: toma de conciencia do que sabe, aceptación dos erros ao autoavaliarse e perseveranza nas tarefas.

Temporización

Tres últimas semanas de maio.

Actividades

- Imaxes e vídeos da Prehistoria e a Idade Antiga.
- Resumo cun esquema.

Criterios de avaliación

- Define historia e coñece a estrutura básica do calendario histórico.
- Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
- Identifica fontes históricas na realidade e en imaxes, e clasifícaas.
- Nomea as idades da historia e ordénaas cronoloxicamente.
- Identifica e nomea os feitos históricos que delimitan as idades históricas e calcula a duración de cada unha delas.
- Nomea, data e diferencia os dous períodos nos que se divide a prehistoria (Paleolítico e Neolítico) e describe as características básicas da vida nestas dúas épocas, a tecnoloxía, a arte, a economía...
- Coñece e valora a importancia da escritura, da agricultura e da gandaría, como

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

descubrimientos da antigüidade que cambiaron profundamente as sociedades humanas.

- Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo (construcións, manifestacións artísticas, lingua, tecnoloxía...), en especial as referidas á civilización romana.
- Identifica o latín como orixe de moitas das linguas actuais, en especial do galego e do castelán.
- Nomea civilizacións antigas, localízalas en mapas e identifica algúns monumentos e restos daquelas civilizacións.
- Mostra curiosidade por coñecer manifestacións materiais de civilizacións antigas e por descubrir como as fixeron.
- Valora e mostra respecto cara ás persoas do pasado e cara ao esforzo e a creatividade que se aprecian nas súas producións.
- Desenvolve destrezas e estratexias.
- Progresar na aprendizaxe e aplica competencias básicas.

Estratexias didácticas

- A metodoloxía será activa e participativa; ademais, debe facilitar a aprendizaxe tanto individual como colectiva e perseguir, como un dos seus eixes fundamentais, a adquisición das competencias básicas, especialmente da social e cidadá e da relacionada co coñecemento e coa interacción co mundo físico.
- A aplicación da metodoloxía farase fixando hábitos de traballo, como resolver as actividades do libro, comprender a finalidade dos seus apartados e desenvolver os contidos procedementais considerados na nosa programación.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Libro do alumno e caderno de actividades.
- Recursos fotocopiados adxuntos.
- Recursos do libro dixital e da páxina web www.anayadigital.com.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS U11	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	<p>Comprende a información sobre a historia contida nos textos.</p> <p>Adquire o vocabulario relacionado coas idades e as fontes da historia.</p> <p>Utiliza o vocabulario adquirido para emitir respostas coherentes ás actividades relacionadas coa historia.</p> <p>Mostra interese pola lectura dos textos complementarios propostos.</p> <p>Interpreta as opinións alleas durante os debates.</p> <p>Coñece o vocabulario dalgúns conceptos da unidade en inglés.</p> <p>Coñece a etimoloxía dalgunhas palabras.</p> <p>Relaciona palabras do latín con palabras actuais que proceden del.</p>
Competencia matemática.	<p>Calcula duracións de idades e de intervalos entre sucesos históricos.</p> <p>Coñece aspectos básicos da numeración romana.</p> <p>Le e escribe números romanos.</p> <p>Valora a organización de feitos históricos en liñas de tempo.</p>
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	<p>Recoñece as achegas do progreso científico e tecnolóxico á historia da humanidade.</p> <p>Aplica os esbozos dun método de razoamento científico á hora de analizar os problemas relacionados co coñecemento da historia.</p>
Tratamento da información e competencia dixital.	<p>Interpreta e integra a información contida nos textos e nas imaxes sobre a historia, e nos materiais dixitais e audiovisuais asociados á unidade.</p> <p>Consulta diversas fontes para obter información sobre a escritura na antigüidade e a estrutura social na antiga Roma.</p> <p>Realiza as actividades interactivas propostas.</p>
Competencia social e cidadá.	<p>Coñece o calendario que permite datar acontecementos históricos.</p> <p>Identifica e describe distintas fontes da historia, e ordena as idades da historia.</p> <p>Coñece e describe os sucesos que marcan os cambios de idades.</p> <p>Identifica elementos representativos das diferentes idades (construcións, máquinas...).</p>

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U11	DESEMPEÑOS
	<p>Coñece as características da vida na Prehistoria.</p> <p>Coñece características da vida e das manifestacións arquitectónicas e culturais da civilización romana.</p> <p>Adquire unhas nocións básicas da historia de Galicia.</p> <p>Coñece outras culturas, respéctaa e valóraas.</p>
Competencia cultural e artística.	<p>Coñece algunhas manifestacións culturais e costumes do pasado e compáraas coas do presente.</p> <p>Valora as construcións, as producións artísticas e os avances tecnolóxicos realizados polas sociedades do pasado.</p> <p>Valora o esforzo que realizan os arqueólogos e os historiadores para reconstruír o pasado.</p> <p>Aprecia a creatividade e a beleza dalgunhas fontes históricas, e valora o patrimonio histórico.</p> <p>Valora algúns acontecementos históricos.</p> <p>Coñece e utiliza distintos recursos expresivos e aprecia a estética dos materiais que utiliza (as lecturas, as ilustracións, os vídeos, as presentacións...).</p>
Competencia para aprender a aprender.	<p>Interioriza os contidos relacionados coa historia e convérteos en coñecemento propio.</p> <p>É consciente do que aprendeu e aplica os coñecementos adquiridos completando o mapa conceptual da unidade.</p> <p>Autoavalía os coñecementos adquiridos nesta unidade e é consciente de se sabe aplicalos ou necesita mellorar.</p>
Autonomía e iniciativa persoal.	<p>Mostra empatía e respecto polos modos de vida e os logros das sociedades do pasado, que sustentan os logros das sociedades actuais.</p> <p>Mostra actitudes de respecto e colaboración cando realiza actividades en equipo.</p> <p>Defende as súas opinións de forma razoada e respecta as dos demais nos debates formulados na aula.</p> <p>Acepta os erros ao autoavaliarse, e participa e persevera na realización das actividades de repaso e de avaliación, mostrando satisfacción pola aprendizaxe adquirida grazas ao rigor e ao esforzo.</p>

UNIDADE 12

Obxectivos

- Datar a Idade Media e coñecer as características da sociedade medieval, as actividades humanas da época e os progresos realizados nos distintos ámbitos.
- Datar a Idade Moderna e coñecer as características da sociedade, as actividades humanas e os progresos realizados: comercio, avances científicos e tecnolóxicos, e as súas consecuencias.
- Datar a Idade Contemporánea e coñecer as características da sociedade e das actividades humanas nos comezos desta idade, e os cambios derivados da invención e utilización da máquina de vapor.
- Coñecer e describir as características da sociedade actual e as actividades humanas que realizamos en distintos ámbitos.
- Identificar algúns personaxes históricos que influíron de distintas maneiras nas sociedades antigas, modernas e contemporáneas.
- Valorar as producións artísticas, culturais, arquitectónicas, tecnolóxicas...como concrecións do traballo e a creatividade das persoas do pasado.
- Promover o desenvolvemento de destrezas básicas e de estratexias para tratar a información.
- Verificar a progresión na aprendizaxe e na aplicación das competencias.

Contidos

- A Idade Media. Datación, características xerais, estrutura e actividades económicas da sociedade medieval.
- A Idade Moderna. Datación, características xerais, avances científicos, invencións tecnolóxicas, descubrimento de novos territorios (en especial, de América) e repercusión de todo iso nas actividades socioeconómicas da época.
- A Idade Contemporánea. Datación, características xerais, avances que a desencadearon (a máquina de vapor e posteriores avances nas comunicacións, o transporte, a medicina...) e cambios derivados deses avances.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Algúns personaxes históricos relevantes e as súas contribucións á humanidade.
- Identificación en imaxes de aspectos relacionados coa forma de vida, actividades económicas, tecnoloxías e producións dos seres humanos das idades Media, Moderna e Contemporánea.
- Comparación de traballos e modos de vida entre sociedades de distintas épocas.
- Verificación do proceso de aprendizaxe: toma de conciencia do que sabe, aceptación dos erros ao autoavaliarse e perseveranza nas tarefas.

Temporización

Tres primeiras semanas de xuño.

(Incluídas a avaliación final de contidos e de competencias).

Actividades

- A Idade Media: acontecementos
- A Idade Moderna: descubrimentos e acontecementos
- Resumo

Criterios de avaliación

- Data a Idade Media e nomea os feitos históricos que a enmarcan.
- Nomea os catro grupos sociais que formaban a sociedade medieval e describe os modos de vida, as actividades e a tecnoloxía da época.
- Data a Idade Moderna e nomea os feitos históricos que a enmarcan, en especial o descubrimento de América.
- Describe as características xerais da sociedade moderna, os grandes avances científicos e tecnolóxicos da época (imprenta, mapas, barcos, compás, óptica...) e describe os cambios e progresos que ocasionaron.
- Data o comezo da Idade Contemporánea e coñece o feito que a inicia e os feitos que se produciron ao longo desta época.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Coñece e describe os cambios económicos e sociais derivados da invención da máquina de vapor e dos outros avances desta época que cambiaron profundamente a vida das persoas.
- Describe e valora os avances de que gozamos na actualidade e é consciente das desigualdades sociais actuais.
- Fórmase unha idea de como se acumulan os coñecementos científicos e de como melloran progresivamente a sociedade.
- Identifica algúns personaxes relevantes das últimas catro idades e describe algunhas das súas contribucións e descubrimentos.
- Valora as contribucións e descubrimentos que realizaron as persoas en épocas pasadas e a súa influencia nas sociedades actuais.
- Identifica, en imaxes e na realidade, algúns monumentos e restos de distintas idades, en especial os do seu contorno próximo, e valóraos como fontes da historia e como producións valiosas das persoas do pasado.
- Desenvolve destrezas e estratexias.
- Progresar na aprendizaxe e aplica competencias básicas.

Estratexias didácticas

- A metodoloxía será activa e participativa; ademais, debe facilitar a aprendizaxe tanto individual como colectiva e perseguir, como un dos seus eixes fundamentais, a adquisición das competencias básicas, especialmente da social e cidadá e da relacionada co coñecemento e coa interacción co mundo físico.
- A aplicación da metodoloxía farase fixando hábitos de traballo, como resolver as actividades do libro, comprender a finalidade dos seus apartados e desenvolver os contidos procedementais considerados na nosa programación.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Libro do alumno e caderno de actividades.
- Recursos fotocopiados adxuntos.
- Recursos do libro dixital e da páxina web www.anayadigital.com.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS U12	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	<p>Comprende a información sobre a historia contida nos textos.</p> <p>Adquire o vocabulario relacionado coas idades Media, Moderna e Contemporánea.</p> <p>Utiliza o vocabulario adquirido para emitir respostas coherentes ás actividades relacionadas coa historia.</p> <p>Mostra interese pola lectura dos textos complementarios propostos.</p> <p>Interpreta as opinións alleas durante os debates.</p> <p>Coñece o vocabulario dalgúns conceptos da unidade en inglés.</p>
Competencia matemática.	<p>Interpreta informacións numéricas e datacións, e aplica coñecementos sobre números e operacións para determinar a duración de períodos históricos.</p>
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	<p>Recoñece as contribucións do progreso científico e tecnolóxico á historia da humanidade.</p> <p>Aplica os esbozos dun método de razoamento científico á hora de analizar os problemas relacionados co coñecemento da historia.</p>
Tratamento da información e competencia dixital.	<p>Interpreta e integra a información contida nos textos e nas imaxes sobre as idades Media, Moderna e Contemporánea, e nos materiais dixitais e audiovisuais asociados á unidade.</p> <p>Utiliza buscadores de internet con axuda de adultos, mostra interese por aprender con estas tecnoloxías e segue pautas prefixadas nas buscas.</p> <p>Utiliza os medios TIC para realizar as actividades interactivas propostas e para comprobar o seu grao de aprendizaxe.</p> <p>Extrae información de diferentes fontes para afondar nos seus coñecementos históricos.</p>
Competencia social e cidadá.	<p>Coñece as características da vida e das manifestacións arquitectónicas e culturais nas idades Media, Moderna e Contemporánea.</p> <p>Coñece e valora os inventos e avances que se producen nas idades Media, Moderna e Contemporánea e as súas consecuencias.</p> <p>Nomea personaxes históricos, localízaos no tempo e</p>

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS U12	DESEMPEÑOS
	<p>identifica as súas contribucións.</p> <p>Adquire unhas nocións básicas da historia de Galicia.</p> <p>Recorda e aplica os contidos sociais estudados durante o curso.</p>
Competencia cultural e artística.	<p>Cofece costumes do pasado e manifestacións culturais, e compáraas coas do presente.</p> <p>Valora as construcións, as producións artísticas e os avances tecnolóxicos realizados nas idades Media, Moderna e Contemporánea.</p> <p>Valora o esforzo que realizan os historiadores para reconstruír o pasado.</p> <p>Valora o patrimonio cultural e algúns acontecementos históricos das idades Media, Moderna e Contemporánea.</p> <p>Cofece e utiliza distintos recursos expresivos e aprecia a estética dos materiais que utiliza.</p>
Competencia para aprender a aprender.	<p>Interioriza os contidos relacionados coas idades Media, Moderna e Contemporánea e convérteos en coñecemento propio.</p> <p>Relaciona os contidos aprendidos ao longo da unidade cos das unidades anteriores.</p> <p>Observa, compara e extrae conclusións das imaxes que analiza.</p> <p>Estrutura, a través do mapa conceptual, os coñecementos aprendidos.</p> <p>Planifica os hábitos, toma conciencia do que sabe e persevera nas tarefas, mostrando satisfacción pola aprendizaxe adquirida grazas ao rigor e ao esforzo.</p>
Autonomía e iniciativa persoal.	<p>Expresa as súas opinións e respecta as dos demais cando extrae conclusións das imaxes que analiza.</p> <p>Investiga, ordena datos obtidos e presenta traballos ben elaborados.</p> <p>Planifica e distribúe as súas tarefas de forma axeitada.</p> <p>Mostra iniciativa para aplicar os seus coñecementos sobre as idades Media, Moderna e Contemporánea ao realizar actividades e a autoavaliación.</p> <p>Elabora unha estratexia para realizar as tarefas de investigación histórica.</p> <p>Acepta os erros ao autoavaliarse e comprende a necesidade de reforzar a aprendizaxe.</p>

24.1.5 Área de educación artística: educación plástica.

PROGRAMACIÓN DO PRIMEIRO TRIMESTRE

Obxectivos

- Planificar e preparar os materiais para a realización de cada actividade.
- Diferenciar as características propias de cada técnica plástica manexada.
- Considerar a importancia da percepción visual e a expresión creativa ao aplicar a técnica propia de cada actividade.
- Tomar conciencia da importancia do punto de vista na observación do medio.
- Estimular a discriminación visual e a habilidade manual ao completar imaxes, gozando do coñecemento de obras de arte.
- Utilizar os óvalos de encaixe para debuxar, coa proporción axeitada, as formas de tres cabezas de animais.
- Observar e imitar a intensidade do trazo para lograr os diferentes matices na técnica do sombreado con lapis de grafito.
- Colorear elementos do ámbito cotián e manipular o papel para producir sensacións de profundidade.
- Imitar a técnica da mancha de cera branda para achegar expresividade a un modelo humano.
- Observar a variedade de formas, texturas e cores existentes no mundo animal e reproducir algúns modelos.
- Aplicar tramas paralelas e cruzadas para sombrear modelos humanos.
- Apreciar as calidades estéticas das técnicas mixtas.
- Comprender un código de escritura a través da relación establecida entre uns debuxos e uns textos incompletos.
- Proxectar e debuxar unha paisaxe arborada en perspectiva cónica.
- Manexar a técnica de grattage, ou raspado, para decorar un tótem.
- Pintar con témperas líquidas e coñecer novos estilos pictóricos.
- Seguir as instrucións de elaboración dun exercicio tridimensional.

Contidos

Observación

- Corpo humano: formas, coloreado e tramado.
- Animais: formas de cabezas, texturas e cores das cubertas, composición e perfilado.
- Plantas: froitos e árbores; coloreado, composición e perspectiva.
- Obxectos: edificios, esculturas e elementos narrativos.
- Paisaxes: da comarca, arboredo en perspectiva.
- Conto con pictogramas.
- Arte: Paisaxe de Tahití, de Gauguin; Cabeza de Moai; O veo vermello, de Jawlensky; Astronauta, da Catedral Nova de Salamanca.
- Pasos para construír un portal de Belén.

Creación

- Completado dun crebacabezas.
- Representación de cabezas e cubertas animais.
- Sombreado: con distintos tons de gris; e con tramados.
- Composición urbana con mercado de froitas de Noia. Recortable.
- Cadro con manchas de cor.
- Composición con papeis resgados.
- Perfilado de detalles.
- Elaboración dun conto con pictogramas.
- Paisaxe campestre en perspectiva.

Temporización

Segunda quincena de setembro, mes de outubro e novembro, e primeira quincena de decembro.

Actividades

- Elaboración dun crebacabezas.
- Sombreado de figuras con tramado.
- Composición dunha paisaxe.

Criterios de avaliación

- Observa os materiais indicados no curso de Plástica e prepáraos previamente á realización de cada actividade seguindo as iconas indicativas.
- Mostra atención cara ás indicacións previas relativas a cada unha das técnicas plásticas que se utilizarán ao longo do curso.
- Asimila a organización do índice e diferencia as capacidades perceptiva e expresiva implícitas en cada actividade.
- Reflexiona sobre as indicacións iniciais da unidade.
- Manexa pezas de crebacabezas para completar a representación dunha obra artística.
- Debuxa diferentes animais a partir dos óvalos de encaixe propostos.
- Observa e imita a dirección e intensidade do trazo para lograr os diferentes matices na técnica do sombreado con lapis de grafito.
- Colorea imitando o aspecto de persoas, froitas e edificios e xoga coas dimensións da escena a partir do dobrado do papel.
- Aplica manchas de cera branca sobre unha figura humana dada buscando o parecido co modelo de referencia.
- Observa e reproduce as texturas animais de pelo, escamas e plumas.
- Realiza tramas paralelas e cruzadas ao sombrear personaxes humanos.
- Mestura as técnicas de colaxe e rotulado nos seus exercicios plásticos.
- Valora as melloras estéticas achegadas polas técnicas engadidas a outra xa utilizada.
- Interpreta un código de escritura relacionando os pictogramas dados co texto fragmentado no cal insire aqueles.
- Imita a perspectiva cónica dunha paisaxe arborada.
- Decora un tótem con ceras brandas seguindo as indicacións de cada zona.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Aprende a valorar as posibilidades creativas de cada técnica plástica, como o grattage ou raspado.
- Aprende a identificar as peculiaridades dunha obra naif.
- Procura limpar os pinceis antes de cambiar de cor nos traballos con témperas.
- Valora a achega do perfilado con rotuladores ao traballo realizado coas témperas.
- Elabora unha tarxeta do Nadal seguindo as instrucións de completado e dobrado.

Estratexias didácticas

- Motivar a percepción visual; ensinar a captar os elementos significativos dunha obra.
- Dirixir a análise de formas, proporcións e texturas.
- Emitir breves explicacións sobre a actividade formulada.
- Favorecer a reflexión sobre os materiais e técnicas e as posibilidades de cada elección.
- Destacar a importancia dos costumes para o benestar social. E facer notar como varían dunhas sociedades outras.
- Comentar a relación dos motivos representados co contorno, inmediato e artístico.
- Dar consellos sobre a secuenciación que se debe seguir en cada caso.
- Avaliar e comentar os traballos, destacando os logros e as posibilidades de mellora.
- Observar a páxina de instrucións para realizar unha tarxeta de felicitación do Nadal.
- Fomentar a busca de información en Internet, libros, láminas...
- Proporcionar tempos e temas de diálogo.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Fichas de reforzo e de ampliación.
- Páxinas na rede de arte e de monumentos.

Procedementos e instrumentos de avaliación

- Seguimento do rexistro de avaliación continua.
- Intervencións orais: comentarios e preguntas, valoración das obras de arte representadas e dos traballos propios e alleos.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS 1º TRIMESTRE	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	Interpreta ordes verbais, comenta as obras artísticas, os traballos propios e alleos, así como completa os diálogos dunha narración.
Competencia matemática	Realiza figuras simétricas. Relaciona os contrastes de luz e sombra coas distintas superficies dun volume.
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	É consciente da influencia da presenza de persoas no espazo.
Tratamento da información e competencia dixital.	Accede a museos virtuais utilizando contidos multimedia.
Competencia social e cidadá.	Comprende os usos e os costumes doutros lugares e épocas a través das obras de arte, pictóricas e escultóricas
Competencia cultural e artística.	Coñece obras de arte representativas do entorno e aprecia costumes doutras culturas.
Competencia para aprender a aprender.	Logra experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, de forma individual e colectiva.
Autonomía e iniciativa persoal.	Desenvolve o propio criterio e a emotividade ao observar, elaborar e analizar obras plásticas

PROGRAMACIÓN DO SEGUNDO TRIMESTRE

Obxectivos

- Planificar e preparar os materiais para a realización das actividades da unidade.
- Considerar as características diferenciadoras das técnicas plásticas manexadas.
- Valorar a importancia da composición nas obras de representación visual. Considerar os motivos e situacións, as cores e as posibles combinacións de todo iso.
- Discriminar formas e cores, continentes e contidos, ao reunir as pezas dun crebacabezas artístico.
- Reflectir as observacións da realidade cotiá nos propios exercicios plásticos e retratos.
- Experimentar con materiais e técnicas variadas explorando as súas posibilidades expresivas e lúdicas.
- Expresarse e comunicarse mediante os códigos e técnicas propios da linguaxe plástica. Dar sentido á mancha de cor.
- Analizar as gradacións de cor dunha obra puntillista.
- Manexar os trazos xeométricos para producir tramas de cor.
- Producir efectos de transparencia seguindo os pasos de coloreado suxeridos.
- Comprender as posibilidades da imaxe como elemento de representación e apreciar as manifestacións artísticas presentes no ámbito urbano.
- Mostrar curiosidade cara ás posibilidades expresivas do manexo de diferentes materiais e técnicas.
- Utilizar as representacións con imaxes para expresar vivencias de forma autónoma e en situación de comunicación.
- Observar o medio natural e desenvolver, expresiva e artisticamente, diferentes recursos para a representación gráfica e plástica. Interpretar unha narración en imaxes.
- Debuxar e colorear cun fin práctico e lúdico: elaborar un xogo co que poder gozar cos compañeiros.
- Inventar unhas normas de xogo que se axusten ao taboleiro deseñado. Valorar a amizade, o altruísmo e a convivencia.
- Apreciar a riqueza plástica contida en moitos cantos da xeografía española.
- Observar os pasos seguidos no coloreado dunha escena de xardín mediante a

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

aplicación das ceras brandas.

- Descubrir a beleza presente en remotas cidades europeas.
- Considerar a oportunidade dalgúns coidados especiais ao aplicar os pigmentos acuosos.

Contidos

Observación

- Corpo humano: como parte da obra artística, o retrato, na escultura.
- Animais: acuario, gato en vidreira, cabalo en estatua, ovella, formiga e ra, hábitats de raposo, peixe, ra e paxaro.
- Plantas: árbore estampada, flores, herba, conformando un hábitat, o alimento dalgúns animais, nun patio andaluz.
- Obxectos: floreiros, na obra de arte, na paisaxe, pezas de cristal, caracterizadores dun personaxe, testo, góndola e edificios.
- Paisaxes: fondo de acuario, pozo á beira do mar, paisaxe campestre, hábitats variados, patio andaluz, veneciano.
- Banda deseñada: a formiga e a ra.
- Arte: Floreiro con flores de Valtat, Vidreira do Museo de Cerdanyola del Vallès, Dama bebendo cun cabaleiro de Vermeer, Mulleres no pozo de Signac, estatua do emperador Carlomagno.

Creación

- Completado de crebacabezas e obra de arte.
- Autorretrato e retratos con nome.
- Coloreado da vexetación e decorado de tronco
- Realización de debuxo con manchas de cera branda.
- Versión de obra de arte mediante tramados xeométricos de cor.
- Uso das capas de cor para producir aparencia de cristal.
- Sombreado bicolor e bitonal.
- Composición con papeis resgados. Perfilado.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Secuenciación de seis viñetas e continuación de banda deseñada dado.
- Debuxo e coloreado das casas dun taboleiro de xogo.
- Coloreado de patio andaluz coas ceras brandas.
- Completado de escena veneciana coas cores acuosas da témpera.

Temporización

Segunda quincena de xaneiro, mes de febreiro e marzo.

Actividades

- Elaboración dun crebacabezas.
- Autorretrato e retratos con nome.
- Coloreado con capas de cor.

Criterios de avaliación

- Dispón previamente os materiais a utilizar ao longo do curso.
- Pensa nas peculiaridades de cada técnica antes de aplicalas.
- Analiza atentamente as imaxes de presentación da unidade e reflexiona sobre a importancia da elección de motivos, cores e combinacións.
- Completa unha obra pictórica e sitúa as pezas do crebacabezas mediante a correcta observación e manipulación das pezas.
- Realiza retratos de compañeiros e amigos nos que manifesta a observación realizada sobre o contorno máis próximo.
- Mostra interese polo manexo de novos recursos plásticos e experimenta coas posibilidades expresivas destes.
- Utiliza a mancha de cor con afán de enriquecemento expresivo.
- Observa as luces e sombras expresadas nunha obra pictórica mediante a mestura de puntos de cores.
- Expressa as luces e sombras do cadro analizado como tonalidades xeradas a partir de

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

elementos xeométricos de cores, tendo en conta as direccións e densidades máis oportunas.

- Aplica os tons claros e escuros secuenciadamente, logrando os efectos de transparencia suxeridos.
- Matiza a cor caracterizando os personaxes a imitar e valora a presenza de esculturas e monumentos no ámbito urbano.
- Esfórzase por obter os mellores resultados expresivos ao manipular papeis resgados para representar unha ovella e unha paisaxe.
- Continúa a historia representada nas primeiras viñetas dun cómic debuxando as escenas que conforman unha secuencia.
- Mostra gusto por lograr a identidade dos personaxes animais debuxados nunha secuencia de banda deseñada.
- Completa as viñetas dun taboleiro de xogo tendo en conta as cores e elementos indicados para cada un dos distintos hábitats representados.
- Crea unhas normas de xogo alternativas ás indicadas, axustándoas ao taboleiro de xogo deseñado e mostrando respecto pola amizade, o altruísmo e a convivencia.
- Recorda a beleza de lugares españois apreciados nas súas viaxes e excursións.
- Colorea as plantas dun patio andaluz con ceras brandas procurando seguir as indicacións suxeridas para lograr óptimos resultados.
- Dialoga sobre unha escena veneciana e valora as belas cidades que se poden encontrar noutros países europeos.
- Le as instrucións de aplicación das témperas antes de iniciar o traballo.

Estratexias didácticas

- Motivar a percepción visual; ensinar a captar os elementos dunha obra.
- Analizar posturas, miradas, atavío, lugares, paisaxes, hábitats...
- Emitir breves explicacións sobre a actividade formulada.
- Favorecer as eleccións reflexivas sobre os seus materiais e as posibilidades.
- Dirixir a atención dos alumnos, en determinadas páxinas, cara aos consellos sobre a orde máis conveniente que debe seguir.
- Avaliar os resultados obtidos, destacar os logros e reflexionar sobre aqueles aspectos que sexan mellorables.

PROGRAMACIÓNS DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Fomentar a observación e reflexión sobre os elementos característicos dun modelo. Animar a emisión de opinións particulares e analizar as súas posibilidades.
- Valorar no seu conxunto todos os elementos plásticos e artísticos que favorezan as futuras producións persoais.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Fichas de reforzo e de ampliación.
- Visita virtual en Internet de arte e de monumentos.

Procedementos e instrumentos de avaliación

- Seguimento do rexistro de avaliación continua.
- Intervencións orais: comentarios e preguntas, valoración das obras de arte representadas e dos traballos propios e alleos.
- Manexar con corrección e limpeza os materiais indicados.
- Achega de información á aula para a ampliación do coñecemento.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS 2º TRIMESTRE	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	Expresa pensamentos, emocións, vivencias e opinións. Comprende a relación entre texto e imaxe. Interpreta unha narración en imaxes. Lee e asimila as normas a seguir. Utiliza a linguaxe escrito para rotular e clasificar as expresións plásticas.
Competencia matemática.	
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	Valora a conservación de recursos e diversidade natural. Realiza observacións de formas e texturas propias de flores, herbas e árbores. Distingue e xoga cos espazos característicos nos que se desenvolve a vida de distintas especies vexetais e animais.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

COMPETENCIAS BÁSICAS 2º TRIMESTRE	DESEMPEÑOS
Tratamento da información e competencia dixital.	Accede a museos virtuais utilizando contidos multimedia.
Competencia social e cidadá.	Respecta as expresións plásticas do resto realizando críticas construtivas.
Competencia cultural e artística.	Coñece, comprende, aprecia e valora criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas.
Competencia para aprender a aprender.	É consciente do que se pode facer por si mesmo e do que se pode facer coa axuda dos demais. Manexa de maneira eficaz os recursos e técnicas.
Autonomía e iniciativa persoal.	Coñece as normas polas que se rexe un xogo e planifica outra forma diferente. Desenvolve habilidades sociais como respecto, diálogo, cooperación e traballo en equipo.

PROGRAMACIÓN DO TERCEIRO TRIMESTRE

Obxectivos

- Preparar os materiais necesarios para a realización das actividades e recordar as particularidades de cada unha das técnicas xa coñecidas.
- Reflexionar sobre o proceso de creación dun personaxe, dunha obra plástica.
- Estimular a discriminación visual e a habilidade manual ao completar imaxes, gozando do coñecemento de obras de arte.
- Realizar composicións nas que se apliquen novas técnicas e se perciban as vantaxes da repetición dun mesmo tipo.
- Favorecer a reflexión sobre os procesos creativos presentando modelos de observación.
- Observar e imitar a dirección e intensidade do trazo para lograr os diferentes matices na técnica do sombreado con lapis de grafito.
- Recortar e dobrar o papel para representar unha escena con distintos planos de referencia. Coidar a conservación da paisaxe e a terminación do traballo plástico.
- Analizar unha obra cubista e percibir a expresividade das formas xeométricas. Coñecer a variedade de usos da cor e intuír a existencia de distintos estilos artísticos.
- Diferenciar varias especies arbóreas polas súas ramaxes, madeiros, follas e cores.
- Reciclar materiais e crear novos deseños e ideas.
- Observar unha obra de arte na que se aprecia a expresividade a través da cor.
- Expresarse e comunicarse producindo mensaxes diversas, utilizando para iso as formas e técnicas básicas da linguaxe plástica.
- Comprender un código de escritura a través da relación establecida entre uns debuxos e unhas letras. Xerar un conto con pictogramas.
- Interpretar un personaxe dunha obra de teatro, intentando falar e moverse axeitadamente á acción correspondente.
- Colaborar no desenvolvemento dunha obra común e valorar o traballo dos compañeiros de equipo.
- Realizar un cartel co que xerar mensaxes de aproveitamento ecolóxico.
- Elaborar unha representación tridimensional da obra de teatro a realizar por todo o grupo.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- escoitar e aceptar as críticas dos demais á tarefa desenvolvida, tanto nos exercicios individuais, coma nos de grupo.
- Valorar o esforzo realizado polos demais, independentemente dos logros alcanzados.
- expresar pensamentos e sentimentos persoais e desenvolver a propia autoestima.

Contidos temporizados

Observación

- Corpo humano: a xestualidade do actor, personaxes na pintura e a escultura, luces e sombras do volume da figura humana, persoas actuando na paisaxe, como figura abstraída, como pictograma, motivos de representación en 3D.
- Animais: personaxes de animación, elementos de pictogramas, personaxes de obra teatral, motivos de representación en 3D.
- Plantas: flores, árbores, madeiros e ramas, elementos representados nas obras artísticas.
- Obxectos: escultura, guitarra abstracta, materiais de refugallo.
- Paisaxe con figuras, paisaxe primaveral na arte, parque na arte, poza teatral e en 3D.
- Linguaxe verbal: conto con pictogramas, espazo de escritura, comprensión dun texto teatral, dramatización, características dos personaxes.
- Arte: Botticelli, Juan Gris, August Macke.
- Elementos plásticos: formas xeométricas, tonalidades, composición, formas, cadro base, trazos, texturas, harmonía, manchas de cor, pictogramas, motivos pictóricos.
- Imaxes de representacións teatrais e filmicas.
- Pezas de motivo teatral. Pasos para realizar a construción en 3D.

Creación

- Elaboración dun crebacabezas.
- Composición con manchas de cor a base de repetición de formas.
- Sombreado con tons de gris.
- Composición de paisaxe de montaña.
- Recortable con forma para pegar.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Versión dun cadro de Juan Gris con recortado de formas e perfilado.
- Representación diferenciada dun bidueiro, unha acacia e un plátano.
- Composición con materiais de reciclado.
- Perfilado de detalles.
- Cadro de paisaxe con figuras humanas.
- Coloreado con trazos de cera branda.
- Elaboración dun conto con pictogramas. Narración previa e posterior intercalación das iconas.
- Memorización e representación de texto teatral, interpretación do correspondente personaxe.
- Construción en 3D dun motivo teatral: A poza das ras.

Temporización

Tres últimas semanas de abril, mes de maio e tres primeiras semanas de xuño.

Actividades

- Elaboración dun crebacabezas.
- Composición con manchas de cor coa técnica do estampado.
- Composición con materiais de refugallo.

Criterios de avaliación

- Dispón habitualmente os materiais necesarios e, consulta, cando o necesita, as indicacións preliminares do texto sobre as características de cada técnica.
- Observa a presentación visual dos contidos na apertura da unidade e reflexiona sobre as distintas formas de construción dun personaxe: plástica, teatral, cinematográfica, no xogo...
- Identifica as partes dunha imaxe e completa o modelo.
- Discrimina o contido das pezas soltas dun crebacabezas, todas da mesma forma e

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

tamaño, polas súas texturas e cores.

- Goza observando as obras artísticas realizadas por grandes pintores.
- Observa os pasos para aplicar a técnica do estampado e produce resultados harmoniosos ao repetir a mesma forma variando as cores e posicións.
- Analiza a reprodución do Pensador e opina sobre a actitude representada na escultura.
- Discrimina os tons de gris, a dirección e intensidade dos trazos utilizados para sombrear un modelo e imítaos nas súas propias reproducións.
- Aproveita a súa habilidade no recortado e dobrado do papel producindo tarxetas nas que se aprecian diferentes planos espaciais.
- Mostra actitudes de respecto cara ao coidado do ámbito, físico e natural, e dirixe a mesma atención cara á correcta terminación dos seus traballos.
- Descubre a expresividade latente nas formas xeométricas a través da súa valoración dunha obra cubista.
- Aprecia, ao coñecer outros estilos artísticos, as posibilidades plásticas que ofrecen as meditacións relativas ás combinacións a realizar coas cores.
- Colorea modelos de árbores logrando ofrecer aparencias de especies diferentes a través da terminación dos madeiros, ramaxes e tipos de follas.
- Sabe sacar á luz a expresividade de materiais usados ao combinalos con intencionalidade.
- Coñece obras expresionistas e investiga as variacións da cor aplicando manchas de cera branca.
- Inventa unha historia en torno a unhas imaxes dadas.
- Crea un conto con pictogramas ao substituír algunhas palabras polas iconas axeitadas.
- Esfórzase por falar e moverse acorde co personaxe que debe representar.
- Identifica os logros dos seus compañeiros ao representar a obra de teatro e ao realizar os distintos traballos plásticos.
- Participa no deseño dun cartel que complementa a obra de teatro, recomendando o aproveitamento da auga.
- Constrúe unha representación tridimensional da poza onde acontece a trama da obra de teatro, seguindo os pasos indicados para a manipulación dos acuñados.
- É receptivo ás apreciacións dos demais.
- Percibe os esforzos alleos por lograr un bo resultado e comunícao aos demais.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Aproveita os seus propios pensamentos e sentimentos para mellorar a súa expresión xestual e corporal.
- Desenvolve a súa propia autoestima co xogo teatral.

Estratexias didácticas

- Motivar a percepción visual; ensinar a captar os elementos significativos dunha obra.
- Analizar posturas, miradas, atavío, lugares, paisaxes, hábitats...
- Emitir breves explicacións sobre a actividade formulada.
- Favorecer as eleccións reflexivas sobre os materiais e as posibilidades de cada elección.
- Dirixir a atención dos alumnos, en determinadas páxinas, cara aos consellos sobre a orde máis conveniente a seguir.
- Avaliar os resultados obtidos, destacar os logros e reflexionar sobre aqueles aspectos que sexan mellorables.
- Fomentar a observación e reflexión sobre os elementos característicos dun modelo. Animar a emisión de opinións particulares e impulsar a análise doutras posibilidades.
- Valorar e analizar os recursos relativos a expresión corporal, interpretación, decorado, etc., nas actividades de dramatización.

Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- Fichas de reforzo e de ampliación.
- Páxinas virtuais de arte e monumentos.
- Monumentos e esculturas próximos.

Procedementos e instrumentos de avaliación

- Seguimento do rexistro de avaliación continua.
- Intervencións orais: comentarios e preguntas, avaliación das obras de arte representadas e dos traballos propios e alleos.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Achega de información complementaria á aula.

Competencias básicas

COMPETENCIAS BÁSICAS 3º TRIMESTRE	DESEMPEÑOS
Competencia en comunicación lingüística.	Utiliza a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita. Expressa adecuadamente ideas e emocións. Comprende as instrucións das viñetas. Imaxina e crea un conto. Acepta e realiza críticas.
Competencia matemática.	
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.	Identifica a paisaxe de montaña e valora as actividades e deportes ao aire libre. Aprecia a beleza da natureza e a utilidade das árbores. Valora o coidado do medio ambiente e ten un consumo racional e responsable.
Tratamento da información e competencia dixital.	Accede a museos virtuais utilizando contidos multimedia.
Competencia social e cidadá.	Aproveita materiais de refugallo con fines estéticos. Aprecia escenas cotiáns como tema de tratamento artístico. Valora o respecto e a amizade.
Competencia cultural e artística.	Aprecia, comprende e valora criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas. Valora a harmonía de formas e cores. Identifica as posibilidades plásticas das texturas.
Competencia para aprender a aprender.	Aprende unha técnica e aplícaa con creatividade. Comprende as instrucións. Da importancia ao traballo, propio e alleo.
Autonomía e iniciativa persoal.	Valora a propia imaxinación e a dos compañeiros. É capaz de elaborar novas ideas, buscar solucións e lévaas a práctica.

24.1.6 Área de educación artística: educación musical.

UNIDADE 1: “ECO, ¿ONDE ESTÁS?

1º TRIMESTRE

Obxectivos

- Coñecer os parámetros do son (altura, intensidade, duración e timbre) e percibir a diferenza entre eles.
- Explorar as posibilidades do son (percusión corporal, voz, instrumentos e obxectos cotiáns) e do movemento como elementos de comunicación.
- Coñecer algunhas das posibilidades das novas tecnoloxías en que interveña o son, e empregalas para a elaboración de producións propias.
- Explorar as diferentes familias de instrumentos visual e auditivamente, para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.
- Desenvolver a capacidade de expresión e percepción de ideas, emocións, sentimentos e vivencias a través de obras musicais.

Contidos

Bloque 1: escoita.

- Asimilación da diferenza entre son, silencio e ruído.
- Exploración e análise das catro calidades ou parámetros do son.
- Identificación visual e auditiva dos distintos tipos de voces (masculinas, femininas e infantís) en audicións musicais.
- Identificación visual e auditiva das tres grandes familias instrumentais.
- Utilización de obxectos e instrumentos para explorar os parámetros do son (altura, intensidade, duración e timbre).
- Escoita, exploración e discriminación dos sons presentes no contorno natural, cultural e artístico.
- Identificación da variedade de sons, de músicas, de movementos do corpo e de

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

tecnoloxías que se poden empregar para a expresión musical.

- Expresión oral de emocións e sentimentos que esperta un determinado son.

Bloque 2: Interpretación e creación musical.

- Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, do corpo, dos obxectos de uso cotián e dos instrumentos musicais, e disfrute co seu uso nas diferentes producións.
- Utilización das grafías convencionais na lectura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.
- Improvisación de movementos como resposta a diferentes estímulos sonoros.
- Realización de xogos motores e movementos asociados a secuencias sonoras, tentando desenvolver a coordinación tanto individual como colectiva.
- Adquisición progresiva de responsabilidade para favorecer a dinámica de traballo cooperativo na aula.

Actividades

- Discriminación de sons con diferente intensidade.
- Identificación de sons longos e sons curtos no contorno máis inmediato do alumno/a.
- Recoñecemento auditivo de sons graves e sons agudos a través dos sons emitidos polos animais.
- Interpretación de sons con diferente intensidade, duración e altura con instrumentos de percusión.
- Utilización dos instrumentos de placas para interpretar sons longos (metalófono) ou sons curtos (xilófono).
- Utilización da escala pentatónica para a práctica de alturas.
- Audición de fenómenos naturais diversos para identificalos.
- Escoitas de diferentes grupos de instrumentos para traballar o timbre.
- Interpretación da canción popular “**Os poliños din pío, pío, pío**”.
- Interpretación coa fruta dalgunha **cantiga popular galega** para conmemorar a festividade do Magosto.

Criterios de avaliación

- Identifica e analiza os catro parámetros do son (altura, intensidade, duración e timbre).
- Asimila a diferenza entre son, silencio e ruído.
- Identifica visual e auditivamente os distintos tipos de voces (masculinas, femininas e infantís).
- Identifica visual e auditivamente as diferentes familias de instrumentos.
- Usa axeitadamente os termos da linguaxe musical aprendidos.
- Interpreta na frauta con corrección e seguridade as cancións aprendidas nesta unidade.

UNIDADE 2: “UN CORO DE ESTRELAS”

1º TRIMESTRE

Obxectivos

- Diferenciar claramente no pentagrama, as liñas dos espazos.
- Escribir correctamente a Clave de Sol.
- Colocar correctamente no pentagrama todas as notas da escala musical, en orde ascendente, descendente e aleatoria.
- Coñecer os parámetros do son e percibir a diferenza entre eles.
- Explorar as posibilidades do son (percusión corporal, voz, instrumentos e obxectos cotiáns) e do movemento como elementos de comunicación.

Contidos

Bloque 1: escoita.

- Identificación auditiva e visual das escalas ascendentes e descendentes.
- Asociación do son de cada nota musical á súa representación gráfica convencional.
- Recoñecemento dos parámetros do son nunha obra musical.
- Identificación da variedade de sons e de tecnoloxías que se poden empregar para a expresión musical.
- Expresión oral de emocións e sentimentos que esperta un determinado son.

Bloque 2: interpretación e creación musical.

- Distinción no pentagrama das liñas e os espazos.
- Escritura correcta da Clave de Sol.
- Utilización da correcta colocación das notas da escala musical no pentagrama, en orde ascendente, descendente e aleatoria.
- Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, do corpo e dos obxectos

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

do contorno.

- Utilización das grafías convencionais na lectura e na interpretación de cancións e pezas instrumentais sinxelas.
- Interpretación e memorización de cancións a unha voz, con e sen acompañamento rítmico.
- Adquisición progresiva de responsabilidade para favorecer a dinámica de traballo cooperativo na aula.
- Confianza e seguridade progresivas nas propias posibilidades de produción musical.
- Desenvolvemento progresivo de hábitos de coidado da voz, do corpo, dos instrumentos e dos materiais de traballo.

Actividades

- Actividades de colocación das notas musicais, primeiro seguindo unha orde (ascendente ou descendente) e finalmente de forma aleatoria.
- Adiviñas sobre notas musicais.
- Exercicios de identificación de sinxelos tramos melódicos.
- Entoación das notas dos acordes: “DO-MI-SOL” e “RE-FA-LA”.
- Interpretación coa frauta da canción popular “Debaixo dun botón” para traballar as escalas de notas musicais.
- Interpretación coa frauta dun **Canto de Reis** da nosa cultura popular .

Criterios de avaliación

- Diferencia perfectamente as liñas dos espazos no pentagrama.
- Escribe correctamente a Clave de Sol.
- Coloca correctamente no pentagrama todas as notas da escala musical, en orde ascendente, descendente e aleatoria.
- Coñece os parámetros do son e percibe a diferenza entre eles.
- Usa axeitadamente os termos da linguaxe musical aprendidos.
- Interpreta na frauta con corrección e seguridade as cancións aprendidas nesta unidade.

UNIDADE 3: “O LATEXO DA MÚSICA”

2º TRIMESTRE

Obxectivos

- Diferenciar claramente no pentagrama, as liñas dos espazos.
- Escribir correctamente a Clave de Sol.
- Colocar correctamente no pentagrama todas as notas da escala musical.
- Coñecer os parámetros do son e percibir a diferenza entre eles.
- Asociar as representacións gráficas convencionais das figuras musicais (redonda, branca, negra e corchea) e dos silencios (redonda, branca, negra e corchea), co son que producen, e viceversa.
- Identificar as partes dunha figura musical.
- Coñecer algunhas das posibilidades das novas tecnoloxías en que interveña o son, e empregalas para a elaboración de producións propias.
- Material convencional: conos, aros, picas, balóns e pelotas de diferentes tipos, cordas, ladrillos de psicomotricidade, indiakas, discos voadores, bancos suecos, colchonetas, etc.
- Material de papelería a modo de fichas de cumprimento individuais.

Competencias básicas

- Competencia e comunicación lingüística.
- Competencia Matemática.
- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.
- Competencia Social e Cidadá.
- Competencia de Aprender a aprender.
- Competencia e iniciativa persoal.

24.1.9 Área de relixión católica.

Especifícase a lenda que se utiliza nas unidades: concepto (C), procedemento (P) e valor (V).

UNIDADE 1: A BIBLIA.

1º TRIMESTRE

Obxectivos

- Recoñecer os diferentes camiños a través dos cales as persoas se poden encontrar con Deus.
- Coñecer a estrutura da *Biblia*, os libros que a forman e o contido do Antigo Testamento e do Novo Testamento.
- Localizar citas dos Evanxeos.
- Valorar a *Biblia* como libro sagrado dos cristiáns e adoptar actitudes de respecto no manexo e na conservación dos Evanxeos.

Contidos

- Camiños para encontrarse con Deus. C
- *A Biblia*, estrutura: Antigo Testamento e Novo Testamento. C
- Citas bíblicas. C
- Análise e comentario de textos. P
- Confección dun punto de libro. P
- Busca e localización de citas nos Evanxeos. P
- Valoración das persoas que buscan a Deus. V
- Respetto pola *Biblia* como libro sagrado. V

Actividades

- Ler unha narración e responder unha serie de preguntas sobre os sentimentos e os desexos do personaxe.
- Observar un labirinto para descubrir diferentes camiños que conducen ao encontro con Deus.
- Obter conclusións da narración.
- Pensar e escribir outros camiños que achegan as persoas a Deus.
- Observar unha imaxe e ler os títulos dos libros que compoñen o Antigo Testamento e o Novo Testamento para distinguilos. Memorizar comprensivamente os títulos máis significativos de cada parte da *Biblia*.
- Ler textos para distinguir o contido básico do Antigo Testamento e do Novo Testamento.
- Ler un fragmento da *Biblia* ao chou, identificar a que libro corresponde, reflexionar sobre o seu valor como medio de encontro con Deus e lerlo a un compañeiro para que identifique se corresponde ao Antigo Testamento ou ao Novo Testamento.
- Elaborar un punto de libro con cartolina.
- Ler e aprender a secuencia de accións que hai que levar a cabo para localizar unha cita nos Evanxeos.
- Localizar citas nos Evanxeos e relacionalas cunha palabra clave que faga referencia ao seu contido.

Criterios de avaliación

- Responder unha serie de cuestións breves sobre os libros da *Biblia* e a súa estrutura.
- Buscar unha cita nos Evanxeos e responder unha serie de cuestións acerca do seu contido.
- Completar o esquema da unidade.
- Enumerar diferentes camiños a través dos cales as persoas se poden encontrar con Deus.
- Tratar e manexar a *Biblia* e os Evanxeos con respecto.
- Localizar nunha sopa de letras os nomes de dez libros da *Biblia* e clasificalos

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

segundo pertencen ao Antigo Testamento ou ao Novo Testamento.

- Analizar frases sobre a *Biblia* e corrixir as que sexan falsas.
- Buscar nos Evanxeos unha cita e escribila.

Competencias básicas

Comunicación lingüística

- Comprender a linguaxe testemuñal.
- Aprender a estrutura da *Biblia*: libros, capítulos e versos.

Social e cívica

- Respetar a *Biblia* como libro sagrado para os cristiáns.

Aprender a aprender

- Utilizar esquemas conceptuais.
- Traballar en equipo para localizar citas bíblicas.

Autonomía e iniciativa persoal

- Aprender a abrirse ao sentido da transcendencia.

UNIDADE 2: ISRAEL, O POBO DA ALIANZA.

1º TRIMESTRE

Obxectivos

- Coñecer personaxes fundamentais da Historia da Salvación.
- Coñecer a historia de Moisés e a súa relación coa saída dos israelitas de Exipto.
- Coñecer e enumerar os Dez Mandamentos.
- Valorar a importancia dos Dez Mandamentos como un código de conduta válido para a sociedade de hoxe.
- Afacerse a cumprir e respectar os pactos subscritos con outros.

Contidos

- Personaxes da historia da Salvación: Moisés. C
- Os Dez Mandamentos. C
- Os pactos. C
- Comprensión de textos bíblicos. P
- Confección de mapas sobre a historia da Salvación. P
- Elaboración dun pacto entre compañeiros. P
- Interese por coñecer a historia do pobo de Israel. V
- Valoración dos Dez Mandamentos como un código de conduta moral válido para os nosos días. V
- Compromiso de respectar os pactos establecidos (*Educación moral e cívica*). V

Actividades

- Ler o relato da historia de Moisés e comentalo na clase.
- Buscar no dicionario a palabra *éxodo* e anotar o seu significado no caderno.
- Confeccionar un mapa que amose o percorrido dos israelitas desde Exipto ata a terra prometida; ilustralo con debuxos de Exipto, do mar Vermello, do deserto e da terra prometida; e escribir frases bíblicas que lle correspondan a cada debuxo.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Ler o relato da Alianza do Sinaí e relacionalo coa historia de Moisés que se leu no apartado anterior.
- Ler detidamente cada un dos Dez Mandamentos e dialogar sobre o que significan e ao que comprometen.
- Resolver un encrucillado con termos relacionados con Moisés e co éxodo.
- Copiar no caderno o significado da palabra *Moisés* e explicar por que a filla do faraón lle puxo ese nome.
- Completar un texto sobre a historia de Moisés e o éxodo.
- Relacionar actitudes persoais positivas con algún dos Dez Mandamentos.
- Ler e aprender a secuencia de accións que se propoñen para asinar un pacto de amizade entre compañeiros e compañeiras do curso.
- Reflexionar sobre a parte do pacto que lle atinxe a cada un, escribilo, asinalo e comprometerse a respectalo.

Criterios de avaliación

- Explicar oralmente a historia de Moisés.
- Discriminar frases relacionadas coa historia de Moisés e coa Alianza do Sinaí segundo sexan verdadeiras ou falsas e corrixir as que sexan falsas.
- Completar o esquema da unidade.
- Explicar oralmente a historia de Moisés.

Competencias básicas

Comunicación lingüística

- Comprender a linguaxe bíblica e simbólica.

Social e cívica

- Asumir os valores da educación moral e social que emanan da Lei de Deus.
- Construírse unha personalidade humana.
- Establecer pactos de compañeirismo.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Recoñecer elementos da natureza como o lume, que adquiren significado simbólico relixioso.

Aprender a aprender

- Debuxar mapas xeográficos.
- Completar esquemas conceptuais.

Autonomía e iniciativa persoal

- Aprender a manterse fiel aos pactos establecidos.

UNIDADE 3: A NOVA ALIANZA.

1º TRIMESTRE

Obxectivos

- Comprender o sentido e o alcance da Nova Alianza que Deus quixo establecer con toda a humanidade.
- Recoñecer a Deus como Pai e a Xesús como o Mesías prometido.
- Coñecer os símbolos dos tempos litúrxicos do Advento e do Nadal.
- Mostrar interese por coñecer e celebrar con ilusión os tempos litúrxicos.

Contidos

- Deus fala a través dos profetas. C
- Xoán Bautista. C
- Tempos litúrxicos: Advento e Nadal. C
- Xesús fala de Deus Pai. C
- A Nova Alianza. C
- O anuncio da Boa Nova. C
- Comprensión de textos bíblicos. P
- Elaboración de carteis informativos. P
- Interese por coñecer os tempos litúrxicos. V
- Interese por Xesús como Nova Alianza entre Deus e as persoas. V
- Desexo de anunciarlles aos demais a chegada de Xesús. V

Actividades

- Ler un texto descritivo para descubrir que os profetas anunciaron unha Nova Alianza despois de que o pobo rompese a primeira Alianza con Deus.
- Ler e comentar o relato de Xoán Bautista e responder unha serie de preguntas acerca

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

do seu contido.

- Ler un texto sobre como o tempo litúrxico do Advento axuda a preparar o camiño ao Señor e a recibir a mensaxe do Nadal.
- Escribir cinco accións ou actitudes que axuden a recibir a mensaxe do Nadal.
- Analizar titulares de prensa, elixir un e explicar se reflicte ou non a preparación do camiño que permite recibir a mensaxe de Deus.
- Observar un debuxo e ler un texto descritivo para comprender que a Nova Alianza de Deus é a través de Xesús.
- Buscar citas nos Evanxeos, relacionalas con frases incompletas e completalas empregando palabras clave.
- Buscar nunha sopa de letras as palabras clave para completar unha frase.
- Analizar unha serie de frases e subliñar as que presenten mellor a Nova Alianza.
- Elaborar en equipo un cartel a partir da cita Mt 5, 48.
- Ler e aprender a secuencia de accións que se propoñen para elaborar un cartel que anuncie a chegada de Xesús no Nadal.
- Confeccionar o cartel seguindo as pautas indicadas.

Criterios de avaliación

- Resolver un encrucillado sobre Xesús e a Nova Alianza.
- Comprobar as respostas consultando o libro e autoavaliar o resultado segundo un criterio dado.
- Completar o esquema da unidade.
- Explicar oralmente por que Deus tivo a necesidade de renovar a súa Alianza e a quen alcanzou esa Nova Alianza.
- Participar en accións solidarias durante o tempo do Advento.
- Completar frases sobre Xesús e a Nova Alianza coas palabras axeitadas.
- Ler unha cita dos Evanxeos, interpretala e responder unha serie de preguntas sobre ela.

Competencias básicas

Comunicación lingüística

- Comprender a linguaxe bíblica e simbólica.
- Achegarse á linguaxe litúrxica do Advento.

Social e cívica

- Construír unha personalidade humana baseada en valores de solidariedade.
- Formar un xuízo de valor cristián fronte a situacións que vive a sociedade actual.

Aprender a aprender

- Localizar citas dos Evanxeos.
- Traballar en equipo para elaborar un cartel sobre a vida dos cristiáns e a chegada do Mesías.
- Elaborar esquemas conceptuais.

UNIDADE 4: CERCA DE MARÍA.

1º TRIMESTRE

Obxectivos

- Descubrir a figura de María e a súa importancia no plan redentor de Deus sobre a humanidade.
- Valorar a figura de María e as súas virtudes cristiás.
- Coñecer diferentes advocacións da Virxe.
- Celebrar o Nadal utilizando diferentes recursos plásticos e tomando como modelo a figura de María.

Contidos

- Feitos da presenza de María na vida de Xesús e dos apóstolos. C
- María, modelo de crente. C
- Relatos dos Evanxeos: as vodas de Caná. C
- María, intercesora ante Xesús. C
- Advocacións da Virxe. C
- Sentimentos e actitudes de amor. C
- Presenza de María no Nadal. C
- A mensaxe do Nadal. C
- Comprensión de textos bíblicos. P
- Lectura de textos da Igrexa que falan sobre María. P
- Interpretación de panxoliñas. P
- Elaboración dun adorno de Nadal. P
- Admiración pola figura de María. V
- Valoración da intercesión de María fronte aos problemas das persoas. V
- Interese por celebrar o Nadal tomando como modelo a figura de María (Educación moral e cívica). V
- Interese por cumprir un plan de mellora persoal. V

Actividades

- Ler a historia de María, reflexionar sobre ela e anotar as virtudes de María que se poñen de manifesto no relato.
- Buscar o *Magnificat* no Evanxeo de Lucas e recitalo por parellas.
- Ler un texto dunha encíclica de Xoán Paulo II que fala de María e escribir frases que resuman o seu contido.
- Responder unha serie de preguntas de estilo radiofónico sobre María.
- Ler o relato das vodas de Caná e responder unha serie de cuestións para garantir a comprensión do texto.
- Buscar no dicionario o significado da palabra *interceder* e explicar como intercedeu María no episodio das vodas de Caná.
- Escenificar as vodas de Caná con mímica.
- Preparar unha obra de mímica para celebrar o Nadal.
- Ler algunhas advocacións e a súa explicación correspondente.
- Investigar o nome co que se venera a Virxe na propia localidade e completar unha ficha.
- Ler un texto que describe as características do tempo do Nadal.
- Completar un cadro con accións que se poden realizar no Nadal tomando a María como modelo.
- Cantar unha panxoliña.
- Elaborar un plan persoal que axude a vivir o Nadal e comentalo con diferentes persoas (pais, mestre/a, amigos...).
- Ler e aprender a secuencia de accións que se propoñen para elaborar un adorno de Nadal.
- Confeccionar o adorno seguindo as pautas indicadas.

Criterios de avaliación

- Relacionar preguntas coa súa resposta.
- Ordenar sílabas e construír unha frase.
- Completar o esquema da unidade.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Explicar oralmente de que forma María intercede por todas as persoas ante Deus.
- Realizar un debuxo da Virxe María e completar frases acerca dela.
- Buscar nunha sopa de letras doce advocacións da Virxe María e escribilas nunha listaxe.

Competencias básicas

Comunicación lingüística

- Comprender a linguaxe doutrinal.
- Comprender a linguaxe bíblica e simbólica.
- Achegarse á linguaxe simbólica do Nadal.

Social e cívica

- Construír unha personalidade humana baseada nos valores de servizo, xenerosidade e obediencia.
- Aprender a trazar plans para aprender a ser mellor persoa.

Aprender a aprender

- Localizar citas dos Evanxeos.
- Preparar e realizar en equipo unha representación teatral sobre as vodas de Caná.
- Elaborar esquemas conceptuais.

Cultural e artística

- Buscar información sobre mostras culturais do feito relixioso na localidade.
- Cantar panxoliñas.
- Elaborar un adorno de Nadal.

Autonomía e iniciativa persoal

- Formarse desde dentro.

Valoración das competencias básicas da unidade 1 á 4

Comunicación lingüística

- Responder preguntas de comprensión dun texto bíblico.
- Explicar oralmente o relato de Moisés e as Táboas da Lei.
- Sinalar o índice dunha *Biblia* de entre outros índices.

Social e cívica

- Escribir accións e actitudes baseadas no amor e explicar en que ocasións se demostran.
- Analizar un caso sobre o cumprimento dun pacto de amizade.
- Explicar con exemplos actuais o significado dos Mandamentos da Lei de Deus.

Cultural e artística

- Completar unhas frases da Avemaría.
- Explicar o contido dunha pintura sobre as vodas de Caná.
- Comentar o contido da letra dunha panxoliña.

Aprender a aprender

- Buscar unha cita bíblica e resumir o texto.

UNIDADE 5: CAMIÑAR XUNTO A XESÚS.

2º TRIMESTRE

Obxectivos

- Coñecer, a grandes liñas, o que fixo Xesús durante os tres anos de vida pública.
- Identificar os milagres de Xesús como signos da chegada do Reino de Deus.
- Recoñecer e valorar as actitudes das persoas que desexan seguir o camiño que sinala Xesús.
- Sentirse invitado a seguir a Xesús e tomalo como Mestre.
- Valorar as manifestacións artísticas relacionadas cos sentimentos relixiosos.

Contidos

- A vida pública de Xesús de Nazaré. C
- Relatos dos Evanxeos: a tempestade calmada. C
- Xesús obra milagres. C
- Tipos de milagres. C
- Xesús é o camiño. C
- O compromiso dos cristiáns por seguir a Xesús. C
- Obras musicais de carácter relixioso: *O Mesías* de Haendel. C
- Análise e interpretación de textos dos Evanxeos. P
- Interpretación de cantos. P
- Audición dunha peza clásica: o *Aleluia*. P
- Interese por coñecer a Xesús e a súa mensaxe. V
- Admiración pola linguaxe musical que expresa sentimentos relixiosos. V

Actividades

- Observar un mapa e ler un texto para comprender por que a Xesús se lle chama co sobrenome de *Nazareno*.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Ler un texto síntese e observar unha serie de imaxes para descubrir os trazos máis salientables da vida pública de Xesús a partir do seu bautizo no Xordán.
- Escribir catro frases que resuman o máis destacado da vida pública de Xesús.
- Ler o relato da tempestade calmada e responder unha serie de cuestións para garantir a comprensión do texto.
- Ler un texto explicativo para distinguir os milagres sobre a natureza e os milagres de curación física e espiritual que obra Xesús, e entender o sentido que teñen na súa obra de salvación.
- Buscar no dicionario a palabra *predicar* e aplicarlle á acción de Xesús.
- Escribir un acróstico partindo das letras da palabra *predicar*.
- Elixir un episodio da vida de Xesús, ler a cita, resumir o contido e xustificar a partir del as calidades de Xesús.
- Observar tres imaxes e ler os textos que as acompañan para descubrir as calidades de aqueles que toman o camiño de Xesús.
- Preguntarlle a un compañeiro/a de que e de quen é mestre Xesús. Lerlle as respostas en voz alta ao resto da clase.
- Cantar todos xuntos unha canción e escribir no encerado a mensaxe que contén.
- Aprender unha frase de conclusión do contido do apartado.
- Ler un texto para descubrir un exemplo de obra de arte musical inspirada no feito relixioso: O *Mesías* de Haendel.
- escoitar un fragmento do *Aleluia* de Haendel e completar unha ficha de audición. Expresar nun debuxo o que se sentiu ao escoitar a obra.

Criterios de avaliación

- Escribir as preguntas que corresponden a unha serie de respostas dadas.
- Completar o esquema da unidade.
- Explicar oralmente que sentido ten o feito de que Xesús fixese moitos milagres.
- Enumerar as calidades de aqueles que queren seguir o camiño de Xesús.
- Completar un encrucillado con palabras relacionadas coa vida de Xesús e co Reino de Deus.
- Elixir a resposta correcta que completa unha frase entre tres posibles e escribirla.

Competencias básicas

Comunicación lingüística

- Comprender a linguaxe bíblica e simbólica.

Cultural e artística

- Comentar a mensaxe dunha canción de contido cristián.
- escoitar unha peza musical de contido cristián e comentala.

Aprender a aprender

- Localizar citas bíblicas e resumir o seu contido.
- Completar fichas de audicións.
- Elaborar esquemas conceptuais.

Autonomía e iniciativa persoal

- Abrirse ao sentido da vida.

UNIDADE 6: O PERDÓN ACHÉGANOS

2º TRIMESTRE

Obxectivos

- Recoñecer os propios erros e estar disposto a corrixilos.
- Analizar comportamentos propios e alleos e distinguir entre actitudes positivas e actitudes negativas.
- Recoñecer e aceptar o perdón outorgado por Deus a través de Xesús Cristo.
- Acostumarse a pedir perdón no caso de equivocación e a perdoar.

Contidos

- As persoas cometemos erros. C
- Actitudes negativas no noso comportamento. Os pecados. C
- Relatos dos Evanxeos: Xesús e a pecadora. C
- Xesús anuncia o perdón dos pecados. C
- O perdón das ofensas. C
- Os dilemas morais. C
- Lectura de historietas para extraer valores cristiáns. P
- Comprender textos bíblicos. P
- Estudo dun caso. P
- Interese por incluír na súa escala de valores o perdón (Educación para a paz). V
- Análise e reflexión sobre as propias actitudes. V
- Valoración do perdón de Deus. V
- Disposición a perdoar e a pedir perdón cando se produciu unha ofensa a outra persoa (Educación pola paz). V
- Respecto polas conclusións dun debate. V

Actividades

- Ler unha historieta sobre unha nena que quería apuntar os fallos de todas as persoas que coñecía e que, finalmente, rectificou o seu erro.
- Reflexionar acerca dos comportamentos que aparecen na historia e responder unha serie de preguntas relacionadas con estes.
- Observar unha serie de imaxes que reflicten actitudes negativas e comparalas co comportamento propio.
- Cambiar actitudes erróneas por actitudes positivas e representalas diante do resto da clase.
- Ler o relato de Xesús e a pecadora para descubrir que Xesús perdoo sempre.
- Responder unha serie de preguntas acerca do contido do texto lido.
- Observar dúas viñetas e describir o que ocorre en cada unha delas.
- Escribir o fragmento do Nosopai que fala sobre o perdón e explicar que lle piden os cristiáns a Deus nesta oración.
- Describir as sensacións que se experimentan ou se experimentaron ao perdoar e ao pedir perdón.
- Buscar e ler a cita Mt 18, 21-22 e explicar que significa *perdoar setenta veces sete*.
- Ler a descrición dun caso no que se presenta un dilema moral e reflexionar acerca del.
- Levar a cabo un debate sobre o caso presentado seguindo un guión establecido.

Criterios de avaliación

- Ordenar frases para construír unha descrición do relato da pecadora perdoada.
- Completar un texto acerca do perdón.
- Construír frases a partir do esquema da unidade.
- Explicar por que Sandra cometera un erro.
- Explicar que fan os cristiáns ao decatarse de que cometen un pecado.
- Analizar frases sobre o perdón e corrixir as que sexan falsas.
- Buscar nos Evanxeos unha cita, escribirla e responder unha serie de preguntas acerca dela.

Competencias básicas

Comunicación lingüística

- Comprender a linguaxe bíblica

Social e cívica

- Discernir as actitudes positivas das negativas.
- Descubrir o amor de Deus a través do valor do perdón.

Aprender a aprender

- Buscar citas bíblicas e comentar o seu significado.
- Analizar casos para extraer o valor do recoñecemento dos erros persoais.
- Participar nun xuízo de dilema moral.
- Construír frases a partir de esquemas conceptuais.

Autonomía e iniciativa persoal

- Coñecerse un mesmo.
 - Entender a raíz do propio comportamento.

UNIDADE 7: O MANDAMENTO MÁIS GRANDE.

2º TRIMESTRE

Obxectivos

- Admirar e respectar a vida como regalo de Deus.
- Coidar da propia vida e da dos demais.
- Recoñecer a mensaxe de Xesús sobre o Mandamento do Amor como o máis importante.
- Valorar e respectar como os cristiáns aman os demais.
- Admirar unha pintura e recoñecer elementos significativos da súa lectura artística.

Contidos

- O mundo e a vida como regalo de Deus. C
- O Mandamento do Amor. C
- O amor polo próximo. C
- A misericordia de Deus. C
- O amor polos inimigos. C
- Pintura. C
- Discriminación de actitudes construtivas das destrutivas. P
- Lectura e comprensión de textos bíblicos sobre Xesús. P
- Acercamento da mensaxe de Xesús á propia vida. P
- Comparación da mensaxe de Xesús coa vida dos cristiáns. P
- Observación sistemática de obras de arte. P
- Identificación do tema principal en iconografía relixiosa. P
- Admiración pola natureza e gratitude pola vida. V
- Respecto pola natureza (Educación ambiental). V
- Interese por amar o próximo (Educación para a paz). V
- Admiración pola actitude dos cristiáns de non discriminar ninguén (Educación moral e

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

cívica). V

- Valoración das obras de arte. V

Actividades

- Observar fotografías sobre actitudes ante a vida.
- Ler un texto explicativo sobre o regalo da vida e como coidala.
- Sinalar nunha táboa accións que están a favor da vida e as que están en contra.
- Ler o texto bíblico de Xesús e o amor polo próximo.
- Comentar quen é o próximo.
- Completar unha frase sobre o Mandamento do Amor.
- Escribir en dúas listas o que lle gusta e o que non lle gusta para tomalas de referencia sobre como amar o próximo.
- Ler o texto bíblico de Xesús e o amor polos inimigos e o amor de Deus polos xustos e os pecadores.
- Ler a explicación sobre como os cristiáns viven o Mandamento do Amor e describir as imaxes que ilustran o traballo de voluntarios cristiáns.
- Escribir exemplos de como ama na casa, na escola, e no barrio ou na vila.
- Organizar unha ONG para axudar os demais.
- Observar a pintura de Salvador Dalí titulada *Cristo de San Xoán da Cruz*.
- Ler un comentario da obra.
- Completar unha ficha de observación sistemática de obras de arte.
- Explicar os sentimentos que lle inspira a devandita obra.

Criterios de avaliación

- Dicar cales das afirmacións dunha lista son verdadeiras e cales, falsas. Escribir tres exemplos de como os cristiáns viven o Mandamento do Amor.
- Completar o esquema da unidade.
- Explicar quen é o próximo e como se lle pode amar.
- Unir con frechas para construír frases sobre o Mandamento do Amor.
- Subliñar as frases que expresan como amar o próximo.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Escribir e decorar a palabra *amor*.

Competencias básicas

Comunicación lingüística

- Comprender a linguaxe bíblica.
- Comprender a linguaxe testemuñal e dos xestos.

Social e cívica

- Ilusionarse en proxectos de vida altruísta e desinteresada.
- Ter iniciativa persoal e autónoma polo ben e a verdade.
- Aprender a amar.
- Admirar o testemuño de vida entregada dos voluntarios e dos misioneiros.

Cultural e artística

- Describir pinturas de contido relixioso.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Valorar a vida como regalo de Deus.

Aprender a aprender

- Traballar en equipo.
- Completar fichas de observación sistemática de obras de arte.
- Completar esquemas conceptuais

Autonomía e iniciativa persoal

- Formarse desde dentro
 - Entender a raíz do propio comportamento.

UNIDADE 8: CERCA DE XESÚS RESUCITADO.

2º TRIMESTRE

Obxectivos

- Identificar tempos e festas relixiosas e o seu significado: a Coresma e a Pascua.
- Relacionar os días da Semana Santa co seu motivo relixioso.
- Coñecer os feitos da Paixón, Morte e Resurrección de Xesús.
- Descubrir e valorar a presenza de Cristo resucitado.
- Establecer un paralelismo entre a inxustiza e a discriminación que sufriu Xesús e a que sofren algunhas persoas na actualidade.
- Acercarse á simboloxía da Coresma e da Pascua.
- Valorar e admirar a actitude de servizo que os cristiáns teñen cara aos demais.
- Comparar dúas esculturas e recoñecer elementos artísticos destas obras.
- Participar en traballos de equipo.
- Desenvolver a capacidade de apertura á transcendencia.

Contidos

- A Coresma. C
- Semana Santa. C
- O Domingo de Ramos. C
- Paixón, Morte e Resurrección de Xesús. C
- A salvación de Deus a través do seu fillo Xesús. C
- As celebracións de Semana Santa. C
- Significado da resurrección de Xesús. C
- Lugares onde se fai presente Xesús. C
- A escultura. C
- Descrición de debuxos esquemáticos sobre o significado da Coresma. P
- Lectura e comprensión do texto bíblico da entrada de Xesús en Xerusalén. P

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Lectura comprensiva de textos evanxélicos sobre Xesús. P
- Análise de frases bíblicas para extraer a súa mensaxe. P
- Elaboración dun cartel informativo. P
- Observación sistemática de obras de arte. P
- Interese e respecto polas actitudes de servizo e de oración dos cristiáns. V
- Respeto e interese polas celebracións cristiás. V
- Compromiso por denunciar actitudes de desprezo e de burla cara a outras persoas (Educación para a paz). V
- Reflexión sobre feitos da propia vida que abren á transcendencia. V
- Participación responsable nos traballos de equipo. V
- Admiración pola arte relixiosa. V

Actividades

- Ler unha explicación sobre a Coresma.
- Relacionar as escenas do debuxo do camiño da Coresma coa explicación.
- Explicar como prepara unha festa, que actividades realiza e como se sente.
- Copiar o debuxo do camiño da Coresma e escribir frases sobre como viven os cristiáns a Coresma.
- Observar unha foto do Domingo de Ramos e ler unha explicación sobre o inicio da Semana Santa.
- Ler o texto bíblico da entrada de Xesús en Xerusalén.
- Ler un texto sobre a Paixón, Morte e Resurrección de Xesús.
- Observar a fotografía dun paso de Semana Santa e ler unha explicación sobre as celebracións dos días santos.
- Subliñar as palabras que expresan que Xesús deu a súa vida polos demais.
- Completar frases sobre as celebracións de Semana Santa.
- Explicar qué lle diría a un compañeiro/a que se burla doutro ou que o despreza.
- Sinalar nunha imaxe os elementos da Pascua.
- Observar unha viñeta na que un neno sente a presenza da súa avoa e ler unha explicación sobre onde se fai presente Cristo resucitado.
- Explicar se algunha vez sentiu cerca a unha persoa que está lonxe.
- Escribir exemplos de accións de amor e de bondade.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Confeccionar un cartel sobre a presenza de Xesús na sociedade.
- Ler unha explicación sobre os símbolos pascuais da auga e do lume, e elaborar un ovo de Pascua.
- Observar e comparar dúas esculturas sobre a Virxe María, unha do Románico e outra do Renacemento.
- Cubrir a ficha de observación de cada unha.

Crterios de avaliación

- Relacionar cada pregunta coa resposta correspondente.
- Completar o esquema da unidade.
- Explicar que celebran os cristiáns en cada un dos días da Semana Santa.
- Completar frases sobre a Coresma e a Semana Santa.
- Debuxar dous símbolos da Pascua e explicar o seu significado.

Competencias básicas

Comunicación lingüística

- Comprender a linguaxe litúrxica e dos símbolos.
- Comprender a linguaxe bíblica.

Social e cívica

- Mostrar empatía coas situacións de inxustiza ou coa discriminación social actual.
- Mellorar as relacións persoais.

Cultural e artística

- Comparar esculturas e completar fichas de observación sistemática de obras de arte.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Identificar elementos da natureza que adquiren carácter simbólico relixioso.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

Aprender a aprender

- Traballar en equipo.
- Resumir e sintetizar información.
- Elaborar esquemas conceptuais.

Autonomía e iniciativa persoal

- Abrirse ao significado último e global da existencia.

Valoración das competencias básicas da unidade 6 á 8

Comunicación lingüística

- Contestar preguntas de comprensión dun texto bíblico.
- Explicar oralmente o relato da tempestade calmada.

Social e cívica

- Explicar con exemplos actuais como os voluntarios e os misioneiros cristiáns viven o mandamento do Amor.

Cultural e artística

- Explicar o contido da pintura da páx. 49 do Libro do alumno.

Aprender a aprender

- Buscar unha cita bíblica dos Evanxeos e completar un resumo.

Autonomía e iniciativa persoal

- Analizar un caso sobre o perdón e emitir un xuízo fundamentado nos valores que manan do Evanxeo.

UNIDADE 9: A IGREXA.

3º TRIMESTRE

Obxectivos

- Coñecer a misión dos apóstolos.
- Identificar o Espírito Santo como forza que mantén unidos os cristiáns.
- Saber explicar por que á Igrexa se lle chama *novo pobo de Deus*.
- Ser capaz de xustificar por que dicimos que a Igrexa é o Corpo de Cristo.
- Coñecer a vida dunha parroquia.

Contidos

- A misión dos apóstolos. C
- A orixe da Igrexa, a vinda do Espírito Santo. C
- Importancia do Espírito na continuidade da Igrexa. C
- O Espírito Santo, forza que une os seguidores de Xesús. C
- A Igrexa, novo pobo de Deus. C
- A Igrexa, Corpo de Cristo. C
- Características do interior e do exterior dunha igrexa parroquial. C
- Actividades e celebracións que se levan a cabo nunha parroquia. C
- Discriminación de accións que achegan a Xesús ou nos separan del. P
- Comparación da estrutura e o funcionamento da Igrexa coa estrutura e o funcionamento do corpo humano. P
- Preparación e realización dunha entrevista a un párroco. P
- Visita a unha igrexa parroquial e recompilación de información sobre as súas actividades e celebracións. P
- Debuxo e localización dos elementos distintivos do exterior e do interior do edificio dunha igrexa parroquial. P
- Importancia da unidade como valor necesario para que un grupo perdure (Educación cívica e Educación para a paz). V

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Respecto por cada un dos membros da Igrexa e de calquera grupo. V
- Riqueza que lle achegan a un grupo as diferentes características persoais (Educación para a igualdade entre os sexos). V
- Valoración das tarefas que se levan a cabo nunha parroquia para coidar a comunidade cristiá e facela crecer. V

Actividades

- Ler un texto bíblico sobre a vinda do Espírito Santo sobre os apóstolos.
- Ler a explicación sobre como se orixinou a Igrexa despois da Pentecoste.
- Comentar un texto bíblico sobre a unidade dos primeiros cristiáns.
- Descubrir unha frase e contestar dúas preguntas sobre a misión dos apóstolos.
- Pensar e clasificar accións segundo axudan a ser amigo de Xesús ou afastan de ser o seu amigo.
- Recoñecer as frases verdadeiras sobre o inicio da Igrexa e converter as falsas en verdadeiras.
- Ler a explicación sobre a orixe da denominación da Igrexa como *novo pobo de Deus*.
- Ler o significado da palabra *Igrexa*.
- Ler que é unha comparación e buscar diferentes exemplos.
- Ler a explicación e o texto bíblico sobre a comparación que san Paulo usa para explicar que é a Igrexa, o *Corpo Místico de Cristo*.
- Observar unha táboa que compara con exemplos a estrutura e o funcionamento da Igrexa coa estrutura e o funcionamento do corpo humano.
- Aplicarlles a comparación da Igrexa co corpo humano a outros grupos que os alumnos coñezan.
- Completar unha frase sobre a Igrexa con palabras dadas.
- Inventar unha nova comparación para explicar que é a Igrexa e debuxala.
- Preparar e organizar unha visita a unha parroquia para coñecer as características principais do edificio, como é a vida diaria dun párroco e que actividades e celebracións se levan a cabo.
- Elaborar murais que resuman a información recolleita, presentarllos á clase e colgalos para decorar.

Criterios de avaliación

- Resolver un acróstico con palabras aprendidas na unidade.
- Completar o esquema da unidade.
- Expresar os diferentes sentimentos dos apóstolos antes e despois da Pentecoste.
- Explicar con exemplos por que san Paulo compara a Igrexa co corpo humano.
- Explicar en tres frases a importancia e o cambio que experimentaron os apóstolos na Pentecoste.
- Completar frases sobre a Igrexa como novo pobo de Deus e Corpo de Cristo.
- Nomear tres elementos do interior da igrexa.

Competencias básicas

Comunicación lingüística

- Comprender a linguaxe bíblica.
- Acercarse á linguaxe doutrinal e dos símiles.

Social e cívica

- Desenvolver o valor de cooperación e compromiso.

Aprender a aprender

- Traballar en equipo para levar a cabo un proxecto de investigación.
- Sintetizar información.
- Completar esquemas conceptuais.

Autonomía e iniciativa persoal

- Reflexionar acerca da propia actitude.
 - Coñecerse un mesmo.
 - Construír un xuízo moral baseado en principios evanxélicos.

UNIDADE 10: OS SACRAMENTOS.

3º TRIMESTRE

Obxectivos

- Identificar os sacramentos como signos da salvación de Deus.
- Saber os nomes dos sete sacramentos e como se agrupan.
- Coñecer as celebracións dos sacramentos do Bautismo, a Confirmación, a Eucaristía, a Reconciliación e a Unción.
- Explicar a nova vida que xorde no Bautismo e se alimenta na Eucaristía.

Contidos

- Os sacramentos, signos da salvación de Deus. C
- O sacramento do Bautismo. Palabras e xestos na celebración do Bautismo. Significado do Bautismo. C
- O sacramento da Confirmación. Elementos rituais. Palabras e xestos na celebración da Confirmación. Significado da Confirmación. C
- O sacramento da Eucaristía. Alicerce bíblico. Elementos rituais. Significado da Eucaristía. A Eucaristía, alimento para a vida no Espírito. C
- O sacramento da Reconciliación e da Unción. Elementos rituais. Palabras e xestos da Reconciliación e da Unción. Significado para a vida dos cristiáns e das cristiás. C
- Observación indirecta da celebración dos sacramentos. P
- Descrición da celebración. P
- Interese por descubrir a linguaxe simbólica. V
- Respecto pola celebración dos sacramentos. V
- Sensibilidade cara á Igrexa e cara as súas manifestacións culturais e litúrxicas. V
- Actitude de respecto polas persoas que participan nas celebracións litúrxicas (Educación moral). V
- Interese por descubrir a linguaxe simbólica. V
- Aprecio polos valores que xorden da Eucaristía. V

Actividades

- Ler a definición dos signos.
- Ler e comentar o sentido dos sacramentos, que signos interveñen neles e como se agrupan en sacramentos de iniciación, de curación e de servizo.
- Observar as imaxes dos diferentes sacramentos e relacionalas correctamente con cada un deles.
- Observar atentamente a escena debuxada dun bautizo e comentala entre todos.
- Comentar e ler a información sobre o sacramento do Bautismo.
- Debuxar signos coñecidos no encerado e adiviñar o seu significado.
- Explicar o significado dos signos máis importantes no sacramento do Bautismo.
- Ler e comentar o testemuño dun rapaz confirmado.
- Comentar e ler a información sobre o sacramento da Confirmación.
- Recoñecer frases verdadeiras sobre o sacramento da Confirmación e transformar as frases falsas en verdadeiras.
- Contestar as preguntas acerca do testemuño dun rapaz confirmado.
- Explicar o que aprenderon sobre este sacramento.
- Comentar e ler a información sobre o sacramento da Eucaristía.
- Ler e comentar entre todos a frase que resume o apartado.
- Relacionar cada sacramento de iniciación co seu significado.
- Completar unha táboa sobre os sacramentos de iniciación.
- Debuxar un signo usado nos sacramentos e dar pistas para que o adiviñen.
- Observar unha pintura e cubrir unha ficha sobre ela.
- Comentar e ler a información sobre o sacramento da Eucaristía.
- Explicar a actuación do Espírito Santo nos sacramentos da Confirmación e da Unción dos Enfermos.

Criterios de avaliación

- Identificar expresións referidas aos diferentes sacramentos traballados.
- Relacionar uns signos co sacramento correspondente.
- Completar o esquema da unidade.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Explicar en que consiste algún dos sacramentos de iniciación.
- Nomear os cinco sacramentos traballados na unidade e enumerar os signos que interveñen neles.
- Relacionar cinco frases co sacramento ao que aluden e relacionar cada sacramento co grupo ao que pertence.
- Ordenar correctamente tres frases que resumen o sentido dos tres sacramentos de iniciación.

Competencias básicas

Comunicación lingüística

- Comprender a linguaxe litúrxica e dos símbolos.
- Comprender a linguaxe testemuñal.
- Ampliar o vocabulario e usalo correctamente.

Social e cívica

- Aprender a mostrar afecto nas relacións persoais.

Cultural e artística

- Completar fichas de observación sistemática de obras de arte de contido relixioso.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Identificar elementos da natureza que adquiren carácter simbólico na liturxia cristiá.

Aprender a aprender

- Sintetizar e organizar información.
 - Completar esquemas conceptuais.

UNIDADE 11: A ESPERANZA.

3º TRIMESTRE

Obxectivos

- Valorar a amizade dos cristiáns con Xesús e o seu desexo de que sexa para sempre.
- Desenvolver a capacidade de apertura á transcendencia.
- Recoñecer e valorar a esperanza cristiá.
- Comprender textos evanxélicos que fan referencia á vida eterna.
- Recoñecer persoas que serven de modelo no crecemento persoal e valoralas por iso.
- Aprender a preparar unha exposición oral sobre un tema de contido relixioso.

Contidos

- A amizade. C
- A esperanza cristiá. C
- Homes e mulleres modelos para os cristiáns. C
- Comprensión do texto evanxélico dos convidados ao banquete. P
- Descrición de situacións relacionadas con vivir con esperanza. P
- Obtención de información sobre a vida de personaxes exemplares pola súas boas accións.
- Estima e respecto pola esperanza cristiá. V
- Admiración e respecto polo compromiso dos cristiáns. V
- Interese por coñecer a vida dos santos e mais das santas. V
- Interese por participar na construción dun mundo mellor baseado no amor (Educación para a paz). V

Actividades de aprendizaxe

- Ler a parábola dos convidados ao banquete e a súa explicación.
- Resumir a parábola en catro frases e debuxar unha escena.
- Inventar unha poesía que exprese os sentimentos dun invitado ao banquete.
- Observar escenas onde os protagonistas viven con esperanza e explicalo.
- Ler unha explicación sobre os santos e outros cristiáns comprometidos coa sociedade e que traballan por un mundo novo.
- Buscar nunha sopa de letras palabras relacionadas cun mundo baseado no amor.
- Elixir un personaxe dunha lista e pescudar sobre a súa vida.

Criterios de avaliación

- Preparar e levar a cabo unha exposición oral sobre un contido da unidade.
- Reflexionar sobre o seu traballo e puntualo.
- Nomear calidades dos cristiáns comprometidos.
- Ordenar frases sobre a parábola dos convidados ao banquete.
- Explicar por escrito como os cristiáns constrúen un mundo novo baseado no amor e debuxar un exemplo.

Competencias básicas

Comunicación lingüística

- Comprender a linguaxe simbólica das parábolas.
- Comprender a linguaxe testemuñal.

Social e cívica

- Construír unha personalidade humana.
- Admirar e valorar o testemuño de homes e de mulleres con unha vida exemplar.
- Preparar e desenvolver proxectos de investigación e exposicións orais.

Autonomía e iniciativa persoal

- Formarse desde dentro.
- Ter referencia dunha visión do home.
- Reflexionar sobre as propias actitudes e sobre o propio comportamento.

UNIDADE 12: SEN FRONTEIRAS.

3º TRIMESTRE

Obxectivos

- Valorar a non-discriminación por razón de sexo, relixión ou o país de orixe e aplicarllo á vida cotiá.
- Analizar situacións cotiás e sacar conclusións.
- Coñecer os trazos máis significativos das relixións monoteístas.
- Recordar os principais contidos traballados durante o curso.
- Vivir con ilusión o fin de curso e levar á casa un recordo da mensaxe aprendida.

Contidos

- A igualdade. C
- A riqueza na convivencia entre culturas. C
- Relixións monoteístas: o xudaísmo, o cristianismo e o islam. C
- Templos, festas, libros sagrados, credos e normas das principais relixións monoteístas. C
- A mensaxe de amor do cristianismo. C
- Lectura de bandas deseñadas para extraer valores cristiáns. P
- Análise de situacións que implican actos discriminatorios. P
- Análise comparativo dos elementos máis significativos do xudaísmo, do cristianismo e do islam. P
- Elaboración dun mural cos contidos aprendidos no curso. P
- Desenvolvemento de habilidades memorísticas. P
- Elaboración dun traballo manual sobre a paz seguindo unhas pautas de traballo. P
- Interese por aplicar na súa escala de valores a non-discriminación por razón de sexo ou do país de orixe (Educación pola igualdade de oportunidades de ambos os sexos). V
- Interese por coñecer aspectos culturais dos países de orixe dos seus compañeiros. V

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) DAS ÁREAS

- Respecto polas persoas de culturas ou etnias diferentes (Educación para a paz). V
- Interese por coñecer e respectar relixións distintas á propia. V
- Tolerancia e respecto na convivencia entre relixións. V
- Participación responsable nos traballos de equipo. V
- Ilusión e gratitude polo aprendido durante o curso. V

Actividades

- Ler unha banda deseñada sobre un neno que discrimina os seus compañeiros por razóns de sexo e polo país de orixe, pero que se decata do seu erro e cambia de actitude.
- Observar unha fotografía de persoas de diferentes razas e ler unha explicación sobre as diferenzas físicas e a igualdade entre persoas.
- Contestar preguntas de comprensión da banda deseñada lido.
- Explicar exemplos de discriminación e buscar solucións a esta mala actitude.
- Anotar nun planisferio o país de orixe das familias dos seus compañeiros e aprender un xogo típico de cada país.
- Observar as fotografías de tres templos das relixións monoteístas.
- Ler unha explicación sobre os elementos característicos do xudaísmo, do cristianismo e mais do islam.
- Completar unha táboa comparativa coa información das relixións monoteístas.
- Anotar actitudes necesarias para a convivencia pacífica entre relixións.
- Preguntarlle a alguén dunha relixión distinta á propia como vive a súa fe.
- Ler unha reflexión sobre como o máis importante que aprendeu na clase de Relixión é seguir a Xesús e amar como El ensinou.

Criterios de avaliación

- Anotar frases aprendidas durante o curso e colgalas nun mural. Por quendas, elixir unha e explicar o que recorda daquel contido.
- Sinalar nunha táboa as características das relixións monoteístas.
- Escribir os trazos que definen o cristianismo.

Competencias básicas

Comunicación lingüística

- Comprender a linguaxe da banda deseñada.
- Comprender a linguaxe doutrinal.
- Enriquecer o vocabulario relacionado coas relixións.

Social e cívica

- Desenvolver o exercicio de solidariedade e a denuncia das inxustizas.
- Recoñecer a raíz do comportamento.
- Desenvolver o valor ds fraternidade universal.

Aprender a aprender

- Sintetizar e organizar a información.
- Traballar en equipo.

Autonomía e iniciativa persoal

- Construír un xuízo moral baseado en valores e actitudes evanxélicos.

Valoración das competencias básicas da unidade 9 á 12

Comunicación lingüística

- Relacionar vocabulario co seu significado.
- Explicar oralmente o rito dos sacramentos de iniciación.

Social e cívica

- Analizar un caso e emitir un xuízo baseado en actitudes e valores evanxélicos.

Aprender a aprender

- Buscar unha cita bíblica e contestar preguntas sobre o seu contido.